

A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA EN GALICIA

**INFORME EXTRAORDINARIO
DO VALEDOR DO POBO**

Novembro 1996

PRESENTACIÓN

Excmo. Sr. Presidente, Señorías:

No informe ordinario referente ó ano 1994 (epígrafe 1.8) anunciabamos ó Parlamento que estabamos elaborando un informe extraordinario sobre a problemática dos ruídos en Galicia, así como a nosa intención de presentalo tan pronto nos fose posible.

O texto que hoxe presentamos ás súas señorías quere dar cumprimento a aquel propósito.

A contaminación acústica constitúe un problema cada vez máis importante na nosa civilización. A nosa sociedade vai sendo crecentemente consciente de que os ruídos son unha fonte de problemas que atentan, tanto contra o dereito dos cidadáns a disfrutar dun medio ambiente aceptablemente sá coma en canto agresión ó dereito individual á saúde.

Unha sinxela intuición dínos que Galicia non está polo de agora entre as comunidades autónomas máis gravemente afectadas polos problemas da contaminación acústica. O noso nivel de industrialización aínda modesto, a intensidade do noso tráfico (rodado, aéreo,...), as limitacións que aínda ten entre nós a chamada civilización do ocio (cuns veráns relativamente curtos e unha afluencia de turistas non masiva). Todo nos inclina a crer que en canto á problemática de ruídos a nosa Comunidade debe estar entre as de nivel mediano.

Pero todo nos indica tamén que o problema está crecendo, e que as persoas negativamente afectadas na súa calidade de vida polo problema dos ruídos toman cada vez maior conciencia de que estes atentan contra algúns dos seus dereitos constitucionais. Entre as queixas que o Valedor do Pobo recibe en relación con esta problemática, abundan sobre todo as que se

refiren a pequenas industrias instaladas en áreas densamente habitadas e as que teñen relación con discotecas, pubs, salas de festas, cafeterías e demais locais dedicados ó recreo e ó entretenemento.

Os colectivos especialmente afectados por estas diversas formas de contaminación acústica son, sobre todo, os veciños destes establecementos. Principalmente aqueles que están enfermos, son anciáns ou teñen que levantarse cedo para ir ó traballo sen poder descansar o imprescindible debido á excesiva emisión de ruídos.

As dificultades coas que as administracións públicas se atopan para combater eficazmente os efectos negativos do ruído ambiental son, fundamentalmente, de tres tipos. Dunha parte, a normativa legal é en varios aspectos desfasada e insuficiente. Doutra, os organismos que teñen competencias neste campo con frecuencia non contan cos medios personais e técnicos que lles permitan actuar con eficacia. Finalmente, as autoridades atópanse moitas veces atrapadas entre presións e demandas contrapostas que non acertan a compaxinar. Presións dos propietarios de industrias e lugares de recreo, que se supón pagan impostos, xeneran riqueza e crean postos de traballo. Presións dos xovens, que invocan o seu dereito a divertirse e en algo teñen que inverti-lo tempo libre. E presións das organizacións veciñais, que reclaman o seu dereito á tranquilidade e ó descanso.

A Lei do Valedor do Pobo encomenda a esta institución a defensa dos dereitos constitucionais dos cidadáns, e a supervisión das actuacións da Administración Pública en relación con estes dereitos. Defensa e supervisión que pode efectuar tanto a instacia de parte como de oficio ou por propia iniciativa.

A elaboración do presente informe extraordinario foi emprendida de oficio, aínda que respondendo a unha problemática que se foi descubrindo sobre todo a través das queixas recibidas.

O informe está estruturado a través de catro partes diversas. Na primeira expónse a problemática dos ruídos en xeral, así como o tipo de queixas máis frecuentemente recibidas sobre eles. Detémonos aquí sobre todo no tema dos ruídos producidos nos locais de ocio e diversión, así como os xenerados por pequenas industrias instaladas no medio de zonas habitadas. Na segunda parte abóndase os ruídos desde unha perspectiva xurídico-legal, e as posibilidades de actuación administrativa para protexer os cidadáns contra os seus efectos máis negativos. A terceira está constituída por un capítulo especialmente dedicado ós ruídos producidos polos transportes e as medidas de protección dos cidadáns fronte a estes. Neste capítulo, tivemos en conta sobre todo a normativa e experiencias de outros países que, ó desenvólvense antes ca nós, precedéronos tamén en abordar este problema; aínda que intentamos ver sobre todo a medida en que esas experiencias poden ser válidas para o noso país. E na parte cuarta, fórmulanse toda unha serie de conclusións, así como recomendacións, suxerencias e propostas normativas dirixidas á Administración Pública nos seus diversos niveis.

Só desexaríamos ó presentar este informe que poida ser dalgunha maneira útil, contribuindo a que a nosa sociedade e os poderes públicos tomen conciencia máis cabal dos problemas que a contaminación acústica presenta á auténtica calidade de vida dos nosos cidadáns e, así, axudar a melloralas.

José Cora Rodríguez

Valedor do Pobo

**I.- APROXIMACIÓN Ó PROBLEMA DOS RUIDOS
DESDE A INVESTIGACIÓN ACTUAL
E A REALIDADE SOCIAL**

1.1. OS RUÍDOS, TEMA RECORRENTE ENTRE AS QUEIXAS QUE OS CIDADÁNS NOS DIRIXEN.

O tema dos ruídos é motivo crecente de queixas, entre as que os cidadáns presentan ó Valedor do Pobo. Polos contactos que mentemos cos demais comisionados parlamentarios e o repaso ós informes oficiais por eles elaborados, vemos que é tema de crecente preocupación en toda España. De aí que os problemas relacionados coa contaminación acústica estiveran no centro da nosa reflexión conxunta nas IX Jornadas de Defensores del Pueblo celebradas en Alicante no outono de 1994.

Os centros emisores de ruídos, e consiguientemente fontes de contaminación acústica, poden ser diversos: industrias, obras públicas, tráfico rodado, proximidade de aeroportos, salas de festas e demais centros de recreo...

Entre ás queixas que chegan ó Valedor do Pobo relacionadas con ruídos, ás máis frecuentes refírense ós procedentes de bares, pubs, discotecas, salas de festas e en xeral centros de recreo. Outras, en número menor, reclaman contra a presenza de talleres, hipermercados, garaxes, imprentas, panaderías e outras pequenas industrias nos baixos de edificios habitados.

Se tivésemos que seleccionar unha queixa tipo, veríamos que se refire a un bar, pub ou sala de festas; instalado no soto ou baixo dun edificio de vivendas, ou o lado doutros edificios igualmente habitados. Centro de recreo que funciona con licencia ou sen ela; ou que aínda concedéndoselle licencia, logo estendeu as súas actividades a outros campos para os que non a solicitara. O local non reúne as condicións necesarias de insonorización e demais. Funcionando tódolos días ou só as fins de semana; só na época de vacacións ou durante o ano enteiro. Que, sobre todo as fins de semana, soe sobrepasar amplamente o número de xente que sería

razonable para as dimensións do local. Que non respecta en absoluto os horarios establecidos para o peche. Que, aínda que non teña servizo de terraza propiamente dita, facilita o despacho de bebidas para consumilas na rúa. Que os ruídos provocados, xa con frecuencia moi difícilmente soportables mentras os clientes permanecen dentro, aumentan ata niveis totalmente insofribles cando éstos van saíndo entre griteríos, rotura de cascós, arranques de coches e de motos ...

Soen ser queixas que antes foron repetidamente denunciadas ante as autoridades competentes, sen que se lles puxese remedio. Ou se remedian por un curto espacio de tempo, pero pasado éste os abusos volvéronse a repetir. Por todo isto, os reclamantes acusan unha frecuente sensación de impotencia en canto á defensa dos seus dereitos á saúde e ó descanso. Non poucas, mencionan que algún familiar xa enfermou dos nervios; sobre todo se é maior ou ten que madrugar habitualmente polas súas obrigas de traballo.

Algunhas destas queixas referintes a ruídos en lugares de recreo, sen referirse a local concreto, diríxense contra a excesiva proliferación e concentración de bares, cafeterías, pubs, disco-pubs, tablaos-flamencos, cafés cantantes e outros establecementos semellantes en determinadas zonas dalgunhas cidades ou lugares de vacacións. Estas áreas, que ás veces son popularmente coñecidas como "zonas de bares", "rúas dos viños", lugares "da movida" e outras denominacións similares.

Cando se dá esta proliferación e excesiva concentración de locais públicos emisores de fortes ruídos, a contaminación acústica multiplícase. Estas áreas poboacionais vanse convertendo en lugares insoportables para o que normalmente se considera o primeiro e imprescindible "uso" do espacio urbano: a vivenda e o descanso. Con frecuencia, aqueles dos seus habitantes que por idade e poder adquisitivo teñen maior capacidade de desprazamento, trasládanse a vivir a outras zonas máis tranquilas: barrios máis luxosos e con maior densidade de espazos verdes, chalets nas afóras das cidades,... Entón, nesas zonas máis ruidosas van quedando só familias de rendas

modestas, pensionistas humildes, ancianos solitarios. Non falta quen se pon enfermo dos nervios debido sobre todo ó exceso de ruídos e ó consiguiente insomnio.

Esta agresión ó dereito ó descanso e á saúde vívese cunha sensación de maior insoportabilidade cando a concentración de locais emisores de ruídos se produce en áreas habitadas de forma permanente, coma os cascos vellos das cidades. Polo contrario, obteñen un prazo maior de tolerancia cando se sabe que manteñen un carácter cíclico e de períodos non demasiado prolongados, como son en Galicia as temporadas estiváis. O saber que a afluencia de veraneantes trae cartos á zona axuda a consideralos, por parte de habitantes e autoridades, como a "outra cara" do desenvolvemento. Neste clima social, non soen ser tantos os que se queixan aunque teñan razón para iso.

Outro aspecto da problemática que reviste a contaminación acústica soe poñérsenos de manifesto a medida que avanza a tramitación das queixas pólo Valedor do Pobo, en orde a conseguir remedios eficaces por parte da Administración. É entón cando nos imos atopando cunha normativa legal insuficiente ou desfasada sobre o tema dos ruídos; unhas competencias entre diferentes Administracións, non sempre eficazmente coordinadas; uns tribunais demasiado lentos en dictar sentencias e executalas; uns concellos moitas veces sen os medios persoais e técnicos necesarios, ou que aínda non elaboraron ordenanzas sobre ruídos; unha multitude de presións por parte de intereses económicos, fiscais e aínda laborais para esixir "flexibilidade" ou vista gorda administrativa...

1.1.1. Pero tema aínda non suficientemente investigado

Pero con ser este un tema crecentemente plantexado non é aínda sen embargo un tema que estea suficientemente investigado. Alo menos non investigado nos seus diversos aspectos.

Moitas cidades e pobacións con importantes problemas de ruídos non elaboraron aínda os seus respectivos mapas acústicos. Faltan estudos suficientes sobre impacto do ruído na subxectividade individual. Pero tamén faltan estudos de conxunto, que analicen as diversas perspectivas sociais do ruído: a perspectiva dos veciños ós que os ruídos lles perturban no seu dereito ó descanso e a saúde; a perspectiva dos grupos sociais, sobre todo mozos, que exercitan o seu dereito á diversión e ó ocio; a perspectiva dos empresarios que, ó abrir lugares de ocio crean tamén postos de traballo, producen riqueza e pagan impostos.

Esta falta de investigación suficiente e a fondo é, sen dúbida, a causa de que o problema dos ruídos non obtivese aínda a atención que merece por parte de políticos e xuristas.

1.1.2. Qué entendemos aquí por ruído ambiental

Convén ante todo precisar que entendemos aquí por ruído ambiental. E imos intentar facelo utilizando o estudo que, sobre este tema publicaron un equipo de profesores e investigadores da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela ("Ruido ambiental y salud", por Francisco José Peña Castiñeira e outros. Edictorial Ciencia 3, S.A., Madrid, 1991).

Neste estudio asóciase o concepto de ruído co de son, pero diferenciándoo netamente. A diferenciación vén a consistir sobre todo no carácter de imposición, agresividade ou desagrado co que é percibido o ruído, a diferenza do simple son. Así, citando fontes diversas, o ruído defínese como “son non desexado”, “son desprovisto de calidade musical”, “son desagradable para o que o percibe”, “unha superposición anárquica de ondas sonoras”, etc. En xeral, na formación dos ruídos pódese dicir que interveñen dous elementos: un xerador obxectivo de sons e unha percepción subxectiva como molesta ou desagradable. De aí que, xenéricamente, se lle

poida definir como “enerxía acústica audible que afecta de maneira adversa o benestar fisiolóxico ou psicolóxico das persoas” (vid páxinas 17-18 do citado estudio).

O que o son se converta en ruído depende, polo tanto, dun lado, das condicións nas que o son se produza, e, doutro, do significado negativo que lle dan a ese son as reaccións biolóxicas e psicolóxicas de cada persoa. Ese é o motivo polo que diversas persoas, ou unha mesma persoa en situacións diversas da vida (sa ou enferma, mozo ou ancián, sereno ou irritado, eufórico ou deprimido...), poden percibir como ruído o que para outros (ou en situacións diferentes) sería percibido como son a secas. A molestia producida por un mosquito ou o goteo nocturno dunha billa desgastada pode ás veces ser maior do que noutras (ou para outras persoas) produce o despegamento e aterraxe dos avións no aeroporto próximo ou o tráfico rodado nunha rúa céntrica. A música dunha discoteca pode á vez resultar agradablemente excitante para a maioría dos mozos que a frecuentan e insoportable para certas persoas das familias que viven enriba.

Convén xa, desde este momento da exposición, tomar nota do carácter á vez obxectivo e subxectivo dos ruídos e das súas molestias. Pois, o mesmo que con outras moitas cousas (o silencio e a conversa; a manipulación de instrumentos musicais; o uso do tabaco, do alcohol ou outras drogas...), é este dobre carácter o que fai difícil unha axeitada regulación dos ruídos, e posibilita á súa vez que neste campo os dereitos das persoas sexan agredidos de múltiples e inconscientes formas.

1.1.3. Como problema da nosa civilización.

Os estudiosos do tema distinguen entre ruídos naturais e ruídos producidos polo desenvolvemento das civilizacións. (Ibid, páxinas 43 - 48).

Chámanlles ruídos naturais, por exemplo, ós producidos por factores meteorolóxicos (os ventos, as ondas do mar, a caída das augas en cascada; o canto dos paxaros, o ladrido dos cans; as diversas manifestacións da voz humana...). Constitúen o tipo de ruídos ós que o oído humano puido ir adaptándose na súa evolución normal.

Pero, á par destes, están os ruídos producidos polo avance da civilización. Neste caso, o oído e a sensibilidade humanos atopan con frecuencia moita maior dificultade en adaptarse, e ás veces non o conseguen nunca.

As organizacións internacionais que se ocupan da saúde humana (como a Organización Mundial da Saúde, OMS, ou a Organización Panamericana da Saúde, OPS, etc.) distinguen varias fontes de ruído ambiental na nosa civilización. Mencionamos aquí algunhas:

- Os diversos tipos de máquinas utilizadas pola industria. Máquinas con mecanismos de produción de ruído que hoxe son bastante ben coñecidos, e que polo tanto podería reducirse ou eliminarse en novos modelos de maquinaria; o que pasa é que isto supoñería un esforzo e investimento de diñeiro importantes.

- A construción e reparación de edificios e obras públicas de toda clase é outra fonte de ruído ambiental. Todos o experimentamos con maior ou menor frecuencia ó pasar ó lado de mesturadoras de cemento, instrumentos de soldadura, perforación ou martelada, guindastres e demais. Se a actuación dun martelo pneumático pode molestar a tódolos veciños do arredor, cabe imaxina-lo que será para o operario que habitualmente o manexa. (A vinte metros de distancia, o volume de son dunha taladradora pneumática é de 80 decibelios).

- O tráfico rodado é considerado hoxe por diversos autores como a máis importante fonte de ruído ambiental. Aquí, o ruído é producido sobre todo polos motores, os tubos de escape e a fricción por contacto dos vehículos co solo e o aire.

- O tránsito ferroviario, xunto co dos camións pesados, é considerado o sistema de transporte que xera niveis máis altos de ruído. Sen embargo, non está considerado entre os que producen máis molestias.

- Os ruídos producidos pola navegación aérea son quizáis hoxe os que foron obxecto de maior número de estudos. A introducción dos turborreactores suscitou no seu momento gran número de protestas dos habitantes próximos ós aeroportos. Hoxe sábese que o paso dun avión supersónico, segundo o tamaño da aeronave e a altitude do voo que leve, pode deixar tras de si un estoupido sónico susceptible de oírse nunha banda terrestre de máis de 50 quilómetros a cada lado da súa traxectoria. Se o avión viaxa a 1.200 quilómetros por hora, o seu efecto ruídosos nos oídos das persoas que estean xusto debaixo del calcúlase equivalente ó dun gran trono. Cando este avión despega, o son que produce a cen metros é de 120 decibelios.

- Os lugares de diversión constitúen tamén unha importantísima fonte de contaminación sonora. Cafés, bares, cafeterías; pero sobre todo pubs, discotecas salas de baile e de espectáculos, así como os parques de feiras e atraccións; a maioría dos centros do que hoxe acostuma chamarse a civilización do ocio. Sen excluí-los campos de tiro e outros entretementos de tipo máis minoritario. (O volume de son típico dun concerto de rock é de 100 decibelios).

- Xeradores de ruído específicos, como dixemos, da chamada civilización do ocio. Pero especialmente típicos dos pobos mediterráneos, que sempre fomos dados a expresar con manifestacións colectivas e ruidosas a alegría e a euforia.

Pertence á propia natureza deste tipo de ruídos que, por unha parte, non lles produce sensación desagradable ós que participan nesas formas de expansión, pero, por outra parte, pode molestar e en ocasións prexudicar gravemente outras moitas persoas que, por viviren ó lado ou nas cercanías, se ven obrigadas a soportar eses ruídos contra a súa vontade. Sobre todo se son persoas anciás, enfermas ou que teñen que madrugar para iren ó traballo, e séntense agredidas no seu descanso ou impedidas de durmir por esas fontes de ruído; ou se o xa excesivo ruído de discotecas e salas de festa se ve logo continuado por alborotos e arranques de motos e de coches á saída deses establecementos. De feito, moitas das queixas que sobre ruídos chegan ós defensores do pobo refírense ós ruídos xerados neste tipo de centros, como xa dixemos antes.

- Tampouco se pode deixar de mencionar, finalmente, o ruído producido no interior das mesmas vivendas. Aparellos de radio, televisores, tocadiscos, animais domésticos, conversas en voz alta, gritos dunhas habitacións a outras, funcionamento de lavadoras, cisternas e tuberías son outras tantas fontes de ruído que ás veces se acumula. Aínda que, ó pertencer máis ó ámbito doméstico e privado ca ó público, non é fácil que dean orixe a queixas ante as institucións.

1.1.4. Factor de contaminación ambiental.

Aínda que con retraso, os expertos sinalan hoxe cada vez máis os ruídos como factor contaminante do medio ambiente e grave problema sanitario-social. En comparación co efecto que causan no ambiente os materiais de refugallo, algúns autores ingleses déronlle o nome de “enerxía de refugallo” a este tipo de ruídos medioambientais.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde non só como a simple ausencia de enfermidade ou invalidez, senón como un estado de benestar xeral: físico, psíquico e social. E

os tratadistas de saúde ambiental concédennlle cada vez máis importancia á necesidade de controlar e reduci-los ruídos a niveis aceptables, concretamente os chamados ruídos de civilización. Recordemos a este respecto que, xa en 1973, enquisas efectuadas en Estados Unidos acusaban o ruído como primeiro problema ambiental. E un estudio publicado en España pola Dirección Xeral de Medio Ambiente, do MOPU, tomando como base enquisas efectuadas en 1977, consideraba que o ruído era, cualitativamente falando, o primeiro problema medioambiental das cidades grandes e medias.

E os niveis de ruído medioambiental seguen aumentando en forma notable. Estudos norteamericanos calcularon que en Estados Unidos este aumento medio do ruído veu sendo de entre 2 e 3 decibelios por década. Calcúlase que só o ruído debido ó tráfico tivo un incremento medio nas cidades de un decibelio por ano durante os últimos 10-15 anos.

Sinalemos, finalmente, que os diversos autores consideran que os niveis aceptables (non ideais) de ruído exterior diurno poden oscilar entre os 55 e os 65 decibelios. Pois ben, un estudio de 1983 avaliaba que os niveis de ruído das cidades españolas oscilaba xa daquela entre os 55 e os 75 decibelios. E o director da Axencia Europea do Medio Ambiente afirmaba en abril de 1995 o seguinte: “Segundo as últimas avaliacións (1992-93) máis do cincuenta por cento das vivendas españolas atoparíanse en zonas con niveis de ruído superiores ós admisibles, e máis do 80 por cento soportarían niveis por enriba dos considerados como límite nas lexislacións máis esixentes”. En concreto concluía que “o ruído é unha das agresións ambientais que máis afecta ós españois”.

En canto a cidades galegas se refire, estudos levados a cabo conclúen que Vigo é a cidade da nosa Comunidade Autónoma con problemas máis graves de ruído. Esinalan que a mesma configuración topográfica desta cidade, con profundos desniveis entre uns puntos e outros dela, constitúe un dos factores decisivos que fan a Vigo especialmente vulnerable en aspectos de

contaminación acústica. Outro estudio que tratou de avalia-lo ruído que se produce na cidade da Coruña, concretamente nas zonas entre A Marina e Os Castros, descubriron que os niveis de ruído chegaban nesta zona ata 85 e incluso 90 decibelios, cando o permitido son 45-50 decibelios.

1.1.5. Efectos negativos do ruído sobre a saúde.

A nocividade ou conxunto de efectos patóxicos que o ruído pode producir sobre o organismo humano é aínda obxecto de estudio e controversia entre os expertos. Tódolos autores coinciden en que niveis demasiado elevados de ruído prexudican o aparello auditivo dos humanos. O grao de acordo é bastante menor cando se trata de medi-las consecuencias fisiolóxicas, psicolóxicas e psicosociais que o ruído é susceptible de producir. Esta falta de acordo débese probablemente a dúas causas: dunha parte, a que o ruído en canto contaminante aínda non foi suficientemente estudado en tódolos seus aspectos, e, doutra, ó carácter subxectivo da percepción dos ruídos, que fai variar moito dunhas persoas a outras o grao da molestia. Unhas persoas teñen máis capacidade ca outras de adaptarse segundo a que clases de ruído.

Malia isto, cabe sistematizar algúns dos efectos máis negativos que o ruído pode producir no organismo humano. É o que imos intentar aquí seguindo diversos estudos.

1.1.5.1. Sobre o oído.

A repercusión máis obvia dos ruídos exercece sobre o aparello auditivo. Os seus efectos nocivos tenden a xerar unha diminución da capacidade de audición ou hipoacusia. Ás veces esta

“hipoacusia inducida por ruidos” convértese en crónica, e entón chámase xordeira profesional. Cando este déficit auditivo dificulta seguir unha conversación normal, entón recibe o nome de “xordeira social”.

As lexislacións laborais dos países desenvolvidos soen establecer normas para limita-los niveis de ruidos permisibles no traballo. Así, a Ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo establece para España que, “a partir dos 80 decibelios, e sempre que non se logre a diminución do nivel sonoro por outros procedementos, empregaránse obrigatoriamente dispositivos de protección persoais tales como tapóns, cascos, etc.; e que a partir de 110 decibelios se extremará tal protección para evitar totalmente as sensacións dolorosas ou graves”. Sen embargo, hai autores solventes que cifran en 75 decibelios o limiar máximo de ruidos superado o cal a exposición á destrución celular auditiva é xa grave, e a lexislación laboral debe ser revisada de xeito que teña isto en conta (Ibid páx. 70).

1.1.5.2. Sobre outras partes do organismo.

Outros procesos fisiolóxicos distintos da audición poden así mesmo ser alterados polo ruído. De aí que hoxe se considere como un novo factor desencadeante dese estado psicofísico que chamamos “estrés”.

Considérase xeralmente que nos individuos sometidos a presións sonoras superiores ós 90 decibelios se provoca un aumento da frecuencia respiratoria que pode chegar a producir disnea e ata polipnea.

Ante ruidos intensos, sobre todo se son inesperados, pode orixinarse unha aceleración do ritmo cardíaco, elevación da presión arterial e vasoconstricción periférica. Sobre todo se os

suxeitos expostos a ese tipo de ruídos sofren afeccións como hipertensión arterial, artrite ou anxina de peito.

Outros autores estudiaaron os efectos do ruído sobre o aparello dixestivo. Sinalan que pode exercer un efecto inhibitorio, diminuindo a segregación salivar, así como provocar náuseas, vómitos, perda de apetito e ata úlceras gastroduodenais.

Sínálase que o estrés producido por ruído pode alterar tamén o funcionamento das glándulas suprarrenais.

Foron estudiaados tamén os efectos negativos sobre o Órgano do Equilibrio, como causa de vértigos, perdas de equilibrio e demais.

Outros efectos negativos estudiaados refírense a aumentos da tensión dos músculos, incrementos da sensibilidade cutánea, alteracións na visión das cores, na dilatación das pupilas, etc.

1.1.5.3. Efectos sobre o sono.

Estudiáronse tanto os efectos positivos coma negativos que o ruído pode exercer respecto do sono. Entre os positivos sínálase sobre todo a función de alarma, como o perigo do que avisan os gritos das persoas ou un forte vento, ou o servicio que nos presta un espertador.

Como efectos negativos, o ruído ambiental ten a perturbación que exerce sobre o sono en xeral, dificultando concilia-lo sono, alterando a súa calidade e profundidade, espertando ós que dormen. En xeral tende a perturbar ou rompe-la alternativa rítmica necesaria na vida normal das

persoas, entre o gasto de enerxía que supón o traballo e a recuperación da enerxía que proporciona o repouso (Ibid., páx. 76).

Considérase que un ruído equivalente a uns 35 decibelios ou máis pode xa constituír unha seria perturbación do sono, tanto para chegar a concilia-lo sono coma para impedir unha calidade axeitada del, aínda que a persoa durmente non chegue a espertarse. Aínda que por suposto isto varía bastante dunhas persoas a outras, e tamén do diverso grao de profundidade no que o sono se atope no intre de producirse o ruído. Persoas máis sensibles poden espertarse cuns 30 decibelios e outras máis resistentes aguantar ata 70 decibelios. En calquera caso cabe recordar que, por exemplo, o paso dun camión pesado pode causar un ruído duns 55 decibelios (susceptible de esperta-la maior parte das persoas) nun dormitorio próximo á estrada.

Tamén hai persoas moito máis capaces ca outras de adaptarse ós ruídos. Así, entre persoas dunha mesma familia que viven ó lado dunha estación de ferrocarril, ou no mesmo edificio no baixo do cal funciona a imprenta dun periódico (ou unha discoteca), algunhas desas persoas adáptanse mellor a durmir có resto da familia.

Estudios sobre saúde medioambiental efectuados en dúas poboacións próximas a Madrid mostraron que, nalgunhas zonas de Alcobendas, ata un 40% dos residentes confesaban verse obrigados a tomar habitualmente barbitúricos para durmir debido ós ruídos. E entre os veciños dalgunha rúa de Leganés, eran o 12% os que tiñan que tomar tranquilizantes para durmir e elevábanse ó 48% os que se queixaban de que o ruído lles perturbaba o sono. (Estudios citados entre a bibliografía utilizada pola mentada investigación da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago).

1.1.5.4. Efectos sobre a saúde mental.

Ademais dos efectos de orde física ou fisiolóxica xa mencionados, os investigadores e expertos sinalan outros efectos nocivos máis directamente psíquicos dos ruídos. É obvio que as molestias deste tipo teñen moito que ver coa subxectividade de cada persoa. E se algo de verdade ten o dito aquel de que “cada persoa é un mundo”, non hai dúbida de que esta parte de verdade será aplicable sobre todo ó máis plural e complexo mundo da subxectividade. É na subxectividade dos individuos onde o que para unhas persoas resulta un son agradable, excitante ou simplemente tolerable, para outras se transforma en ruído molesto, intolerable ou susceptible de destrózarlle-los nervos. Entre os individuos dáse unha enorme variedade. Debemos de novo recorda-las definicións que dabamos do ruído: “son non desexado”, “son desagradable para o que o percibe”, etc. O que no último termo determina que un son se converta en ruído é a reacción psicolóxica da persoa que o percibe. Cando o suxeito percibe o son como agresión (ruído), é entón cando mobiliza fronte a el os seus medios de adaptación e defensa.

De aí que as molestias producidas polos ruídos haxa que incluílas dentro da definición que a Organización Panamericana da Saúde (OPS) ofrece do concepto xeral de molestia: “Sensación desagradable asociada con calquera axente ou situación que, en opinión do individuo ou da comunidade, o afecte ou pareza afectalo negativamente” (Organización Panamericana de la Salud: “El ruido: criterios de salud ambiental”, México. 1983).

Ante a imposibilidade de medir os efectos do ruído en todos e cada un dos individuos, estúdase como efecto comunitario. E para iso recórrese ás enquisas de opinión. Esta forma de medir tradúcese, máis que en decibelios, no número ou porcentaxe de persoas ás que afecta.

Os mapas de ruído ambiental das cidades constitúense, pois, tomando como base dous tipos de datos. Dunha parte, pola medición directa de ruídos contabilizada en decibelios; e, doutra parte, polas enquisas de opinión sobre as persoas ás que afecta.

Entre as características físicas do propio ruído hai que ter en conta factores como a fonte que o produce (tráfico rodado, industria, avións), a intensidade, a frecuencia, a intermitencia ou a irregularidade (que dificulta a adaptación das persoas a el), etc. E entre as características dos individuos que o deben soportar, téñense en conta datos como o estado de ánimo, a sensibilidade (que o individuo sexa hipersensible ou singularmente tranquilo), a personalidade ou basamento temperamental (introvertido ou extrovertido) e a idade.

A combinación entre características físicas do ruído e grao de molestia acusado polas persoas é, pois, o que nos permite cuantifica-lo seu impacto contaminante sobre o medio ambiental e a saúde.

Volvendo ó tema deste apartado -efectos do ruído sobre a saúde mental das persoas-, parece comprobado que a exposición das persoas a ruídos acelera e intensifica o desenvolvemento dun estado patolóxico latente neste sentido. Acúsanse aumentos dos casos de neuroses, depresións, ansiedades, actitudes de hostilidade, etc.

1.1.5.5. Outros efectos patoxénicos previsibles

En todo caso, parece evidente que só a máis longo prazo poderán ir detectándose tódolos efectos patoxénicos que os ruídos poden producir en quens están habitualmente expostos a eles. Sobre todo os que poden afectar ás xeracións xoves, hoxe aparentemente mellor habituados ós ruídos producidos nas salas de festas, discotecas e outros centros de recreo. Ó tratarse de experiencias novas, propias da nova civilización do ocio, é difícil aínda conxeturar toda a súa variedade de efectos. Sen embargo, é lícito preguntarse e tratar de prever a tempo

que consecuencias terá a medio e longo prazo para a saúde física e mental destes xoves, así como para a súa capacidade de comunicación.

Hai pouco comezouse a falar na prensa da enfermidade chamada "tinitus" (zumbidos). As persoas que a sofren teñen a sensación de estar expostos de xeito permanente a ruídos descoñecidos, como os dun motor en permanente funcionamento; outros asóciáanos con silbatos ou co ruído do mar.

Algúns calculan que ata dous millóns de persoas en toda España serían hoxe vítimas desta enfermidade. A maioría dos especialistas atribúena a orixe descoñecido, polo que non se atreven a diagnosticala e tratala con seguridade. Non obstante, non poucos expertos sinalan xa que o tinitus é sufrido sobre todo por persoas expostas a ruídos excesivamente fortes como os producidos por serras mecánicas, concertos de rock, disparos, cafeterías, ...

1.1.6. Delimitación dos ruídos como obxecto deste informe

Chegados a este punto, é hora xa de delimitar qué tipo de ruídos constitúen o obxecto central deste informe.

Por suposto, non nos referiremos ós sons en xeral, por intensos que poidan ser, senon só a aqueles que xenerán contaminación acústica. É dicir, os que son percibidos como agresivos, desagradables ou perigosos polo común da xente. Só estes poden chamarse ruídos propiamente ditos, como xa indicamos.

Referímonos así mesmo ás diversas fontes xeneradoras de ruídos. Ó Instituto de Acústica do Instituto de Investigacións Científicas calcula que o tráfico rodado é o responsable de ata o 80% do ruído urbano. Logo están as obras públicas; a proximidade de portos,

aeropostos, estacións de ferrocarril; os lugares de ocio e centros de diversión; sen esquece-lo exceso de ruídos que con frecuencia se producen no mesmo interior dos fogares.

Hai que distinguir igualmente entre as dúas causas netamente diferenciadas de que os ruídos cheguen ás persoas e ó interior dos fogares como agresión á saúde e á intimidade. É dicir, hai que distinguir entre a emisión e a inmisión dos ruídos. Ou o que é o mesmo, entre a causa emisora dos ruídos -un aparello musical funcionando a todo volume nunha discoteca mal insonorizada, por exemplo- e a causa inmisora, que fai que os ruídos penetren no interior das vivendas próximas á discoteca. A causa inmisora pode estar compartida entre o deficiente acondicionamento da discoteca en que os ruídos se orixinan e o non menos deficiente acondicionamento e situación da vivenda na que penetran os ruídos.

É frecuente que as vivendas carezan dun mínimo de illamento acústico. A este respecto, o profesor de Arquitectura Técnica da Universidade de A Coruña, señor García-Rebull Salgado, declaraba hai pouco: "É raro que os constructores teñan en conta ó elemento acústico e que se cingan ás normas promulgadas en 1988 sobre as condicións acústicas das vivendas de nova edificación. O que pasa é que os veciños soen calar e non protestar". E o mesmo profesor aseguraba que se os constructores se preocupan de solucionar os problemas acústicos, soen facelo unha vez que o edificio está rematado. E engadía que previ-los ruídos durante a construción costaría tres veces menos que tratar de paliar-los máis tarde. (Declaracións á publicación "Aula Magna", nº 67, do 28 de maio de 1996).

Unha das causas do impacto agresivo cos ruídos producen no interior das vivendas son, pois, as malas condicións acústicas das vivendas mesmas. E isto é o que tamén se intúe a través da tramitación dalgunhas das queixas presentadas ante o Valedor do Pobo. Non é raro que os técnicos do Concello enviados para comproba-lo nivel do ruído emitido nun pub ou sala de festas e o que nese mesmo momento se percibe no interior do domicilio habitado polo

denunciante, comprobén que o número de decibelios captados no domicilio é bastante superior o que cabería esperar que chegase do local denunciado.

Polo que se ven obrigados a certificar que unha parte do ruído denunciado procede de emisores diferentes ó lugar de recreo. O ruído procedente do tráfico rodado non é apenas denunciado polos veciños, quizáis porque non acertan a identifica-los responsables. Tampouco é frecuente que se reclame contra o constructor por defectos acústicos, nen sequera se se trata de vivendas de promoción oficial.

Os reclamantes ante o Valedor do Pobo parecen sentirse máis cheos de razón para queixarse cando cren poder identificar claramente ó responsable do local emisor dos ruídos -bar, sala de festas, carpintería, panadería- e consideran que a autoridade administrativa debe impedilo.

De acordo co que acabamos de expoñer, consideramos que o obxecto do presente informe debe quedar delimitado principalmente polo que algúns veñen denominando "ruídos evitables". (Por exemplo, o catedrático Martín-Retortillo Baquer, en varios dos seus traballos xurídicos sobre contaminación acústica).

Temos pois en conta principalmente aqueles ruídos que poden ser percibidos como **indebidos, evitables e fronte os cales se considera que a Administración pública ten o deber de actuar.**

Por outra parte teremos moi en conta no noso informe as queixas concretas que sobre os ruídos veñen enviando os cidadáns ó Valedor do Pobo.

1.2. OS RUÍDOS COMO PROBLEMA SOCIAL EN GALICIA.

1.2.1. GALICIA EN CANTO COMUNIDADE RUIDOSA

Sóese afirmar que España é, inmediatamente despois de Xapón, o segundo país máis ruidoso do mundo. Sen embargo, non coñecemos que existan avaliacións científicas completas que nos permitan sinalalo posto que cabería asignar a Galicia entre o conxunto das comunidades autónomas, no que ó problema dos ruídos se refire. Non obstante, a intuición e toda unha serie de datos inclinaríanos a catalogar a Galicia como unha comunidade medianamente ruidosa no conxunto de España. Unha comunidade onde o problema da contaminación acústica é moi real, sen que poida catalogarse nun dos postos máximos pero tampouco entre os mínimos dentro do conxunto do Estado.

Recordemos a este respecto cales son consideradas as tres fontes fundamentais xeneradoras de ruídos: ó tráfico rodado e aéreo (estradas, portos e aeroportos, ferrocarris...), as industrias (sobre todo da construción e obras públicas), os locais de ocio e diversión...

En canto á densidade do tráfico rodado e aéreo, Galicia non figura entre as máximas do conxunto de España. Sen embargo, tampouco parece que o noso parque automovilístico poida considerarse dos mellor coidados (tubos de escape e demais). E sobre todo, é evidente que en Galicia abundan aínda as estradas que cruzan polos centros de poboación, o que, xunto cos riscos de sinestralidade, tenden a multiplicar as molestias por ruídos.

Algo semellante podemos dicir da densidade industrial. A de Galicia pode calificarse aínda de modesta, o que supón as coñecidas limitacións ó noso desenvolvemento económico; aínda que temos que contabilizala tamén como limitación á contaminación acústica de orixe industrial.

Sen embargo, en Galicia si proliferan as pequenas industrias -talleres, carpinterías, panaderías, imprentas, hipermercados...- que funcionan nos baixos ou ó lado de edificios habitados. O que tamén ten relación sen dúbida co subdesenrolo industrial. Hai que notar neste aspecto que a existencia dos polígonos industriais, e a tendencia a especializa-los usos do chan urbano son máis ben recentes entre nós.

A mesma escaseza de industrias tradicionais fai que a pequena e mediana inversión se canalice con frecuencia cara a subsectores de servicios coma o da hostelería, con un número a tódalas luces excesivo de bares, cafeterías e demáis, que con frecuencia se constitúen en centros xeneradores de ruídos.

Doutra parte están os locais de ocio é diversión propiamente ditos: pubs, disco-bares, cafés musicais, discotecas, .. . Unha boa parte deles funcionan só ou principalmente as fins de semana, así como en temporadas de vacacións. Zonas como as de Baiona, Vigo, Pontevedra, Sanxenxo, Sada e outras da costa que reciben a maior afluencia de veraneantes, son así mesmo os que acusan na época estival un maior problema de ruídos. O feito de que o verán sexa en Galicia relativamente curto, impide que o problema dos ruídos poida compararse aquí co que soportan zonas como, por exemplo, a Costa do Sol ou a Costa Brava. É este outro dos factores que nos inclinan a calcular como mediano en termos relativos ó problema dos ruídos en Galicia.

Polo demáis todos sabemos que Galicia, como en xeral as sociedades mediterráneas, tende culturalmente a celebralas súas festas de forma ruída. Abonda recordala grande cantidade de festas e romerías que, sobre todo no verán, se anuncian nos nosos pobos coa aparatosidade da foguetería e bombas de palenque. Así coma os centos de orquestras e grupos musicais contratados para anima-las múltiples verbenas dos miles de pobos e parroquias que configuran Galicia. E onde a tradición manda, como é bén sabido, que non hai festa que se precie sen que o atronador ruído poida e aínda deba percibirse á maior distancia posible. Ó asocialos

co ambiente festivo e formar parte da tradición popular, a xente apenas soe queixarse deste tipo de ruídos. Sen embargo, tampouco soe estar segura sobre os efectos negativos a medio e longo prazo que pode producir o estar exposto a eles.

Pero tampouco debe esquecerse que os efectos negativos dos ruídos e o seu deterioro sobre a calidade de vida das persoas depende tanto da intensidade e proximidade dos centros que os xeneran como do grao de protección contra eles que teñan as persoas e os domicilios. Pois bñ, é obvio que a maioría das vivendas en Galicia non foron construídas cos elementais medios de protección fronte á contaminación acústica.

É de todo o aquí anotado, que nos parece poder concluir coa apreciación apuntada de que Galicia, hoxe por hoxe, ocupa un lugar probablemente intermedio ou mediano entre as comunidades de España, en canto o problema dos ruídos se refire. Eso sí, tamén en Galicia o problema dos ruídos e a toma de conciencia fronte a eles está en constante aumento.

1.2.2. Pobo tradicionalmente consumidor de alcohol

Outro factor que temos que apuntar é que Galicia é un pobo tradicionalmente consumidor de alcohol. E que unha parte non menospreciable do problema dos ruídos está constituída pola desinhibición e o escaso control de si mesmos que produce o exceso de alcohol nos nosos xoves.

Moitas das queixas que sobre ruídos se presentan ó Valedor do Pobo fan fincapé, sobre todo, nos gritos, canturreos, botellazos, insultos, agresións a contedores de lixo, destrozos en fachadas e escaparates, golpes as portas e fiestras, e toda sorte de machadas que pandillas de

adolescentes son susceptibles de producir cando a inxestión de alcohol lles libertan dos xa de por si escasos autocontrois.

Un estudio presentado o pasado verán (xuño de 1996) na I Xornada sobre Prevención do Alcoholismo Xuvenil, organizada polo Concello de Madrid, concluía que a idade media en que os rapaces se inician no consumo de alcohol é hoxe os 12 anos. E que o perfil medio do rapaz consumidor de alcohol é un varón, con escasa autoestima, poucas expectativas educativas e que apenas se comunica cos seus pais. Engadía que o alcohol actúa en non poucos casos como iniciador e introductor ó consumo de outras drogas máis duras. Pero comentaba que, en si mesmo e se se abusa de el constitúe a droga máis dura e que máis estragos determina, xa que "produce 40 veces máis mortes que as drogas máis duras, coma a cocaína, a heroína ou as drogas de deseño".

Aínda que aquel estudio parecía se refería a Madrid, nada nos induce a crer que en Galicia o problema do alcoholismo sexa menor. Quizáis probablemente sexa aínda maior, se se ten en conta ata que punto estivo tradicionalmente arroupado na cultura galega o consumo do alcohol; concretamente a través dos viños e augardentes caseiros. Todos lembramos aínda o frecuente que era entre moitas familias do campo darlle viño (ou sopas de pan con viño e azucre) ós nenos para que "durmisen mellor". Ou comenza-lo día os adultos tomándose unha "copiña de augardente" para entonalo ánimo ("espertar") antes de inicia-lo traballo.

Pois ben, volvendo ó problema dos ruídos, un dos factores da súa solución é sen dúbida poñer coto ó excesivo consumo nocturno de alcohol. Comezando por cumprir e facer cumprir nos locais de diversión e ocio as normas establecidas sobre a venda de alcohol. E máis especificamente a prohibición de servir alcohol ós menores. E isto non só negándose a servirilles directamente as bebidas alcohólicas, esixíndolles cando sexa necesario o documento acreditativo da súa idade, sinon evitando tamén que as merquen a través de compañeiros e amigos maiores,

ou que saian coas litronas a consumilas na rúa. Pois isto último, as pandillas nas beirarrúas dándolle á "garrafa" ou á "litrona", é evidente que desde o punto de vista dos ruídos só pode contribuir a agrava-lo problema.

1.2.3. Galicia e a civilización do ocio

O problema dos ruídos asóciase hoxe principalmente coa chamada "civilización do ocio". Polo menos os ruídos que unha parte da poboación -fundamentalmente a que a esas horas necesita descansar- identifica como "molestos" e con responsables que é posible identificar. E é precisamente por este carácter, de molestia agresiva e que debe evitarse, que se queixa contra estes ruídos ante o Valedor do Pobo.

Na civilización do ocio conflúen dúas das principais fontes de ruídos: os locais de diversión, e o tráfico rodado que se xenera para desplazarse a eses locais.

Desde unha perspectiva económica, enténdese por tempo de ocio, aquela parte do noso tempo que non dedicamos ó traballo productivo nin ás tarefas do fogar. Polo tanto, o ocio asóciase co descanso, a evasión, a convivencia distendida, a práctica desinteresada do deporte. En realidade, a chamada civilización do ocio ten no noso tempo unha dimensión bastante unida ó consumo.

Se o ocio dalgunha forma se contrapón ó traballo productivo, isto só é válido para os consumidores do ocio. Pois ó mesmo tempo, a demanda de centros e formas onde ocupa-lo tempo libre dá lugar a que a construción e explotación destes centros para ofertalos ó mercado se convirta nos países desenvolvidos nunha poderosa industria e negocio dos máis prósperos. Estudios solventes especulaban hai máis dun ano que o conxunto de empresas e actividade de ocio movían en Galicia un volume de negocio de uns 400.000 millóns de pesetas. Calcúlase que

en Galicia, catro de cada cen pesetas do presuposto familiar destínanse ó que se entende por esparcemento e cultura. (Vid. páxinas de Economía de "La Voz de Galicia", nº 69-7-VII-1995).

Existe unanimidade en apreciar que é o sector xuvenil o que máis axiña e máis decididamente se adaptou a esta civilización do ocio. O que se explica por diversos factores: son os mozos os que máis se atopan nunha idade de transición, abocada a establecer novas relacións e busca-lo seu lugar na vida; non soen ter vivenda propia; ó carecer aínda de responsabilidades familiares, teñen unha maior liberdade para gastalo seus cartos en caso de que teñan emprego; de estaren estudiando ou no paro, supónse que teñen que ser sostidos a axudados polas familias das que forman parte.

1.2.4. Cultura da transgresión

A utilización do ocio por parte dos mozos ten ademáis un carácter vacacional e nocturno. En canto vacacional, desenvólvese principalmente as fins de semana e días non laborables, así coma nos periodos de vacacións (laborais ou académicas). En canto nocturno, este ocio expándese máis cómodamente no clima que ben poderíamos chamar "cultura da transgresión".

O ambiente en que as actitudes de permisividade e complicidade tenden a relaxarse ó máximo; en que a legalidade e o establecido pasan máis facilmente a un segundo termo.

É neste clima colectivo de transgresión onde se dan a maioría dos factores que xeneran o problema dos ruídos asociado ós locais de ocio e diversión. Transgresión dos límites horarios legalmente establecidos para o peche dos locais; transgresión das normas que prohiben despachar bebidas alcohólicas ós menores; transgresión das normas e ordenanzas que limitan a un determinado número de decibelios o volume de funcionamento dos aparellos musicais;

superación con creces do número prudencial e ata legal de clientes que poden simultaneamente ser admitidos segundo o aforo do local; quebrantamento das normas máis elementais de seguridade e insonorización na habilitación dos locais; transgresión dos comportamentos habituais -de palabra e feito- nas relacións entre persoas, baixo pretextos como "é que estaba borracho"; elusión de toda norma en canto ás horas acordadas para volver á casa, pero tamén en canto ó volume de alcohol inxerido antes de conducir; transgresión en canto á aprendizaxe das formas nas que ata pode resultar rendable burla-las sancións administrativas; práctica da competencia desleal entre uns Concellos e outros, competindo en permisividade para atraer clientes e locais de negocios (que se supón xeneran postos de traballo e pagan impostos). E ata transgresión en canto ó olvido dos coidados que a saúde e a propia vida requiren (consumo de drogas e demais).

Cando esta cultura da transgresión se impon nunha sociedade ou en amplos sectores dela, a loita por restablecer unha legalidade suficientemente respectada resulta moi difícil.

Os problemas concretos que nese clima se xeneran -como o mesmo dos ruídos- son moi difíciles de afrontar de xeito separado. Esixen enfoques que poidan incidir na civilización no seu conxunto.

1.2.5. Instalados e perxudicados

Os que se instalaron nesta cultura da transgresión non sempre son conscientes do dano que fan a outros sectores da sociedade. Se se pregunta a un empresario ou encargado dun local de diversión por que teñen a música tan alta, é posible que nos conteste que os xoves quérena así. Se esta pregunta se lle plantexa os xoves é probable que contesten que eles non a pedirón e, en todo caso, se queden un pouco desconcertados, como o que nunca se puxo a pensar niso. Intentando provocar esta reflexión, tal vez acaben suxerindo que será o dono do local a quen lle

interesa, que quizáis así despacha máis copas. Ou nun esforzo por buscar dentro de si mesmos, insinúen que quizáis necesitan aturdirse, esquecer... Tal vez un sociólogo concretaría esta busca non moi consciente do esquecer na necesidade de mirar para outra parte ante o fracaso nos estudos, a falta de traballo..., en todo caso, o choque brutal e obxectivo que soe darse nos xoves entre o ofuscador das ilusións e a posibilidade real de satisfacelas.

Pero se o mundo da transgresión ten os seus instalados, o que non cabe dúbida é que ten tamén os seus perxudicados. Estes últimos están constituídos sobre todo polos sectores necesitados de descansar, os ancians, os enfermos, os que teñen que estudar pola noite, os que teñen que madrugar para ir ó traballo. Son as verdadeiras vítimas dos ruídos nocturnos.

Compaxinalos diversos e ata contrapostos intereses que se dan nesta civilización do ocio, e concretamente no tema dos ruídos, é un dos desafíos que ten plantexados a nosa sociedade. Protexer por igual os dereitos de uns e outros, e establecer entre eles a necesaria xerarquía -dereito á saúde e ó descanso, dereito á diversión, dereito á libre empresa- é responsabilidade en boa parte das autoridades públicas. Para o que teñen que promover un diálogo intenso entre os sectores afectados, froito do cal debería sela promulgación dunhas leis xustas sobre contaminación acústica e a vontade política de facelas cumprir. Leis e vontade de cumprilas que teñen que ser estatais, autonómicas e locais. En cada nivel, segundo as súas propias competencias; pero tamén tendo en conta a necesaria e constitucional coordinación que se esixe da Administración pública.

1.2.6. Un problema de toda a sociedade

Se queremos chegar a acadar un grao de eficacia aceptable no control da contaminación acústica, debemos ante todo tomar conciencia de que os ruídos son un problema de todos. Afectan a calidade de vida da sociedade enteira.

Son en primeiro lugar un problema para aqueles que os padecen: enfermos, anciáns, traballadores que teñen que levantarse cedo ou quizáis exercela súa actividade en ambientes excesivamente ruidosos.

Pero sono á súa vez, incluso, para os que os producen ou festexan. Como os mozos que hoxe buscan aturdirse no ambiente ruidoso, sen contar coa preparación necesaria para prevelos efectos físicos e psíquicos, que, de cara ó futuro, os ruídos poden estar incubando no seu equilibrio persoal.

Como é problema para aqueles empresarios conscientes, que sofren os ruídos ó mesmo tempo que se lucran deles, e que a longo prazo rara vez se convirten en fontes de riqueza e de traballo duradeiros. (Abonda ver cantas discotecas e salas de festas se poñen de moda unha temporada, e ós poucos meses tiveron que pechar).

A contaminación acústica, como en xeral as agresións ó medio ambiente, constitúen un problema de todos e para todos aínda que non sempre nos démos conta diso a prazo inmediato.

E porque é problema de toda a sociedade, son tódolos sectores sociais ós que estamos chamados a colaborar para facer fronte a contaminación acústica. En primeiro lugar tomando conciencia de que a boa convivencia e o benestar cidadáns só se consiguen se todos arrimamolo ombro. Neste caso, limitando cada un mesmo o máximo posible a produción de ruídos que resultan molestos para os demáis, e inculcando este deber ós nenos e as xeneracións xoves. Sendo suficientemente conscientes e esixentes en materia de insonorización acústica cando se trata de comprar ou alquilar unha vivenda. Non dubidando do noso dereito a denunciar ante os poderes públicos ós responsables da produción de ruídos molestos que sexan evitables.

En canto ós poderes públicos -lexislativos, executivos, xudiciais- tomando conciencia primeiro da crecente gravidade da contaminación acústica, e actuando en consecuencia para protexe-los dereitos dos cidadáns neste campo.

Son evidentes os baleiros legais e normativos na materia, tanto a nivel estatal como autonómico e local. Carencias e omisións que se acusan sobre todo na falta de lexislación coherente, actualizada e que tipifique con claridade as competencias e responsabilidades de cada un.

En canto ó poder Executivo, é con frecuencia responsable de non impulsa-la promulgación das normas necesarias. Pero tamén o é moitas veces de non avaliar a fondo o impacto ambiental -e concretamente acústico- das súas propias obras públicas. Omisión de maior gravidade canto que o noso país está levando a cabo un intensísimo proceso de transformación de infraestructuras. O desenrolismo, no peor sentido da palabra, segue demasiadas veces primando sobre o verdadeiro urbanismo e a protección do medio ambiente.

Da gravidade destas omisións e responsabilidades, son cada vez máis conscientes os xuristas sensibilizados sobre estes temas. Así, por exemplo, Beato Espejo ("El medio ambiente como bien jurídico", pax. 22), rexeita ós concellos que fomentasen ás veces un sistema de vida "aberto á vía que lexitimou conductas atentatorias á tranquilidade da vecindade e á paz social".

Pola súa parte Alejandro Nieto ("Derecho Administrativo Sancionador", paxs. 26-27) acusa ó Poder Xudicial de "negar aínda en moitos supostos a responsabilidade por feitos de terceiros, exculpando así, por exemplo, ós propietarios de locais onde os seus clientes non deixan durmir, e ata teñen aterrorizado a todo o barrio". O que cadra moi ben co contido de certas sentencias a propósito, por exemplo, dos voceríos e alporadas que se producen no

exterior próximo a certos locais onde no interior se venderon bebidas a pandillas de rapaces sabendo que eran para consumir na rúa pública.

O mesmo autor escribe (pax. 37) que "os Concellos organizan concertos e verbenas nos cales os ruídos superan os límites que eles mesmos estableceron". O que non constitúe un secreto para ninguén que sufrira persoalmente a acumulación de ruídos producida en certas festas ó aire libre procedentes de garitos, tómbolas, carruseles, autos de choque e demáis, e anunciadas con derroche de foguetería. E aínda que é certo que estes ruídos asociados con festas toléranse subxectivamente mellor, tamén o é que non todo o mundo pode participar na festa. Sempre teremos enfermos, anciáns impedidos, estudantes con exames pendentes ou que preparan oposicións, familias asoladas pola dor que se ven obrigados a sufrir a festa sen podela disfrutar.

Olvídase con demasiada frecuencia que as sociedades de hoxe soen ser esencialmente plurais. E que a convivencia nelas debe producirse entre persoas de idades, gustos, ocupacións e niveis de saúde moi diferentes uns de outros. Ter isto en conta é esencial cando da contaminación acústica se trata.

1.2.7. Do que aínda non somos suficientemente conscientes

Boa proba de que o conxunto da nosa sociedade aínda non ten formada unha conciencia suficiente sobre a gravidade do problema que constitúe ou pode chegar a constituir a contaminación acústica poden dárnola os datos seguintes.

Segundo unha enquisa efectuada no presente ano polo Instituto de Investigacións Sociolóxicas (CIS), o 90% dos españoles está a prol de que se impoñan "sancións duras" contra as industrias que non cumpran as normas de protección do medio ambiente, e as tres cuartas partes da nosa poboación móstrase de acordo de que se impida a construción de estradas,

industrias ou urbanizacións que deterioreen a natureza. O deterioro do medio ambiente, en xeral, ocupa o quinto lugar entre as grandes preocupacións do noso país, logo do desemprego, o terrorismo, a droga e a seguridade cidadán.

Sen embargo, á hora de enumera-las diversas formas de agresión ó medio ambiente, os nosos concidadáns enumeran a contaminación de ríos e cidades por parte das industrias, os incendios forestais, a sequía, as centrais nucleares; e a nivel mundial engaden a desaparición de certas especies, a destrucción da capa de ozono, etc. Na divulgación que a nivel de prensa se facia dos resultados desta enquisa, non se mencionaba para nada o problema dos ruídos e a contaminación acústica. Unha mostra máis de ata que punto aínda non se é consciente da relación directa que existe entre contaminación acústica e deterioro medioambiental. Ou como se, na concepción de moitos aínda se situase o medio ambiente só na natureza, sen relación directa coa calidade de vida e a saúde das persoas.

Cunha concepción así sería perfectamente posible que unha parte dos mozos que ás veces militan como voluntarios nas organizacións ecoloxistas fosen os mesmos que, con perfecta boa conciencia, agredesen logo, desde as discotecas e salas de festas ou ó conducir polas estradas, o descanso dos seus veciños ou familiares.

Pero esta insuficiente conciencia dos problemas relacionados coa contaminación acústica acúsase aínda máis en canto ó ruído producido polo tráfico e os transportes; e iso, malia a ser recoñecido por todos que tráfico urbano e transportes son a fonte principal de contaminación acústica.

Ó terse industrializado e mecanizado España con certo retraso en relación cos países máis desenvolvidos, a Administración pública española non se distingue precisamente como

adiantada en canto a facer fronte a este tipo de problemas, nin na orde da normativa legal nin en canto a programas correctores dos ruídos ou protectores fronte a eles.

Se nos referimos a Galicia máis concretamente, a nosa poboación vai queixándose cada vez máis e esixindo solucións en canto ós ruídos procedentes dos locais de ocio. Aínda que, tratándose dos ruídos que poden producirse a través do tráfico por estrada, por exemplo cando se proxecta a construción de novas vías, os galegos soen estar moito máis atentos ós problemas do atraso no cobro do xustiprezo pola expropiación forzosa que á avaliación do impacto ambiental producido polos ruídos. E incluso os grupos ecoloxistas militantes, cando reclaman supostamente en defensa do medio ambiente, mostran moita maior sensibilidade ós aspectos estético-visuais cós auditivos e do necesario descanso.

1.2.8. Que afecta a dereitos e intereses moi difíciles de compaxinar

Non nos cansaremos de repetir neste informe que unha política axeitada fronte ó problema dos ruídos só pode ser froito dun esforzo serio por concugalos intereses e dereitos ás veces contrapostos que concorren neste problema. O dereito duns á tranquilidade e ó descanso, imprescindible para a saúde e a calidade de vida. O dereito doutros á diversión e o ocio, tamén necesario aínda que non sempre mencionado polos tratadistas do tema. E o dereito á actividade empresarial, que non só é un dereito particular senon tamén creador de postos de traballo e contribuínte á facenda a través dos impostos. E aínda poderíamos engadir outro dereito, expresamente mencionado nalgunhas das queixas que chegan ó Valedor do Pobo: o dos veciños residintes nas zonas saturadas de locais de ocio, a que o precio das súas vivendas non sexa destruído no mercado polo feito de que a acumulación de ruídos faga imposible habitalas cun mínimo de tranquilidade.

1.2.9. Pero hai unha parte débil, necesitada de especial proteccion

Pero se estes dereitos diferentes merecen todos eles a proteccion dos poderes públicos, non podemos esquecer que tamén aquí existe unha parte máis débil e con maior dereito a ser protexida. E esta parte débil está constituída, sobre todo, polo sector que reclama o seu dereito á tranquilidade e o descanso.

Porque neste sector están os anciáns, os nenos, os enfermos os traballadores obrigados a madrugar. Porque trasladarse a residir a unha zona máis tranquila é unha posibilidade que non está ó alcance de moitas persoas. E porque moitos destes residentes contan cun dereito adquirido ó ter comprado ou alugado a súa vivenda cando o problema dos ruídos non existía coa gravidade que logo foi adquirindo.

Ó exerce-lo seu deber de protexe-los dereitos cidadáns, os poderes públicos non poden esquecer qué dereitos terán preferencia. Parlamentos, Tribunais, Concellos, responsables autonómicos e estatais do medio ambiente teñen a palabra. Cada un dentro das súas respectivas competencias. Incluída a competencia de coordinalo todo para que a política sobre ruídos acabe adquirindo racionalidade e sentido.

1.2.10. É imprescindible un enfoque integral

Unha cousa que se advirte ó estudar o complexo problema dos ruídos é a necesidade imprescindible de que a Administración o afronte cun enfoque integral. Non bastan parcheos ou medidas parciais, que actúan sobre algún aspecto e descoidan os outros. Sobre todo en canto se refire ós ruídos que se producen nos locais de ocio e diversión.

Non basta, por exemplo, establecer un horario tope de peche para este ramo, que necesariamente ten que ser escalonado e diverso segundo os tipos de locais, se logo non se garante cal é o tipo de xente que pode ter acceso ós mesmos. Como non basta prohibi-lo servicio de bebidas alcohólicas a menores de 16 anos, se logo non se establece o dereito e obriga de comprobar de xeito fidedigno a idade dos rapaces que demandan esas bebidas. Ou verificar se as levan á rúa para consumo dos seus amigos menores. Como non é suficiente determinala cantidade máxima de usuarios que pode simultaneamente ser admitida como aforo do seu local, se logo non se fai reconto deles e se sancionan os excesos.

Vendo por exemplo os horarios máximos de peche establecidos en Galicia para o verán de 1996 (1 de xullo a 30 de setembro), obsérvase que se distinguen 18 grupos de espectáculos e establecementos públicos. Os horarios de peche e desaloxo que se lles asignan oscilan desde as 11 da noite para os que se chaman "salas de festas e discotecas de xuventude", ata as 5 da mañá para os "tablaos flamencos" e as "discotecas e salas de festa con espectáculos ou pases de atraccións". Pasando polos horarios intermedios dos cines, teatros, circos ... (1,30 da mañá); cafeterías e espectáculos ó aire libre (2,30); os bares especiais e as verbenas e festas populares (3,30), etc.

Todo isto está moi ben e será, sen dúbida, necesario. Pero non será suficiente se non existen medidas capaces de evitar, por exemplo, que os máis xoves, para os que os seus locais de reunión pechan ás 11 da noite, poidan continuar logo a súa rolda refuxiándose nos outros tipos de locais onde se lles serven bebidas alcohólicas e ata se trapichea coas drogas sintéticas. O que produce a diminución ou perda do autocontrol e dexenera en altercados e ruídos.

É este un exemplo máis de cómo o problema dos ruídos e a contaminación acústica só pode ser afrontado con eficacia se se enfoca cunha visión integral dos factores que o xeneran.

1.2.11. Problema cada vez máis presente na prensa diaria

Nunha sociedade de libre circulación das informacións, a prensa convírtese á vez en portavoz da opinión pública e factor de orientación da mesma. Pois ben, tamén a prensa diaria se fai cada vez máis eco da problemática relacionada cos ruídos. Sobre todo daqueles ruídos dos que a xente se queixa.

Como ilustración disto que dicimos, reproducimos aquí algúns dos titulares de prensa que nos coincidiu ler mentres redactabamos este informe. Reproducímolos sen citalos medios dos que os recolleamos, e na orde cronolóxica na que foron aparecendo. Aínda que non todos, a grande maioría son da prensa galega. Cando do titular non se deduza claramente o lugar ou localidade a que se refire, engadirémolo entre paréntese. Vexamos:

"Orquestalandia, el país de las mil y una verbenas" (Galicia)

"Los pubs pedirán ante el Gobierno Civil la libertad de horarios. A las tres de la madrugada del sábado cerrarán para "*pasear*" hasta su sede" (Ourense)

"Los vecinos claman contra la libertad de horarios de los pubs y discotecas. El colectivo amenaza con movilizarse si lo consiguen" (Ourense)

"Cajas negras controlarán el ruido de los bares coruñeses"

"La presencia policial obliga a locales nocturnos de Cangas a cerrar a su hora"

"El cierre de locales nocturnos provocó disturbios en Pontevedra"

"Varios pubs de Tui acumulan en ocho meses hasta 16 expedientes de sanción por ruido"

"Entró en vigor el horario de cierre invernal para locales nocturnos. La Asociación de Vecinos, adelanta que no se cumplirá el horario y que seguirán las *caralladas* de los jóvenes hasta las siete de la madrugada" (Santiago)

"Expertos en acústica exigirán que se cumplan las normas del ruido" (Galicia)

"Las asociaciones de vecinos de Galicia crean una Plataforma contra Ruidos"

"Hogar, *dulce* hogar. A.N. sigue luchando para regresar a su hogar del barrio antiguo de Tui, que se vió obligada a dejar a causa de los ruidos nocturnos. El Concejo tiene incoados 40 expedientes y los pubs han recurrido todas las sanciones"

"La policía desaloja 16 pisos y cierra dos locales para poner límites a la *movida*. La Junta Local de Seguridad tratará de definir el marco para un pacto ciudadano por la convivencia" (Santiago)

"Santiago constituye un consejo consultivo de seguridad con representación ciudadana"

"Cientos de gallegos buscan un remedio a la audición de ruidos desconocidos. Los tratamientos ensayados hasta ahora para curar la enfermedad del tinitus o acúfenos no dieron resultado"

"La Policía denuncia 22 locales por incumplir el horario de cierre" (Santiago)

"El diseño de las nuevas autovías reducirá la contaminación acústica" (Galicia).

"Los empresarios centran su objetivo en la defensa del *estatuto especial* de Santiago"

"El Ayuntamiento recoge las propuestas del Valedor sobre la *movida* en la zona vieja"
(Pontevedra)

"Los locales nocturnos inician acciones para la aplicación del horario de cierre"
(Santiago)

"Los hosteleros crearán una comisión para acabar con los ruidos. Quieren un único horario de cierre de los locales" (Santiago)

"Santiago quiere prolongar la *movida*"

"Adolescentes de Lugo se inician en el consumo de alcohol a los doce años"

"Registrados unas 30 denuncias contra la seguridad y el orden ciudadano. Las protestas fueron causadas por incumplimiento de los horarios de cierre de los locales nocturnos y por algarabías callejeras de los estudiantes" (Santiago)

"La Policía Local disparó en 1995 su control sobre bares y pubs con 6.300 denuncias"
(Pontevedra)

"Santiago cuenta desde hoy con el primer Consello Local de Seguridad de Galicia. La *movida* nocturna será uno de los temas prioritarios a tratar por el nuevo organismo"

"El gobernador civil cree que se ha exagerado el problema de la *movida*" (Santiago)

"Acotes: El gran problema son las fiestas en pisos" (Santiago)

"El Consello de Seguridade aboga por la prevención antes que la represión" (Santiago)

"Hosteleros y policía harán un control de la *movida* tras el cierre de los locales"
(Santiago)

"La campaña contra el ruido tropieza con la *movida* verinense. El Ayuntamiento insta a los pubs a cerrar antes y a pagar guardias jurados"

"Los locales de la *movida* motivarán a los jóvenes para que salgan antes de sus casas"
(Santiago)

"El Concello de Tui embargará a los pubs que no paguen las multas por exceso de ruido"

"Los molestos ruidos del vecino. Los Aparejadores de La Coruña estudian el sonido medioambiental y las condiciones acústicas y de aislamiento de los locales y pisos"

"Más de mil casos de ruidos" (Santiago)

"Los vecinos aplauden el control contra los ruidos nocturnos" (Xinzo de Limia)

"Las discotecas y los locales de copas no podrán abrir antes de las 10 de la mañana"
(Pontevedra)

"El Gobernador autoriza a los alcaldes a cerrar locales que incumplan el horario"
(Pontevedra).

"La Policía carece de medios para evitar la circulación de vehículos ruidosos" (Vigo).

"Nuevo retraso en la norma que contralará el ruido de las ciudades"

"El Alcalde pactará la reducción del ruido de los pubs con los dueños" (Lugo).

"España es el segundo país con mayor nivel de ruido del mundo. Un estudio de la O.C.D.E. demuestra que un 23% de los españoles tienen que soportar más de 65 decibelios"

"El ruido en España provoca sordos de 30 años. Hoy Bethoven hubiera oído"

"Bestiales. Cada vez que me ausento unos días de España, al volver me quedo asombrado de lo que gritamos en los restaurantes"(el escritor Javier Marías)

Aquí limitámonos a recoller, sen outro orde ca o cronolóxico da súa publicación, algúns dos titulares que vimos na prensa sobre o tema dos ruidos. Cremos que abundan para darnos unha idea da actualidade que o problema cobra na sociedade de hoxe. Pero tamén nos ilustra acerca da súa complexidade e os contrapostos intereses que chocan cando se trata de encontrarlle solución. Choque de intereses e dereitos que quedan patentes, por exemplo, entre o que proponen os empresarios de hostelería e o que esixen as asociacións de veciños de Ourense. Ou as case insalvables dificultades que atopa o Concello de Santiago cando trata de compaxinala "movida" dos xoves e estudantes, cos intereses económicos dos donos de locais nocturnos e o

descanso dos demais cidadáns. Sen esquecer que en Santiago, como en xeral nas cidades con campus universitarios, aparece un factor máis entre os xeneradores de ruídos: as festas en pisos habitados por estudantes e os seus amigos.

**1.3. O SEU REFLEXO NAS QUEIXAS QUE SE PRESENTAN
Ó VALEDOR DO POBO**

1.3.1. As queixas sobre ruídos, como termómetro do espertar social

As queixas que se veñen presentando sobre ruídos constitúen un sensible termómetro do espertar da conciencia social acerca dos problemas que xenera a contaminación acústica.

Isto observámolo non só ó estudar o crecente número de queixas que sobre esta cuestión chegan ó Valedor do Pobo, senón repasando tamén os informes anuais do *Defensor del Pueblo* e dos demais Comisionados Parlamentarios autonómicos, así como os informes especiais que varios destes xa dedicaron ó tema.

Termómetro crecentemente sensible, dicimos, aínda que non ingualmente atento a toda clase de molestias producidas polos ruídos e a busca de solucións para eles. Así, as queixas que recibimos refírense moito máis ós ruídos **localizados en centros fixos** cós producidos polo tráfico rodado ou aéreo; máis ós **xenerados en lugares de ocio e diversión** cós sufridos nos centros de traballo; máis ós producidos en **locais de negocio** (talleres, panaderías,...) cós provocados en vivendas (propias ou alleas) ou con motivo de celebracións comunitarias con música e abundante foguetería (festas patronais e ó aire libre); máis ós que perturban o tempo de descanso cós que sufren nas horas de vixilia ou de traballo. En canto ás solucións esixidas contra os ruídos, apúntase máis ás que poida arbitrala Administración pública, cás que poderían esperarse dunhas mellores condicións acústicas no emprazamento e construción das propias vivendas (incluídas as de protección oficial).

1.3.2. Descripción dalgunhas das queixas máis significativas

Anteriormente xa nos referimos ó que poderíamos chamar "queixa tipo" das que sobre ruídos recibimos na institución do Valedor do Pobo. Acabamos así mesmo de referirnos ás medidas en que estas queixas poden ser consideradas como termómetro do espertar social e toma de conciencia sobre a problemática da contaminación acústica. Aquí imos a deternos un pouco en presentar algunhas queixas que vimos recibindo sobre ruídos e que consideramos especialmente significativas nalgún aspecto. Ben porque nelas se evidencia a desesperante lentitude da Administración en canto a poñerlles remedio; porque reflicten a complexidade e difícil compatibilidade dos intereses postos en xogo; porque sirven para desenmascara-la picaresca dalgúns empresarios que pensan exclusivamente no seu propio beneficio a curto prazo, etc.

Q/30/1990. Aproveitarse dos cambios nos equipos municipais

Presentamos aquí esta queixa como caso típico por unha parte dos efectos que pode ter o simple feito de que teñan lugar cambios ou relevos nos equipos municipais para debilita-la eficacia na loita contra a contaminación acústica. Sobre todo se o cambio de alcalde vai acompañado doutras circunstancias coadxuvantes como a escasa eficiencia do funcionariado municipal ou o feito de que o local xenerador dos ruídos estea aberto só durante algunha temporada do ano (época de vacacións).

Nesta queixa recibida na segunda semana de xuño de 1990, un veciño do municipio de Boiro (A Coruña) reclamaba contra os ruídos procedentes dunha discoteca sita a carón da súa casa. Describíaa funcionando en horarios de 9 da noite a 6,30 da mañá, máis de 12 a 14,30 ó mediodía ("a hora do vermouh"). Con altavoces postos a gran potencia, situados nunha gran

terraza ó aire libre; que o local estaba sen insonorizar, e que no verán mantiña as portas e fiestras abertas.

Presentara denuncias ante a Policía Municipal, ante o Concello e ante o Goberno Civil; todas sen resultado efectivo algún, según dicía.

Aceptada a queixa e acusado recibo dela, pedimos informes ó Concello sobre os diversos aspectos. Ante a falta de resposta municipal, seguimos requiríndolles estes informes periódicamente ata un montón de veces, comunicándollo tamén en cada caso o reclamante. (Temos que advertir aquí que o Valedor do Pobo acababa recentemente de tomar posesión do seu cargo cando recibiu esta e outras queixas, e que na súa primeira etapa decidiuse basea-las súas relacións coa Administración no diálogo perseverante, sen recorrer ás facultades dalgún xeito conminatorias coma as que lle confire a Lei da institución, (por exemplo nos artigos 22 e 33). Só a mediados de marzo de 1992, e previa chamada telefónica ó novo alcalde, conseguimos que se nos contestase do Concello. O novo alcalde fora elexido nas eleccións locais de maio de 1991. Na súa resposta informounos que él non estaba enterado de que chegara a nosa petición de informes nin os subseguintes requirimentos.

Entre a información que o alcalde nos enviou figuraba o dato esencial de que a discoteca contra a que se reclamaba xa non funcionaba. Só estivera aberta en temporadas de verán.

Enviamos ó reclamante o resumo da información recibida, por se tivese algo que alegar. En vista de que non presentou alegacións, demos por concluída a nosa actuación.

Mala actuación do funcionariado, cambio de autoridades na Corporación Municipal. Todo iso conxugouse co feito de que o local estivese aberto só nas temporadas de verán (que en

Galicia son breves), para que o titular puidese resistir un ano e outro eludindo a actuación administrativa. Atopáremonos noutras queixas con este mesmo problema, de que a un empresario de locais de ocio bástalle coñecer un pouco os ritmos e limitacións do funcionamento administrativo local para saber perfectamente como resistilas advertencias e posibles sancións ata a fin da temporada; e á temporada activa do ano seguinte, abrir de novo ou non abrir, en calquera caso sen correr maiores riscos.

Noutras ocasións, ó relevo normal dos equipos municipais a través das eleccións engádese a falta de estabilidade que xeneran nalgúns Concellos os derribos de equipos a través do excesivo recurso ós votos de censura. Ou os simples cambios nos concelleiros responsables das áreas relacionadas co urbanismo e medio ambiente ou coa policía local. Certos empresarios sen escrúpulos son verdadeiros linceos para adverti-los efectos que estes cambios producen en canto á falta de continuidade nas inspeccións, ausencia de seguimento sobre as melloras ordenadas nos locais, olvidos para facer efectivas as sancións acordadas e demáis.

En 1991 abrimos de oficio unha queixa referente a unha discoteca que viña funcionando no baixo dun edificio de apartamentos nun dos núcleos máis céntricos e poboados da cidade de Ourense. Deunos pé para abri-la a angustiada carta pública dirixida á prensa por parte do presidente da comunidade de propietarios. Aseguraba que propietarios e veciños en xeral levaban anos sen poder descansar con elemental normalidade, e que algúns xa se puxeran enfermos dos nervios. Durante eses anos esgotáranse reclamando ante o Concello e outras autoridades; foran anunciadas medidas por parte de organismos públicos; pero a súa efectividade resultara practicamente nula. Impotente, preguntábase agora públicamente, e no nome dos veciños, que lles quedaba xa por facer ou a quén deberían recorrer.

Aberta a queixa de oficio e reclamados informes ó Concello de Ourense, éste enviounos un amplo dossier. Del, deducíase que o problema fora tratado en múltiples ocasións

polos órganos municipais de goberno; medidas foran acordadas; incluso foran decretadas sancións diversas. Pero a efectividade fora mínima, e o problema continuaba sen resolverse en absoluto.

O Concello de Ourense tivera longos periodos de inestabilidade debido á falta de maiorías claras saídas das urnas, e á facilidade con que se recorrira os votos de censura por parte duns e outros. O dono da discoteca debeu darse conta do fácil que así resultaba burlar as advertenzas e medidas administrativas. Os veciños pagábano con detrimento da súa saúde e perda da confianza nas institucións democráticas.

Q/175/90. Exemplo de desconcerto e "peloteo" administrativo

Esta queixa está presentada en nome de toda a comunidade de propietarios dun grande edificio situado nunha zona urbana de Muros (A Coruña). Reclama contra os ruídos producidos por dous pubs situados no baixo, polo alto volume dos aparellos musicais, os cantares, gritos, golpes nas portas, arrinques de vehículos; tamén polo grave incumprimento dos horarios de peche. As repetidas denuncias ante o Alcalde, a Policía Municipal e a Garda Civil "non serviron para nada", din.

Recibida a queixa en agosto de 1990, a nosa actuación sobre ela durará ata decembro de 1993 no que decidimos dala por concluída.

Ó longo deses tres anos e medio, recibimos informes diversos do Alcalde, do Goberno Civil, da Delegación Provincial de Medio Ambiente... . Varios destes informes tiveron que ser requiridos repetidamente, ben pola tardanza en mandalos ou por seren incompletos. Procuramos que a nosa comunicación cos asinantes da queixa fora así mesmo asídua, ben para acusarlles

recibo coma para telos ó corrente dos informes recibidos e darlles oportunidade de que presentasen alegacións.

Unha das cousas que advertimos a través da tramitación desta queixa é o notable despiste e falta de medios por parte do Concello. Como o enviar ós técnicos municipais para que midan a intensidade dos ruídos ás 11 da mañá, cando a discoteca permanece pechada, o que motivou unha xustísima protesta dos veciños afectados.

Tamén unha certa confusión entre as administracións, orixinada ó mellor polas "competencias concurrentes"; o que dá pábulo á inhibición e ó peloteo de pasarse o problema duns a outros.

Pero en certas respostas acusábase así mesmo unha gran falta de conciencia sobre a realidade dramática do problema dos ruídos.

En decembro de 1992, a Comisión Provincial de Medio Ambiente informábanos que non podía emitilo dictáme que o Concello de Muros lle solicitara ó respecto porque no expediente "non se contempla o proxecto de insonorización" dos pubs, motivo polo que procedía a "recordarlllo de novo".

Enviámoslle, pois, unha advertencia ó Concello, ó abeiro do artigo 32.1 da Lei pola que se rexe a nosa institución, acerca do deber que tiña de remiti-lo referido proxecto de insonorización a Comisión Provincial.

Ante a falta de resposta do Alcalde, tivemos que requirirlle para que nos dixese se aceptaba a nosa advertencia ou a obxectaba.

É o 24 de decembro de 1993 cando o Alcalde nos contesta que, por esas datas, os pubs "están pechados".

Novamente se trataba de locais "de temporada", que resisten ou dan largas ás esixencias da Administración ata que pechan. E logo, para a temporada do ano seguinte volver a empezar.

Q/189/90. Lentitude, ineficacia, impotencia

Esta queixa asinada por varios veciños de Oleiros (A Coruña) recibíuse nesta institución en setembro de 1990, e aínda continúa aberta seis anos máis tarde, á hora de redactar este informe. Os reclamantes queíxanse do "calvario que estamos sufrindo" debido ós insoportables ruídos dunha discoteca situada nos baixos do edificio que habitan.

Acusado recibo da queixa e pedidos informes ó Concello de Oleiros, contéstanolo Alcalde en abril de 1991. Para facernos unha composición de lugar máis axeitada, pedimos máis datos ós reclamantes e novo informe ó Concello. Os reclamantes insisten nos motivos da súa queixa, corroborados cos novos documentos que nos fan chegar. O Alcalde só en xuño do 92 nos enviara o informe complementario que lle pedíramos, e iso despois de que o requerísemos varias veces. En setembro do 92 resumímolles ós reclamantes a información recibida, anunciándolles que concluíamos provisionalmente a nosa actuación agás que xurdisen novas incidencias.

Os reclamantes "agradecen" a nosa actuación pero queíxanse da escasa eficacia que tivo para as súas posibilidades de descanso. Ante os novos datos que nos fan chegar, seguimos reclamando ó Concello informes cada vez máis completos acerca das medidas que asegura estar tomando e esixindo ó propietario da discoteca para evita-las molestias acústicas dos veciños.

Xeralmente, cada novo informe que se lle pide temos que volvelo requirir varias veces. En xuño de 1994 concluímos de novo esta queixa, parecendo que dalgunha forma quedaba resolto o seu obxecto; aínda que continuamos á disposición dos reclamantes por se as molestias dos ruídos se repiten.

En plena temporada de verán, cando máis arrecian os ruídos na maioría dos centros de ocio, escribennos queixándose de novo, primeiro un fillo dos reclamantes e despois toda a familia. En abril de 1995 reabrimo-la queixa nun novo intento de forzar algunha solución eficaz. E así continuamos facendo suxerencias de solución ó Concello, tratando de conseguir que dentro das súas competencias legais se poña remedio á situación que os habitantes do edificio seguen acusando. A finais de maio de 1996 os veciños insisten unha vez máis: "o noso problema dos ruídos segue igual". É un exemplo bastante representativo do tipo de queixas que levan camiño de eternizarse, sen que a tenacidade dos reclamantes poida evitar en todos unha sensación de impotencia.

Q/259/90. Vivenda falta de todo illamento acústico nunha rúa de intenso tráfico.

A reclamante desta queixa, veciña do municipio de Cambre (A Coruña), protesta contra os excesivos ruídos que dí penetran na súa casa, e que ela atribúe a equipos musicais de gran potencia que asegura funcionan nun pub sito no baixo do edificio no que habita. Dí que o pub xa foi sancionado con peche temporal polo Concello, pero que as medidas tomadas para diminuí-lo efectos dos ruídos non valeron de nada.

De outubro de 1990 que recibimos a queixa ata decembro de 1993 que a demos por concluída, cruzámonos abundantes comunicacións escritas dunha parte coa reclamante e doutra con diversos organismos da Administración afectados (Concello de Cambre, Comisión Provincial

de Medio Ambiente de A Coruña...)). Comunicaci3ns que, con respecto 3 Administraci3n, unhas veces son para reclamar informes e outras para requirirlos ante a demora en envialos.

Alg3ns dos informes recibidos do Concello de Cambre parecen ofrecer a clave ou unha das claves do problema ventilado nesta queixa. Comun3canos que 3 tramitar a licencia para a apertura do pub denunciado "se cumpriron os tr3mites de informaci3n p3blica e notificaci3n persoal 3s veci3os inmediatos" sen que se manifestase oposici3n por parte destes. E que cando o t3cnico do municipio intentou entrar na vivenda do reclamante para verifica-la intensidade dos r3ídos dentro e compara-los c3s que acababa de medir no pub, a reclamante op3xose taxantemente a permitirlle entrar na s3a casa. O informe do t3cnico d3 conta ent3n de que "o illamento da fachada da s3a vivenda deixa moito que desexar". Que ten "ventanais de grandes dimensi3ns, acristalados con vidrios sinxelos"; que por outra parte d3 a unha "r3a de intenso tr3fico rodado", adem3s de estar situada "fronte 3 pol3gono industrial". De todo iso deduce a conclusi3n de que as fontes xeradoras dos r3ídos e as causas do impacto que producen dentro da vivenda da reclamante son diversas.

O feito de que a reclamante identifique 3 pub como 3nica ou principal causa da molestia ac3stica que sofre, p3dese deber a que se trata dunha causa f3cil de sinalar ou por mala relaci3n interveci3nal. Como xa indicamos anteriormente neste informe, o Valedor do Pobo recibe moitas queixas sobre r3ídos emitidos desde locais de ocio e non as3 contra os r3ídos do tr3fico rodado (malia a constituir 3ste, segundo estudos realizados, a causa do 80% do r3ído emitido). Al3 mesmo indicabamos tam3n a escasa esixencia que ten a nosa sociedade para cos constructores de vivendas en materia de prevenci3n da contaminaci3n ac3stica.

Q/19/91. Denuncias aparentemente esaxeradas

O reclamante desta queixa acusa os ruídos, vibracións e outros efectos nocivos que dí sufrir, procedentes dun café-bar situado no baixo da súa casa, na cidade de A Coruña. O reclamante habita no primeiro piso.

Acompaña documentación que, segundo el, acredita estar "canso de presentar denuncias" ante a Administración. "Pero só me serviron", engade, "para comprobar que os organismos competentes na materia non teñen vontade de facer nada decente polo benestar dos cidadáns". Dí que vén presentando denuncias desde 1985. O ruído atribúeo a aparellos musicais, xogos, arrastre de sillas e mesas, ruído de cacharros....

Acusa que o café-bar xa cambiou de titular varias veces, sen que as molestias tiveran diminuído en absoluto. E que, ante as medidas e reparacións esixidas pola Administración, o titular do negocio traspáso ó outro sen advertirle das esixencias administrativas pendentes; co que os expedientes administrativos teñen que comezar de novo. E así, as denuncias convírtense nunha desesperante historia de nunca acabar. O que levou xa a que a súa dona se puxera enferma dos nervios.

Pedidos informes o Concello de A Coruña e recibidos, neles advírtese unha versión ben diferente. O café-bar denunciado conta coa preceptiva licencia administrativa. E ademáis, o Concello xa advertiu ó asinante desta queixa que "será sancionado se persiste en presentar denuncias sen fundamento".

Nunca mellor ocasión para recordar aquí a componente subxectiva, incluso demasiado subxectiva, que ás veces teñen as queixas sobre molestias sufridas por ruídos.

Esperemos así mesmo que o divorcio entre percepción subxectiva e medición obxectiva das emisións acústicas se reduza substancialmente coas novas técnicas de medición dos ruídos

nos locais abertos ó público que o Concello de A Coruña anunciou se propón por en marcha (Vid. Diario Oficial de Galicia, nº 171, de 2 de setembro de 1996, páxina 8.159). Consistía nunha especie de sonógrafo ou "caixa negra" que o Concello instalaría de forma obrigatoria en todos aqueles "locais con actividades de ocio nocturno (pubs, cafés-cantantes, discotecas, etc.) que sexan denunciados por molestias ós veciños". Xunto co sonógrafo, estes dispositivos terían que "incorporar un equipo limitador que manteña a emisión do equipo musical dentro dos niveis fixados pola ordenanza (municipal) para o tipo de actividade que corresponde a súa licenza de apertura".

Outras prestacións que se esperaba proporcionase este "dispositivo de control ou caixa negra" eran as seguintes:

"Rexistrar e almacena-lo periodo de funcionamento ruidoso da actividade en cuestión, rexistrando data e hora de terminación cos seus correspondentes niveis de presión sonora de emisión de rúdos na sala ou local".

"Rexistrar e almacena-los periodos de funcionamento das fontes sonoras, ou sexa, o seu equipo musical, co obxecto de controla-la súa correcta actuación".

"Dispoñer dun sistema que lles permita ós servizos técnicos municipais rescata-la información almacenada e traslada-la ós servizos informáticos do Servizo de Inspección para a súa posterior análise e avaliación".

"Así mesmo, deberá dispoñer dun dispositivo de protección sobre posibles manipulacions da caixa negra realizándose ésta mediante claves electrónicas ou claves de acceso".

Finalmente, a empresa concesionaria deste servizo debería "subministrarlle ó Concello a terminal portátil para a lectura de datos da memoria do sonógrafo, así como o programa ou programas de inspección e as súas correspondentes claves".

Habendo coñecido este novo proxecto técnico de control obxectivo da emisión de ruídos cando xa estabamos a punto de remata-la redacción do presente informe sobre contaminación acústica en Galicia, o Valedor do Pobo faise eco del como unha mostra da crecente seriedade con que este problema tende a afrontarse, tamén na nosa Comunidade Autónoma. Só unha verdadeira homologación dos sonógrafos e dos seus dispositivos de control darán autoridade ós municipios para tomar e facer cumpli-las medidas limitadoras e correctoras dos ruídos. Sobre todo se a instalación obrigatoria destas tecnoloxías de control está respaldada por unha cobertura legal suficiente, que permita esixir responsabilidades ós diversos niveis.

Q/88/91. Cando detrás da queixa pode haber outras motivacións

Un veciño de Vigo reclama nesta queixa contra os ruídos producidos por unha panadería situada debaixo da súa vivenda. "Éme imposible concilia-lo sono", dí. Demunciei o caso ante o Concello, sen froito ningún.

Sen embargo, o Concello de Vigo contesta xa á nosa primeira petición de informes con un dossier moi completo e detallado das actuacións levadas a cabo. Resumímoslles ó reclamante, que á súa vez presentou alegacións dando lugar a que a nosa institución pida ó Concello informacións complementarias. A Administración municipal toma a decisión de precinta-la panadería. O propietario esixe autorización xudicial para o precinto, o que demora considerablemente a súa execución. Mentras tanto, o reclamante amplifica persistentemente a súa queixa por vía telefónica, a través de cerca dunhas vinte chamadas. Ó final, a comezos de maio de 1994 o reclamante comunícanos por teléfono que desiste da queixa, xa que unha sentenza

xudicial firme acaba de anula-lo seu contrato de arrendamento da vivenda. A vivenda que viña ocupando e desde a que acusaba percibi-los ruídos molestos, pasa ás mans do propietario que á súa vez o é da panadería. O dono da panadería comprara o edificio enteiro cando xa o reclamante era inquilino.

Unha das cousas das que tamén nos imos enterando a través das comunicacións é que, entre o reclamante e o novo propietario houbo un intento de negociación no que cada un procurou situarse nunha posición o máis sólida posible desde a que cede-la vivenda. ¿Formou parte desta estratexia negociadora a presentación da queixa ante o Valedor do Pobo?

Q/117/91. Cando quen contamina é a propia Administración

Esta queixa colectiva foinos presentada pola presidenta da Comunidade de Propietarios dun edificio de Cambados, directamente contra o mesmo Concello desa vila pontevedresa.

A través dun concerto co INEM, o Concello instalou unha escola-taller nun local colindante co edificio. Os propietarios deste último queíxanse dos "ruídos insoportables" que producen as serras ó corta-lo granito, o ferro e a madeira, así como o pó e gases tóxicos emanados da escola-taller. Explican que durante varios meses mantiveron diversas entrevistas e presentaron protestas ante o Concello, sen que as molestias diminuíran senón ó contrario: que éstas seguían aumentando ó ampliárense os cobertizos e introducírense novas máquinas. Aseguran que todo isto o fixo o Concello sen tramitar proxecto legal ningún e, para maior paradoxa, funcionando dentro do casco histórico-artístico da vila.

Recibida a queixa no Valedor do Pobo a 15 de marzo de 1991, démola por rematada o 28 de abril de 1992, sen que desde esta última data recibísemos ningunha nova alegación por parte dos reclamantes.

A través da súa tramitación, tivemos que pedir informes tanto ó Concello como á Delegación Provincial do Medio Ambiente. Sen nega-los feitos denunciados, a Delegación Provincial do Medio Ambiente parece estar disposta a disculpalos pola "finalidade social" da escola-taller. O Concello aducía así mesmo os "70 postos de traballo e de ensino" creados a través da escola-taller, "fronte á calidade de vida da Comunidade de Propietarios". E reflectía a dificultade coa que se atopaba ó verse obrigado a elexir entre estes intereses contrapostos, ou intentar atopar outras alternativas en que ambos os dous intereses puidesen compaxinarse.

Q/587/91. Defensa cando menos inoportuna

Asinada por dúas señoras de Xinzo da Limia (Ourense) e recibida en setembro de 1991, esta queixa denuncia os ruídos procedentes dunha discoteca aberta no baixo do edificio no que viven. Manifestan que levan facendo xestións ante a Administración desde o ano 1986. Confesan sentirse "totalmente desmoralizadas e impotentes pola angustia que nos produce a pasividade das Administracións local, provincial e autónoma ante o feito tan evidente de desobediencia e burla que reiteradamente veñen practicando os sucesivos e distintos propietarios ou xerentes da discoteca" denunciada. Discoteca que estaría funcionando nun "local sen a altura suficiente" e con "total ausencia de medidas de insonorización".

Din que as súas sucesivas denuncias foron presentadas ante o Alcalde, a Garda Civil, o Gobernador Civil, a Comisión Provincial do Medio Ambiente. Que por parte de todos reconocéuselle a falta de condicións; pero que ninguén fixo executa-las medidas necesarias para subsanalas. E que, ante a "desidia e negligencia" das autoridades, continúan os "ruídos insoportables, os escándalos, as infraccións ó horario de peche...". O que, conclúen, "atenta contra a nosa saúde física e psíquica, ó non poder concilialo sono día tras día e noite tras noite".

Pedido informe sobre o caso ó Alcalde de Xinzo da Limia, este mándanolo calificando de "acusacións totalmente infundadas e gratuitas" as das reclamantes. Da discoteca asegura que "reúne as condicións que se sinalan no Regulamento Xeral da Policía".

Ante versións tan flagrantemente contradictorias entre o informe do Alcalde e as protestas das reclamantes (que ratifican indignadas ó presentaren novas alegacións), pedimos ó Concello un informe complementario do anterior. Despois de requiririllo repetidamente, envíanolo, agora máis matizado. Recoñece que un dos diversos propietarios que tivo a discoteca estivo dando largas ó asunto ante a orden do Concello para que "procedese a correxi-las deficiencias que motivaron a queixa". Que despois de pedir por varias veces novos prazos para levalas a cabo e vendo que non facía nada, a Comisión de Goberno do Concello deliberou sobre a apertura dun expediente sancionador. Que, finalmente, a Policía Local comprobara que o local denunciado cesara na súa actividade e figuraba xa como baixa no IAE.

Ante isto, comunicámoslles ós reclamantes que procediamos a archivar a queixa.

Nesta queixa temos que destacar algúns datos elementais. En primeiro lugar que desde que a familia afectada polos rúidos da discoteca presenta a súa primeira denuncia no Concello de Xinzo da Limia (1986) ata que éste chega a recoñecer que existen "deficiencias" e irregularidades no local denunciado e acorda as primeiras medidas sancionadoras (novembro de 1992) tiveron que transcorrer seis longos anos. E que só tras catorce meses de tenaz actuación do Valedor do Pobo se consegue que se tomen medidas correctoras por parte do Concello. Medidas que foron precedidas por unha primeira toma de postura por parte da Autoridade municipal totalmente temeraria e improcedente a favor do empresario da discoteca e innecesariamente descalificatoria deica á familia que inxustamente viña sufrindo os efectos nocivos dos rúidos. No medio quedan seis longos anos de loita contra unha indebida agresión acústica, loita que leva a cabo primeiro a nai da familia agredida e logo, finada ésta, é continuada polas súas fillas.

Finalmente, outro dato a ter en conta é que en todo ese tempo no que ten lugar a negación oficial das irregularidades denunciadas e o seu posterior recoñecemento, a persoa titular da Alcaldía de Xinzo da Limia é a mesma.

B.2.Q/433/92. Un exemplo de tenaz entorpecemento por parte da Administración.

A reclamante neste caso é unha asociación de veciños. Protestan contra os ruídos que producen toda unha concentración de pubs, discotecas e salas de festas situadas, na súa maior parte, na rúa de San Pedro e a Praza das Frores da cidade de Ourense.

Ós catro anos de se recibir esta queixa no Valedor do Pobo (agosto de 1992), á hora de redacta-lo presente informe segue sen poder resolverse de forma mínimamente satisfactoria. A través da súa tramitación, a colaboración da Autoridade administrativa (neste caso o Concello de Ourense) non puido ser máis ineficaz e decepcionante.

Desde o punto de vista obxectivo, calificámola no título como "exemplo de tenaz entorpecemento", sen entrar na valoración subxectiva ou intencional.

Os reclamantes queíxanse de que se sentían "torturados" polo intensidade dos ruídos producidos; que os centros emisores estaban, en xeral, "instalados en locais mal acondicionados"; funcionando con aparellos musicais a un "volumen extremadamente alto", moitas veces "coas portas e fiestras abertas"; e sen cumprir cos horarios de peche. "Ningún destes locais cumpre a Ordenanza Municipal sobre ruídos e vibracións" (mencionaban toda unha serie deles polos seus

nomes). "A nosa saúde estáse deteriorando dunha forma grave: estrés, ansiedade, insomnio, alteracións fisiolóxicas e de comportamento; merma do noso rendimento no traballo...", resumían.

Despois de térmolle pedido informes ó Concello de Ourense e requirirlos repetidamente, en abril de 1993 enviánnos un breve e insubstancial informe que apenas contribúe a esclarece-los feitos denunciados. Postos en contacto telefónico cun funcionario do Concello, comunicáanos sen máis que o expediente "estraviouse e logo arquivouse sen máis tramite".

Ante as alegacións indignadas dos reclamantes, pedimos por escrito novos informes, que tivemos que requirir ata sete veces máis sen recibir resposta algunha.

A fin, o día 1 de febreiro de 1996 enviamos un novo escrito a nova Corporación Local xurdida das eleccións, **coa seguinte advertencia:**

"Que se no prazo máximo dun mes a contar desde a data deste escrito non se recibe nesta institución o informe que unha vez máis lle requirimos, segundo o previsto no artigo 22.2 (da Lei pola que se rexe) o Valedor do Pobo procederá a facer a declaración de hostil e entorpecedora das súas funcións en canto se refire á tramitación da presente queixa"

O día 12 do mesmo mes de febreiro contestábasenos, e podíamos continuar coa interminable tramitación desta queixa.

C.4.Q/422/93. O que é absolutamente inaceptable

O presidente dunha comunidade de propietarios de O Barco de Valdeorras, e en nome da mesma, presentounos esta queixa. Reclamaba contra as molestias sufridas debido ós ruídos procedentes de varios locais de ocio situados no baixo dun inmoble. Acusa que os ditos locais funcionaban cunha "total carencia de insonorización"; con aparellos musicais actuando a "todo volume", contaminando con ruídos as cinco plantas do inmoble. Que boa parte dos usuarios comportábanse con "claros exemplos de incivismo e falta de respecto ós dereitos dos demais"; que á saída dos locais continuaban as troulas na rúa "ata a saída do sol", con "concentración de beodos, pelmazos e similares", que producían un "estrepitoso sonar de vidros en contedores, rifas e esmorgas". E como efectos, un nivel de ruídos capaz de "poñer esquizofrénico ó máis pacífico dos mortais"; que os infractores esquecen que dentro do mesmo edificio "se atopan enfermos, anciáns e outras persoas que precisan descanso para poder traballar ó día seguinte". E que os titulares destes locais que quebrantan tódalas regras da convivencia presumen de que o importe de "unha multa" cúbrese con "un cubata máis".

Que xa están cansos de presentaren denuncias ante o Alcalde, a Garda Civil e o Gobernador Civil, sen que surtiran eficacia algunha.

A queixa foinos presentada na primaveira de 1993. A través dos diversos informes que imos recibindo do Alcalde (non sen vernos obrigados a requirirlos repetidamente), observamos unha mezcla de falta de sensibilidade ante o problema, carencia de medios, e tentación de votar balóns fóra pasando a pelota ó Gobernador Civil. E entre a documentación que nos envía, destacan pola súa seriedade e rigor varios informes do arquitecto municipal, que si parecen que poñen o dedo na chaga.

Entre as carencias advertidas a través dos informes do Alcalde sinalanos: que o Concello non conta con persoal suficiente para envia-los técnicos a efectua-las medicións de ruídos pola noite (que é cando funcionan as discotecas e os veciños necesitan descansar); que carece así

mesmo dos aparellos adecuados; que nin sequera parecía coñecer ben cales eran as súas propias competencias na materia, nin de cáles outros organismos administrativos pode esperar asesoramento.

De entre os datos esclarecedores que se reflicten especificamente nos informes asinados polo arquitecto, destacamos polo contrario os que seguen: menciona a necesidade de que as medicións de ruídos se efectuen nas horas nocturnas; apunta que tamén existen outras fontes de ruídos (como os do tráfico rodado) diferentes dos producidos nos locais denunciados; sinala que tampouco as vivendas do inmovible contan con medidas de illamento antiruídos, o que as fai máis vulnerables.

Ante isto, procedemos recordando ó Alcalde as súas propias competencias e as obrigas que delas se derivan, así como informándolle sobre os organismos supramunicipais ós que cabe pedir axuda.

En agosto de 1995 contéstanos o Alcalde de O Barco comprometéndose a tomar "medidas serias" sobre o problema que orixinou a queixa. Con este motivo, escribímoslle de novo pedíndolle que teña informado ó Valedor do Pobo de maneira que poidamos facer un seguimento sobre a eficacia desas medidas.

C.4.Q/669/93. Cando non basta con medir os decibelios

Unha veciña de Pontedeume (A Coruña), reclamaba nesta queixa contra os "ruídos insoportables" que lle producían, explicaba, os ensaios dun grupo musical folk, efectuados nun local colindante coa súa vivenda que o Concello cedera ó mencionado grupo.

Estannos destrozando os nervios a toda a familia e a outros veciños, dicía. Achegaba incluso o certificado dun psiquiatra, con diagnóstico de "distimia depresiva". Concretaba que a paciente estaba "afectada por un cadro de choro, hipersensibilidade e ideación constante de padecer unha enfermidade mortal". Engadía que "padeceu depresións de forma intermitente ó longo dos últimos 25 anos, sendo tratada con antidepressivos cíclicos". O mesmo certificado psiquiátrico conclúe que, agora, volve a "presentar outra recaída, esta vez orixinada polos ruídos molestos, diarios e constantes dunha orquesta que ensaia ó lado da súa casa".

Esta situación, subxectivamente percibida pola reclamante como gravísima e incluso potencialmente mortal, teríamos que contrastala co contido doutros informes, sobre todo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal e que o Concello nos fixo chegar. Tamén tivemos que compara-la denuncia presentada por outros veciños contra outro grupo musical distinto, así como o pronunciamento a prol das actividades do grupo musical acusado pola reclamante.

Finalmente informóusenos que o grupo musical denunciado deixara xa de ensaiar, polo que decidimos archivar-la queixa. Non sen antes recordar unha vez máis a dimensión subxectiva da molestia por ruídos, da que falamos xa noutra parte deste informe. O que debería terse sempre en conta ó analiza-lo problema dos ruídos. Non abonda moitas veces medi-lo número de decibelios para apreciar en toda a súa complexidade a natureza da contaminación acústica e o impacto que ésta fai nas persoas.

C.4.Q/718/93. Exemplo de proceder inadecuado e ilegal

O reclamante diríxese ó Valedor do Pobo queixándose do exceso de ruídos e outras molestias que proveñen dun taller de ferreiría que funciona ó lado da súa vivenda. Explica que os

ditos ruídos resultan insoportables para a súa nai, afectada por unha demencia senil, e que él mesmo xa se atopa cos "nervios averiados" como consecuencia deles. Asegura ter dirixido xa tres denuncias ó Alcalde de Sada (municipio de A Coruña, ó que pertence), dúas ó Gobernador Civil e outras dúas á Xunta de Galicia; pero que non lle resolveron nada, e que o Alcalde nen sequera llas contestou.

O Valedor do Pobo reclama informes sobre o problema e, dos que recibiu dedúcese:

Primeiro. Que o taller denunciado comezou a funcionar, e polo tanto a produci-las molestias acústicas xa no 1987.

Segundo. Que as denuncias do reclamante ante as autoridades comezaron o 18 de decembro de 1990, é dicir, logo de ter aguantado os ruídos durante tres anos e dous meses. E só pasados seis anos, ante a inoperatividade das autoridades, decidiuse a reclamar ante o Valedor do Pobo.

Terceiro. No primeiro informe que nos enviou o Alcalde de Sada reconece que "o taller carece aínda da licencia, ó estar pendente de adoptar medidas correctoras". De posteriores informes tanto do Alcalde como do aparelador municipal e da Xefatura Provincial de Protección Ambiental, dedúcese que, a comezos de 1995, o taller levaba xa máis de 7 anos funcionando cunha licencia provisional de apertura, sen reunir en absoluto as condicións para que se lle outorgase licencia definitiva.

Como consecuencia de todo isto, recriminamos ó Alcalde ter permitido que o taller funcionase durante tantos anos cunha licencia provisional, cando o máximo de tempo tolerado pola lei son seis meses. En vista de que o Alcalde non contesta ós nosos requirimentos,

preguntamos ó Secretario do Concello se cumpriu co seu deber de advertir sobre a ilegalidade á Corporación Municipal.

A todo isto, ante cada paso que damos informamos del ó reclamante. E este, contéstanos á súa vez indefectiblemente que os ruídos e molestias continúan.

O 13 de xaneiro de 1995, a teor das facultades encomendadas no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, dirixímoslle un recordatorio de deberes legais ó Alcalde, co seguinte texto:

"Recordarlle os deberes legais que lle corresponden ó respecto do problema que motivou a queixa, e en concreto ó disposto no artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións locais e no Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas. A este respecto, debe subliñarse dun modo xenérico o mandato contido no artigo 103 da nosa Constitución no que se sinala que a Administración Pública servirá con obxectividade ós intereses xerais e actuará con sometemento pleno á Lei e ó Dereito".

Pois ben, á hora de redactar este informe sobre a contaminación acústica en Galicia, o reclamante segue indicándonos que as molestias producidas polo ruído do taller continúan e o Alcalde non parece toma-las medidas que a Lei pon nas súas mans para evitalos. De aquí que só poidamos calificar esta queixa como o facemos no epígrafe: "un exemplo de proceder inadecuado e ilegal".

C.4.Q/216 e 1.116/94. Problema multiplicado pola concentración de locais de ocio nunha mesma zona.

Ás veces o problema dos ruídos e a contaminación acústica multiplícase ata facerse totalmente insoportable, debido á acumulación de centros e locais emisores de ruídos nunha mesma zona habitada.

As causas desta concentración adoitan ser de diverso orde: falta de previsión das autoridades ó conceder-las licencias; que unha determinada zona se poña de moda; non digamos nada se ademáis coincide co paso dalgunha rúa con intenso tráfico rodado, ou con algunha industria ruidosa na mesma zona.

O efecto final soe ser que, ou se toman medidas para reparar no posible o mal xa feito ou aquela zona convírtese en insoportable como lugar de vivenda e descanso.

Entre as queixas que se presentaron ó Valedor do Pobo, sinalamos aquí tres nas que a gravidade do problema de contaminación acústica viña dada, en toda ou en boa parte, por esta concentración de locais emisores de ruídos. Nos tres casos se trata de concentración excesiva de locais de ocio.

En primeiro lugar facemos nova mención da Q/433/92, que antes describimos co título "Un exemplo de tenaz entorpecemento por parte da Administración". Co aquel título destacamos-lo aspecto máis rexeitable daquela queixa. Pero sen esquece-lo feito que facía especialmente penosa a vida da comunidade de veciños reclamante: a excesiva concentración de locais de ocio e diversión na Rúa de San Pedro e a adxacente Praza das Frores, da cidade de Ourense.

Outro caso reflíctese na Q/216/94. Nela, unha veciña de Redondela (Pontevedra) protesta contra toda unha serie de bares, pubs, salas de festas e demáis, sitas nunha pequena zona, que na propaganda pública era significativamente trouleada coma "Rúa do ritmo nocturno", "Corazón da movida", etcétera.

Ademáis dos ruídos procedentes do interior dos locais, a reclamante refírese tamén a outra especie de "verdadeiros bares calexeiros, animados con música estridente", que os clientes instalan en plena rúa. Acusaba as "embriagueces, berros soeces, vasos e botellas estrelados contra as fachadas dos edificios veciños...; niveis de ruído imsoportables" ata as 5 e 6 da mañá. Denunciaba a reclamante que os seus catro fillos, entre 5 e 16 anos, estaban condenados a non poder durmir en toda a noite, ademáis de impoñérselle-lo escoitar "toda sorte de soeces barbaridades". "Aquí, poñerse enfermo obriga a marcharse para outra zona, se se ten algún familiar que o acolla a un" na súa casa. Asegura que reclamou repetidas veces ante o Alcalde e a Policía Municipal, sen recibir outra resposta ca boas palabras.

Recibida a queixa en marzo do 1994, acusámoslle recibo a reclamante e pedimos informes ó Alcalde. Ás poucas semanas, a reclamante comunicábanos que o Alcalde, "por primeira vez", acabáballe de contestar por escrito a súa última denuncia e que o ruído tiña diminuído sensiblemente a anterior fin de semana. Pola súa parte o Alcalde informábanos que os bares e establecementos da rúa denunciada, excepto dous, todos carecían de licencia, aínda que agora todos se precipitaran a solicitala. Que por outra parte, o Concello de Redondela estaba pendente de aprobar unha Ordenanza sobre ruídos e vibracións, e se comprometía a que, unha vez aprobada, a aplicaríaa "coa maior rigurosidade". Achegábanos así mesmo unha tabla oficial de horarios de peche para os locais de ocio, no que o tope máximo era de 2 ou 3 horas menos cas denunciadas ante a mesma Policía Local pola reclamante.

Ante isto, o día 16 de xuño de 1994 e ó abeiro do artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, mandámoslle ó Alcalde de Redondela un **recordatorio de deberes legais** que dicía o seguinte:

A este respecto, debe subliñarse dun modo xenérico o mandato contido no artigo 103 da nosa Constitución no que se sinala que a Administración Pública servirá con obxectividade ós intereses xerais e actuará con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

Por outra parte, os artigos 34 e 35 do Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, novicas e perigosas, sinalan que:

"Art. 34. Obtenida la licencia de instalación de una actividad calificada como molesta, insalubre, nociva o peligrosa, no podrá comenzar a ejercerse sin que antes se gire la oportuna visita de comprobación por el funcionario técnico competente, no sólo por la actividad de que se trate, sino también por la naturaleza del daño que pueda causarse. En el caso de que no dispusiere el Ayuntamiento de tal funcionario, podrá solicitarlo del correspondiente Organismo provincial".

"Art. 35. El Gobernador civil de la provincia podrá ordenar en cualquier momento que por un funcionario técnico se gire visita de inspección a las actividades que vengan desarrollándose o instalaciones que funcionen, para comprobar el cumplimiento de las condiciones exigidas en la licencia. Iguales medidas podrán adoptar las autoridades municipales".

Advertímoslle así mesmo ó Alcalde a obrigación que a mesma Lei do Valedor do Pobo (artigo 32.2) tamén impón de contestar no prazo, de un mes, aceptando o recordatorio de deberes legais ou, se é o caso, expoñendo as razóns que poida ter para non aceptalo.

O Alcalde contestounos ó mes seguinte ofrecéndose a "prestar a colaboración necesaria" aínda que sen dicir expresamente se aceptaba ou non o recordatorio.

Pola nosa parte, informámoslle do resultado á reclamante dando por concluída provisionalmente a nosa actuación.

Outra queixa ilustrativa deste problema de sobrecapacidade é a Q/1.116/94. Foi nosa presentada en outubro dese ano por unha comunidade de veciños de Monforte de Lemos (Lugo). Tratábase de un polígono de 58 vivendas construídas nun mesmo edificio polo BBV e sito na rúa Duquesa de Alba. Nos baixos dese edificio fóranse concentrando ata 8 pubs. Como consecuencia diso, queixábanse os reclamantes, "aquí non se pode vivir"... "Gran parte dos veciños temo-los nervios destrozados"... "Xoves que non poden prepara-los exames"... "Venda de alcohol a menores"... "Venda de drogas"...

Sinalaban incluso que, aínda que quixeran desfacerse das vivendas que ocupan e irse a vivir a outra parte, non poderían facelo. Pois agora, "o valor das nosas vivendas no mercado é cero", coma consecuencia da degradación sufrida na calidade de vida por causa dos ruídos insuportables.

Identificado o problema sobre todo como unha sobrecapacidade de locais de ocio, o Valedor do Pobo, a 7 de xullo de 1995, envioulle ó Alcalde de Monforte de Lemos a seguinte **recomendación** que, na súa parte resolutiva reproducimos aquí:

Á vista do anteriormente exposto consideramos que a raíz principal do grave problema de ruídos acusado polo presidente da Comunidade de Veciños reclamante estriba no feito de permitirse que se concentraran naquela zona un número excesivo de locais destinados ás actividades de ocio e recreación. Permisividade á que non é allea esa Corporación Municipal, responsable de concede-las licencias de apertura. Por iso, de acordo co previsto na Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a **recomendación** seguinte:

Que ese Concello proceda a declarar ós mentados edificios "zona sobreesaturada" en canto á ubicación de locais de ocio e diversión. E que para os efectos de ir progresivamente recuperando unha maior normalidade na zona que faga posible o descanso dos seus habitantes e diminúan os focos e intensidade dos rúidos, se empece a tomar medidas como as seguintes:

- Esixir unha determinada distancia desa zona para autoriza-la apertura de novos locais de ocio e recreación.

- Ser estrictamente rigurosos na esixencia de medidas de insonorización, cumprimento dos horarios de peche, prohibición de despachar bebidas alcohólicas a menores, tolerar reunións ruidosas e consumo de bebidas nas beirarrúas, etc.

- Aproveita-los cambios de titularidade dos locais xa existentes (por traspaso, venda e demais) para elevar ó máximo legal o teito de medidas correctoras dos rúidos e incentiva-la reconversión dos mesmos cara outras actividades menos ruidosas.

- Calesquera outras que poida considerar doado tomar ese Concello.

Ante o silencio do Alcalde á nosa recomendación, en outubro de 1995 recordámoslle o deber de contestar. E a comezos de 1996 recibimo-la súa resposta, que consideramos positiva.

Co esta recomendación, que comunicamos ós reclamantes, só nos queda continua-lo seguimento das medidas que o Concello de Monforte de Lemos poda ir tomando en orde a paliar e diminuír progresivamente a grave degradación acústica creada nesta zona. E as

suxerencias e medidas que entón lle recomendabamos séguennos parecendo adecuadas, á hora de redactar este informe, para as zonas que chegasen a caer en niveis de sobreesaturación e degradación semellantes.

Por outra parte, dirixida xa esta recomendación ó Alcalde, pouco máis tarde recibimos a C.4.Q/708/95, na que a Comisión Xestora de "Veciños da rúa Duquesa de Alba", de Monforte de Lemos, pedían a intervención do Valedor do Pobo para que non se autorice a apertura de máis pubs naquela zona.

Outros casos de sobreesaturación de locais de ocio, con acumulación de contaminación acústica, son tamén os acusados polas Qs./608 e 611/96, referidas a diversos bares, cafeterías, pubs abertos na rúa Ferrador, de Noia (A Coruña).

Pontevedra é outra cidade que, sobre todo no seu casco antigo (Cinco Rúas, rúa Pai Gómez Charino...) conta con zonas sobreesaturadas de locais de ocio e, conseguintemente, de centros emisores de ruído. Como o son en A Coruña rúas coma a de Juan Canalejo e outras.

1.3.3. Outras queixas e aspectos sobre ruídos

Ata aquí resumimos algunhas das queixas máis significativas que recibimos sobre contaminación acústica, a maioría referentes a ruídos xerados nos locais de diversión e ocio. Pero entre o crecente número de queixas que chegan ó Valedor do Pobo sobre ruídos abundan tamén as que acusan molestias ruidosas procedentes doutro tipo de locais, sobre todo centros de traballo: panaderías, talleres, supermercados, etc., situados nos baixos dos edificios de vivendas ou moi próximos a éstos.

Para obter un panorama un pouco máis completo da problemática sobre ruídos que se presenta ante a nosa institución, ofrecemos aquí algúns outros aspectos e circunstancias non comentadas no epígrafe anterior.

a) Dificultades case insuperables para comproba-los niveis de ruídos

Na Q/12/90, esta dificultade ou práctica imposibilidade para verifica-la intensidade dos ruídos denunciados proviña de que o reclamante vivía habitualmente en Ourense e a denuncia referíase ós ruídos percibidos na vivenda de vacacións e fin de semana que tiña en Baiona (Pontevedra). Atribuíaos sobre todo ó encendido e apagado de motores dos frigoríficos dun supermercado situado no baixo do edificio de apartamentos. Os técnicos do Concello de Baiona enviados os días laborais para verificalos ruídos soían atopar-la vivenda pechada, polo que non podían verifica-los efectos dos ruídos nela a mesma hora que os medían no supermercado.

Esta dificultade para axiliza-la tramitación deste tipo de queixas, hai que poñela en relación con outro aspecto de natureza semellante do que xa fixemos antes mención: o caso de certos Concellos que, por falta de persoal ou por disparatado plantexamento, enviaban a efectua-la medición dos ruídos durante ó día, cando a discoteca denunciada permanecía pechada e ós veciños ós que se perturbaba o seu descanso xa non se atopaban durmindo.

b) Locais que abren cando os demáis cerran.

Asinada por moitos veciños do municipio de Riveira (A Coruña), a Q/110/90 protestaba contra os ruídos dunha sala de festas situada no centro desta vila. "Soen concorrer neste local as persoas que saen dos demáis, cando pechan", expresaban os reclamantes como característica especial do local denunciado. Así, a consabida proposta de "¿imos tomar a última copa a X"?, traducíase en que o horario habitual desta discoteca era na práctica desde as 3 ata

as 9 ou 10 da mañá. Para desesperación dos veciños que esixían se respectase o seu dereito a descansar.

Anticipábanse así, pola vía da picaresca, a ese outro tipo de locais que nalgúns cidades comezaron a proliferar estes últimos anos e que certos sectores xuvenís coñecen xa tan ben: os locais *post-horario* importados da cultura anglosaxona (*after hours*), onde as persoas saturadas xa de ruídos e alcohol e agotadas de sono, poden tomarse un desexún a primeiras horas da mañá antes de retirarse para a súa casa a intentar durmir.

c) Circunstancias moi específicas

Outras queixas reúnen circunstancias específicas que agravan as molestias producidas polos ruídos. Como o feito dun edificio no que no primeiro piso funciona unha pensión de hóspedes. É o caso denunciado na Q/150/91 por unha veciña de Vigo.

A pensión existía xa desde uns 14 anos antes de que se abrise o bar e, malia a iso, este último foi autorizado a abrir sen condicións mínimas de insonorización. Agora, a queixa común dos hóspedes da pensión é que os ruídos do bar (televisión a todo volume, fútbolín, arrastre de sillas, berros, comentarios) non lles permiten descansar. Ademais, "están arruinando os meus intereses", lamentase a dona da pensión que constitúe o seu único medio de vida. E malia a se tratar dunha cidade tan importante coma Vigo, o técnico enviado polo Concello para medi-lo volume dos ruídos apareceu ás 13 horas. E cando a dona da pensión lle advertiu que era necesario medilos nas horas nocturnas, éste constestoulle que o seu horario de traballo concluía ás dúas da tarde.

Circunstancia moi específica é tamén a acusada no queixa colectiva (Q/157/91) asinada por veciños de O Barco de Valdeorras (Ourense). Reclamaban contra os ruídos producidos

polo reloxo de campá instalado na torre da igrexa parroquial, amplificado por catro ou cinco altavoces funcionando a gran potencia.

d) Panaderías, pulperías, supermercados, ...

Outras fontes de ruídos contra os que se queixan os nosos reclamantes son os producidos por pequenos ou medianos negocios de diversa índole que funcionan nos baixos de edificios habitados con incidencia nas horas que a maioría da xente dedica habitualmente ó descanso.

Tales as panaderías e bolerías (Qs./586/92; 521/93; 104 e 1.165/94; 671/96, por exemplo), que comezan o seu traballo pola media noite; e ademáis de ruídos producen ás veces calores, gases e outras emanacións molestas. Supermercados (Qs./491/93 e 325/95, por exemplo), que pola noite molestan co intermitente encendido e apagado das cámaras frigoríficas e o funcionar de ventiladores, e pola mañá cedo co arrastre dos carros con rodas metálicas para descargar mercancías; voces, megafonía, machetazos para corta-la carne. Actividades a simple vista moi normais se por riba non vivisen enfermos, anciáns, persoas obrigadas a madrugar,...

Algo semellante poderíamos dicir da grande cantidade de talleres de ferreiría, chapistería, carpintería, establecidos nos baixos ou lugares lindeiros ás vivendas e que, con toda clase de ferramentas (martillos, serras para cortar ferro..) perturban tamén o descanso e a saúde doutras persoas.

e) Reclamos chamativos

Volvendo ós locais de ocio e diversión, unha das características deste sector é que, con moita frecuencia, cifran a súa forma de se anunciar e recluta-la súa clientela no recurso a

reclamos exóticos, chamativos ou rodeados dalgún tipo de morbo, ós que se lle supón unha certa capacidade deslumiadora sobre os sectores máis xoves e débiles. Son tamén os sectores da poboación máis propensos a se evadir co aturdimiento dos ruídos e, á súa vez, menos capaces de pensar nos riscos físicos e psíquicos que este ambiente de ruídos pode facerlles correr a máis longo prazo.

Citamos aquí algúns deses rótulos de reclamo co que se anuncian boa partes destes negocios: "Cúpula", "Niágara", "Devórame", "Koptel", "Stop", "Canarius", "Provócame", "Poeta", "Viceversa", "River Side", "Bik-Bok", "Mostaza", "N-XX", "Que viene papá", "Rapadoira", "Camelot", "Ruta 66", "Kifate", "Johakin", "Cátedra", "Norat", "DROOP", "Blanca Paloma", "ISIS", "La Naranja Mecanica", "Xuntoiro", "O QUENTE", "Blasón", "Porrón", "La cepa", "Enredo", "Rodeiro", "La Lanzada", "Novo Candil", "Paralelo", "Taitus", "Anticuario", "Wica", "Baluca", entre outros que poderíamos enumerar.

f) "Recorren sistemáticamente"

Unha das dificultades máis graves para que as autoridades administrativas acaden a eficacia suficiente na loita contra os ruídos, é que os titulares dalgúns destes locais coñecen xa demasiado ben cómo burla-las medidas sancionadoras. Descubriron xa, por exemplo, que un local abarrotado de xente que consuma unha copa máis supón máis ingresos na caixa, cós que poida costa-lo pagamento dalgunha multa por incumprimento dos horarios de peche. Pero tamén saben xa que, se se recorre cada unha das sancións, dunha parte éstas non se acumulan polo que non poden varias sancións leves convertirse nunha grave e dar lugar por exemplo ó peche do negocio; pero é que, así mesmo, dada a lentitude da Administración de xustiza, o fallo pódese retrasar durante anos, e o negocio pode ter xa desaparecido ou cambiado de titular. Ademáis de que o desalento das autoridades administrativas contribúe a desalentiva-lo seu ánimo sancionador.

É o que abertamente nos manifestaba o Gobernador Civil de Ourense, en relación coa Q/218/95. Pero isto pode valer para outros moitos casos.

Esta queixa foinos presentada por unha asociación de veciños, reclamando pola ineficaz actuación das autoridades fronte ós ruídos e desórdes producidos polos clientes dun disco-bar moi coñecido nesta cidade. Música a todo volume, número de persoas moi superior ó aforo do local, berros, fiestras e as veces portas abertas no verán; 'pelexas e actos vandálicos á saída do local, con queima de contedores de lixo, destrucción de escaparates, arraso de xardíns, arroxo de coches ó río...". Cansos os veciños de presentar denuncias ante o Alcalde e o Gobernador, desafíanos públicamente a que acepten pasar unha fin de semana no barrio, "a gastos pagos" polos veciños, para que aprendan a "disfrutar do ambiente e do ruído".

Recabados informes polo Valedor do Pobo, compróbase que neste caso non faltou nin actuacións nin sancións por parte das autoridades, nin resistencia activa pola parte dos titulares da discoteca.

Concretamente comprobábase que o local viña funcionando con licencias de apertura coma "disco-bar musical" desde xullo de 1990. Pero tamén que nos ultimos tres anos fora "obxecto de múltiples expedientes sancionadores por incumprimento do horario de peche, con imposición de ata 11 multas cun importe total superior ó millón de pesetas". As ditas multas oscilaban desde un mínimo de 30.000 pesetas ata un máximo de 400.000 pesetas.

Pero como nos resumía con notorio desalento o Gobernador Civil de Ourense, a reacción dos empresarios era a de "recorrer sistematicamente tódalas sancións impostas". En varios casos conseguiran que estes recursos foran estimados e nalgúns que as multas resultasen anuladas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG). Engadía o Gobernador Civil que

"en ningún caso se puido calificar a falta como grave", da que se puidese derivar unha sanción de clausura temporal do local. Pero é que, "debido a que o propietario recorre sempre as sancións administrativas, éstas non acadan firmeza", e así "tampouco se puideron acumular dúas ou máis faltas leves, ó que conlevaría unha grave".

No verán de 1995 puidemos seguir pola prensa local de Ourense, dun lado a masiva recollida de sinaturas de veciños de Ourense para que o disco-bar fose pechado; doutro lado, os intentos dos propietarios por conseguilo apoio público das asociacións de empresarios da hostelería e ata as insinuacións de que podería ter lugar unha folga patronal colectiva de solidariedade.

En outubro do mesmo ano, o Gobernador comunicábano-la imposición dunha nova sanción por importe de 300.000 pesetas e peche por dous meses, que, unha vez máis, fora recorrida.

Ante isto, enviabamos ós reclamantes un resumo das nosas intervencións fronte a esta queixa, e dabamos por concluída provisionalmente a nosa actuación.

1.3.4. Asociación contra dos ruídos

Un dos aspectos máis significativos do espertar da conciencia social fronte á contaminación acústica, é que a xente comeza a se asociar para facerlle fronte. Como o mostra a Q/653/95, presentada ante ó Valedor do Pobo pola Asociación de Veciños de Pontevedra contra os Ruídos e Altercados Nocturnos (AVE PLACER) e asinada pola súa presidenta.

Esta queixa reflicte ó mesmo tempo un novo caso de sobreesaturación de locais de ocio, concentrados ata un número de 16 en ámbalas dúas beirarrúas dunha rúa con tan só uns 120 metros de longo e 4 de ancho (a rúa Pai Gómez Charino).

Asinada pola presidenta de AVE PLACER e en nome desta mesma asociación, a queixa acusaba os insoportables ruídos e altercados que durante case toda a noite se acumulaban na dita rúa, procedentes de locais que na súa maioría carecían incluso de licencia, onde tiña lugar abertamente o trapicheo de droga, o abuso do alcohol, e a súa venda a menores, con instrumentos musicais en cada un deles funcionando ata 70 e 80 decibelios; que varios dos veciños se viran xa obrigados a abandonar as súas vivendas nesta zona ante a imposibilidade de lograr un mínimo descanso...

Ilustraban as súas denuncias con informacións de prensa no mesmo sentido, e acompañábanas con fotocopias das denuncias presentadas repetidamente ante as autoridades administrativas sen que surtisen eficacia apreciable.

Solicitados informes ó Concello de Pontevedra, este exprésanos a súa boa disposición a colaborar na evitación dos abusos denunciados, pero danos a coñecer algúns datos especiais que concorren nesta zona. Trátase dunha rúa "integrada desde antigo na zona de viños da cidade", á que se foron agregando novos locais "de copas e similares" con usos diversos, unhas veces coa debida licencia e outras sen ela. Sinala que na tramitación da licencia teñen que intervir diversos organismos administrativos ademáis do Concello, coma o Goberno Civil e a Comisión Provincial do Medio Ambiente. E iso debido a que a zona na que se sitúan todes estos locais pertence ó "Barrio Antigo de Pontevedra, declarado desde 1951 Conxunto Histórico Artístico". Tal declaración inscríbese dentro do que se chama Patrimonio Histórico Artístico español e asímlao a efectos administrativos como Ben de Interese Cultural. As facultades do Concello para intervir vense así mediatizadas polas que ostentan eses outros organismos.

O Valedor do Pobo vai tomando conciencia de que este solapamento e concurrencia de competencias foise traducindo na práctica nunha inhibición administrativa, permitindo que o problema dos ruídos se acumulase ata a situación de gravidade actual.

De tódolos xeitos, esta explicación ou disculpa do Concello de Pontevedra só en parte axudaba a comprende-la gravidade da situación na que desembocou; pero non o facía disculpable e moito menos xustificable en modo algún.

De aí que con data 12 de xaneiro de 1996 o Valedor do Pobo lle dirixise ó Alcalde de Pontevedra un **recordatorio de deberes legais** e conseguinte **suxerencia** resumidos nos termos seguintes:

Á vista do anteriormente exposto, consideramos que a raíz principal do grave problema de ruídos denunciados pola presidenta da “Asociación (AVE PLACER) de Veciños de Pontevedra contra Ruídos e Altercados Nocturnos” estriba no feito de que por ese Concello non se están a aplicar co debido rigor as medidas de control, para evitar que estean en funcionamento locais tipo pub sen ningunha licencia ou locais con licencia para bar pero realizando outro tipo de actividades para as que non lles habilita a licencia. Por iso, de acordo co previsto no artigo 32.1 da Lei do Valedor do Pobo, formulámoslle a V.I. o **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS** seguinte:

- Que se proceda por esa Admsinistración Municipal á adopta-las medidas previstas no Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Insalubres e Perigosas, e na Ordenanza Municipal, tanto no que se refire á tramitación dos expedientes de licencia como no que afecta ós mecanismos de policía administrativa sancionadora.

- Que se proceda por esa Administración a realiza-las oportunas inspeccións co fin de comprobar se están a funcionar locais sen licencia ou a realizar actividades para a que a mesma non os habilita, adoptando, no seu caso, as oportunas medidas, acordando a clausura ou cese da actividade ata tanto non regularizen a súa situación.

Ó mesmo tempo formulámoslle a **SUXERENCIA** seguinte:

- Que por ese Concello se estudie a conveniencia de declarar a rúa Pai Gómez Chariño e outras nas que se dé unha situación similar “zona sobrecargada” en canto á ubicación de locais de ocio e diversión. E que a efectos de ir progresivamente recuperando unha maior normalidade na zona ou zonas que faga posible o descanso dos seus habitantes e diminúan os focos e intensidades dos ruídos, se empece a tomar medidas como as seguintes:

- Esixir unha determinada distancia para autoriza-la apertura de novos locais de ocio e recreación.

- Ser estrictamente rigurosos na esixencia de medidas de insonorización, cumprimento dos horarios de peche, prohibición de despachar bebidas alcohólicas a menores, tolerar reunións ruidosas e consumo de bebidas nas beirarrúas, etc.

- Aproveita-los cambios de titularidade dos locais xa existentes (por traspaso, venda e demais) para elevar ó máximo legal o teito de medidas

correctoras dos rúidos e incévita-la reconversión dos mesmos hacia outras actividades menos ruidosas.

- Calesquera outras que poida considerar doado tomar ese Concello.

- Que por último se estudie a posibilidade de incluír na nova Ordenanza éstas suxerencias ou outras medidas semellantes tendentes a facer compatible a diversión coa necesidade de descanso dos habitantes.

Con relación a todo o anterior, debe subliñarse dun modo xenérico o mandato contido no artigo 103 da nosa Constitución no que se sinala que a Administración Pública servirá con obxectividade ós intereses xerais e actuará con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

Agradezólle por anticipado a remisión a esta institución, nun prazo non superior a un mes, do informe referido no artigo 32.2 da Lei do Valedor do Pobo, no que deberá poñer de manifesto a aceptación deste **recordatorio de deberes legais** e desta **suxerencia**, ou se é o caso, as razóns que estime para non aceptalos.

Ante a tardanza do Alcalde en contestar, tivemos que requirirlle a súa resposta favorable ou razonadamente negativa, mentres seguimos informando diso ós reclamantes. Finalmente contestounos o Alcalde de Pontevedra, informándonos do dictame emitido pola Comisión Informativa Municipal de Medio Ambiente.

Nél instábase á Alcaldía “promove-las medidas tendentes a garantir-la efectiva aplicación dos preceptos legais a que se refire o exhaustivo recordatorio” do Valedor do Pobo. Que as nosas recomendacións serían recollidas na “tramitación do Plan Especial de Reforma

Interior e Conservación Artística do Casco Histórico”, así como na “aprobación dunha nova Ordenanza Municipal en materia de Ruídos”. Informábanos que xa comezara a actuar o “equipo municipal encargado de controla-los ruídos nocturnos”. E concluía: “En conclusión, esta Alcaldía interesa se teña por aceptado o recordatorio de deberes legais e a suxerencia formulada”.

O Valedor do Pobo, considerou satisfactoria a resposta recibida do Alcalde, e impúxose a sí mesmo facer un seguimento sobre os pasos que o Concello de Pontevedra vaia dando para levala á práctica.

Pero o que a propósito desta queixa queríamos sinalar ante todo, é o que anotabamos ó comezo: o feito de que a queixa nos chegara asinada por unha organización creada polos cidadáns para loitar especificamente contra os ruídos. Pois é a mellor proba do espertar da conciencia cidadá en relación coa contaminación acústica e os seus problemas.

Por informacións de prensa feitas públicas nos últimos meses de 1995, soupemos que incluso se tiveron reunións por parte de diversas coordinadoras de asociacións de veciños de Galicia en orde á constituir unha Plataforma contra Ruídos e Venda de Alcohol a menores de ámbito de toda a Comunidade Autónoma. Falábase de que a aquel encontro, celebrado en Santiago de Compostela asistiran federacións veciñais de Ourense, Ferrol, Vigo, Redondela, A Coruña e Santiago de Compostela. Non sabemos se logo chegou a se realizar ou non o intento de organización a nivel autonómico. Pero o feito de intentalo, parécenos xa un reflexo máis do espertar cidadán fronte ós ruídos.

1.3.5. Total anarquía práctica en canto ós horarios de peche.-

Outro aspecto que nos da pé para comenta-la **queixa 653/95**, de Pontevedra, refírese á total anarquía práctica que con frecuencia existe en canto ós horarios de peche dos locais de

ocio. Basta que haxa persoas, xeralmente xoves, dispostas a seguir agotando en pé tódalas horas da noite (porque están de vacacións, porque non teñan que madrugar para o traballo, porque nas súas casas ninguén lles impón unha hora fixa de chegada) para que atopen sempre algún local aberto onde ir cando lles pecharon outros.

A pesar do acordo oficial do Concello de Pontevedra aceptando as recomendacións do Valedor do Pobo, a Asociación baixo o nome que viña asinada a queixa continuou expoñéndonos a través de novos escritos o seu malestar porque o problema dos ruídos seguía sen se resolver. Xunto con outra documentación, a finais de xuño de 1996 facían chegar unha información de prensa onde se reflectía detalladamente este problema. Velaquí o resumo do mesmo.

O devandito reportaxe titulábase significativamente: “¿LA MEJOR MOVIDA?”. E subtitulábase: “¿Una ruta en la que conviven **pijos, modernos, pastilleros, radicales y bakaladeros**. Es la movida pontevedresa”.

Nesta “ruta de Pontevedra”, o reportero describíanos que “alrededor de las seis de la tarde” comezaban a aparecer-los “pastilleros” na zona nova da cidade. Logo virían as horas de “tapeo” e as cervezas, polas rúas de Isabel II, Maceda ou Princesa. Cara á unha da mañá, a “ruta” continúa, pasando pola rúa Barón e desembocando nas Cinco Calles. Algún coche que pasa a toda velocidade e conducido por alguén probablemente bébedo, asusta ós transeúntes e a súa ira descárgase mediante o lanzamento de vasos e botellas.

Chegada á rúa Pai Gómez Chariño, na que se centraba a queixa que comentamos. Aquí o reportero comenta: “Las protestas sobre el incumplimiento del horario y del ruido de los locales nocturnos han hecho mella en la mayoría de los pubs de la zona. Dispositivos de control

de ruido y colectivos vecinales supervisan tanto el impacto de la música como el momento del cierre”.

Pero iso non significa que o ruído desaparezca na cidade e que, por fin, a xente poida descansar como o repoteiro nos indica a continuación:

“Alrededor de las cuatro de la madrugada los bares de las inmediaciones de Cinco Calles dejan paso a las discotecas y pubs, en su mayoría ubicados en la zona nueva”...”Para entonces, el garrafonazo se convierte en el principal peligro”.... “La mayoría de los locales permanecen atestados y la música no permitiría ni que se entiendan al pedir un cigarrillo”.

“Desde las cinco de la madrugada, un autobús se desplaza periódicamente desde la iglesia de La Peregrina y la Plaza de España hasta los locales del arenal de Poio. Pasadas las seis empiezan los momentos dorados de X y Z.... .Tres horas después los autocares nos traen de vuelta mientras que los pastilleros cogen rumbo a Redondela y Vigo, en donde se prolongará la fiesta”.... . “Con el verano nos iremos a Sanxenxo -comenta uno- aunque Pontevera es la mejor movida”.

Así, con este tono desenfadado e escéptico, concluía a reportaxe que resumimos. E que nos ofrece unha parte do clima no que os ruídos se xeran practicamente sen interrupción nuns ou noutros locais de ocio. Un clima de transgresión de horarios, de consumo de alcohol e outras drogas, de ruptura das costumes convencionais... . E, o que é peor, de agresión ó dereito da saúde e o descanso doutras moitas persoas.

**II.- PERSPECTIVA XURÍDICA E POSIBILIDADES
DE ACTUACION ADMINISTRATIVA**

2.1.- ORDENAMENTO XURÍDICO E DEFENSA FRONTE OS RUÍDOS

Nesta segunda parte do informe pretendemos aborda-los ruídos desde a perspectiva xurídica. Plantexámono-lo deber ou as posibilidades que teñen as administracións públicas de actuar contra a contaminación acústica.

Iso lévanos a preguntarnos en primeiro lugar qué é o ruído a efectos xurídicos. E neste sentido temos que considerar o ruído como unha **molestia** contra a que o cidadán ten **dereito a defenderse e a esixir protección** da Administración pública. Dereito que só adquire carácter obxectivo cando a lei e a doutrina xurisprudencial así o establecen.

Neste aspecto cabe distinguir en primeiro lugar o ruído *causado por un particular* e que perturba as relacións de vecindade, *fronte ó que a Administración está obrigada a intervir*. En segundo lugar, *o ruído provocado pola Administración mesma*, por exemplo ó instalar certas industrias ou servicios públicos (un matadoiro municipal, un basureiro, ou ó trazar ou modificar vías e servicios de transporte: estradas, ferrocarrís, aeroportos ...

En ámbolos dous casos, supónse que se trata de ruídos **non soportables** polos cidadáns, é dicir, que superan os límites legalmente establecidos para esa clase de actividades.

A consecuencia desta non soportabilidade dos ruídos por parte dos cidadáns, é que o Dereito debe intervir para obrigar á Administración a tomar medidas protectoras. Medidas que poden ir encamiñadas ben a diminuí-los ruídos ata poñelos por debaixo dos límites soportables, ou a indemnizar ós cidadáns polas medidas protectoras que eles mesmos deberán tomar para asegurar a súa calidade de vida (insonorización de vivendas, por exemplo).

Nesta segunda parte veremos primeiro a doutrina constitucional en relación cos ruídos. Logo, a lexislación normativa sobre os mesmos ós diversos niveis: internacional e da Unión Europea, estatal ou do conxunto de España, autonómico e local. Referirémosnos de xeito especial á situación en Galicia e máis especificamente ós problemas con que se atopan os nosos municipios á hora de actuar contra os ruídos.

En orde a recoller documentación fiable sobre esta situación a nivel municipal, comenzamos por enviar un cuestionario a tódolos concellos, que nos foi contestado por unha parte considerable deles.

O tratamento xurisprudencial que os tribunais españois viñeron facendo nas súas resolucións sobre contaminación acústica, será tamén tema deste capítulo. Logo trataremos das posibilidades de actuación administrativa sobre o problema dos ruídos, así como das que ó Valedor do Pobo se lle presentan á hora de supervisar a actuación administrativa neste campo.

2.2. TRATAMENTO CONSTITUCIONAL DO RUÍDO

Desde o punto de vista dos dereitos que a Constitución Española recoñece e garante ós cidadáns, o tema dos ruídos pode relacionarse directamente alomenos con dous dos artigos da nosa Carta Magna. O artigo 45, que proclama o dereito-deber de todos a "un medio ambiente adecuado"; e o artigo 43, no que se "recoñece o dereito á protección da saúde". Boa parte dos tratadistas tamén conectan hoxe o tema do ruído co artigo 18 da nosa Constitución, polo que se garante o dereito á intimidade persoal e familiar e á inviolabilidade do domicilio.

Esto en canto ó que chamaríamos **encaixe constitucional**. Pois a realidade é que o ruído constitúe un problema e aínda fonte de problemas que non obtivo un tratamento expreso e

directo no texto da nosa Constitución (A diferenza do que ocorre, por exemplo, en Alemaña, que a súa Carta Magna ou Lei Fundamental constitucionaliza expresamente o ruído como unha competencia compartida entre o Estado central (*Bund*) e os *Länder*).

O igual que outras constitucións europeas de redacción relativamente recente (a grega de 1975; a portuguesa de 1976), a Constitución española incorpora o dereito ó medio ambiente. E o fai, a través dos tres puntos do artigo 45, operando moi equilibradamente nun dobre sentido: **como dereito e como deber**. Como dereito esixible ós poderes públicos, responsables de protexer o medio ambiente e de sancionar a quenos atenten contra el. E como "deber de conservalo" por parte de cada cidadán, contribuíndo así a configurar "a indispensable solidariedade colectiva" neste campo; e asumindo "a obriga de repara-lo dano causado" cando perxudicamos este ben de todos.

O medio ambiente é un concepto relativamente difuso, xurídicamente indeterminado. Xorde como consecuencia da necesidade que os homes sinten de protexer-la natureza fronte ós diversos factores de contaminación, sobre todo os producidos polo desenvolvemento económico do presente século. É pois un concepto directamente relacionado coa protección da saúde e a calidade de vida.

Un dos factores de agresión ó medio ambiente e por ende á saúde, é a contaminación acústica. O artigo 43 da Constitución "recoñece o dereito á protección á saúde", encomendando "ós poderes públicos organizar e tutelar-la saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servicios necesarios" (punto 2).

Xa vimos na primeira parte deste informe algúns dos efectos negativos dos ruídos sobre a saúde dos cidadáns. De aí que a Lei Xeral de Sanidade (Lei 14/1986, do 14 de abril), no seu artigo 42.3.b atribuíra ós Concellos o "control e responsabilidade básica en materia sanitaria".

A obriga de coida-lo medio ambiente e a saúde en xeral é de todos e cada un dos cidadáns. A obriga das autoridades públicas de prestar protección a estes dous bens tan íntimamente relacionados provén, dunha parte, do feito de que só a autoridade pública pode establecer un sistema sanitario que estea ó alcance de todos (non só dos economicamente solventes). E doutra parte, de que os atentados máis graves contra o medio ambiente soen provir de actividades dos particulares que só os poderes públicos poden autorizar e só por eles poden ser controlados e eficazmente reprimidos en canto ós efectos nocivos.

Parece perfectamente lóxico así mesmo, atopar encaixe constitucional á doutrina xurídica e xurisprudencial, que cada vez se abre paso máis decidido en España, segundo a que se considera ós ruídos ilexítimos tamén como atentados contra o dereito a intimidade e inviolabilidade do domicilio, garantido polo artigo 18 da Constitución. Considérase cada vez máis que as intromisións sonoras constitúen unha nova forma de invasión do ámbito da privacidade, que toda vida humana e familiar ten dereito a considerar como propio e inviolable.

Aparece así lóxica esta lectura que conecta contaminación acústica con agresión ó dereito de intimidade. Pois se estamos acostumbrados a considerar atentado contra a vida privada os pinchazos ilegais do teléfono ou as interceptacións da comunicación epistolar, ou as gravacións e testimonios gráficos da intimidade, non se ve por qué non considerar igualmente ilexítimas e anticonstitucionais as agresións sonoras que nos perturban gravemente o dereito ó descanso e ó sono.

Así, a protección contra o ruído contaría con apoio directo nun dos dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución, dotado incluso de forza inmediatamente vinculante e incluso defendible pola vía do recurso de amparo.

Antes de concluír este apartado non está por demáis volver a matizar que, de todas formas, o dereito á protección contra o ruído non é un dereito constitucional específico. É un dereito constitucional derivado da íntima conexión que garda con diversos títulos constitucionais, como son o dereito a disfrutar do medio ambiente, o dereito á protección da saúde, o dereito á seguridade cidadán, a unha adecuada política urbanística e a ordenación do territorio, etcétera.

Tamén hai que ter en conta que este dereito a ser protexido contra o ruído contará entre nós cun explícito contrapeso, cal é o dereito á liberdade de empresa, así mesmo recollido no artigo 38 da nosa Carta Magna.

2.3. NO DEREITO INTERNACIONAL

Faremos aquí alusión en primeiro lugar ós Convenios internacionais asinados por España e referentes ós ruídos. Logo referirémonos un pouco máis detidamente á lexislación propia da Unión Europea, da que España forma parte.

2.3. 1. Convenios da O.I.T.

Os Convenios 148, de 20 de xuño de 1977, e 155, de 22 de xuño de 1981, da O.I.T., refírense á protección dos traballadores contra o ruído e as vibracións, así como a outras formas de contaminación. Concretamente o Convenio 148 define ó ruído como calquera son que poida provocar unha perda de audición ou ser nocivo para a saúde ou entrañar calquera outro tipo de perigo". (artigo 3.b).

Estes convenios da Organización Internacional do Traballo imponen ós países asinantes a obriga de dictar normas e proveer medidas para previr a contaminación acústica nos lugares de traballo.

2.3.2. Normativa da Unión Europea.

As Directivas da Unión Europea constitúen normas ás que os Estados membros deben acomodar a súa propia lexislación. Tanto os cidadáns particulares como os organismos públicos teñen o dereito a invocar estas Directivas ante os órganos da Administración do seu propio Estado que non cumbran co deber de executalas.

O que estas Directivas fan é fixar obrigacións ós Estados membros, que estes poñerán en práctica a través de medidas nacionais de homologación.

Entre estas Directivas comunitarias abundan sobre todo as que se refiren ó mundo industrializado clásico: maquinaria e equipos de obras, vehículos de motor, aeronaves, maquinaria agrícola ou de xardinería, protección dos traballadores no lugar de traballo, aparatos domésticos, etcétera.

Entre estas Directivas citamos, por exemplo, a de 6 de febreiro de 1970, sobre dispositivo de escape dos vehículos de motor; a de 19 de decembro de 1978, sobre máquinas e materiais de construción; ou a de 17 de setembro de 1984, referente concretamente ós martillos trituradores de formigón; de 4 de decembro de 1989, relativa ás emisións sonoras dos avións a reacción; de 7 de abril de 1987, sobre o nivel de potencia acústica admisible nas cortadoras de céspede; de 12 de maio de 1986, relativa á protección das persoas expostas ó ruído nos lugares de traballo; ou a de 1 de decembro de 1986, relativa ó ruído emitido polos aparatos domésticos.

Polo contrario, non coñecemos Directivas eurocomunitarias sobre o tipo de ruídos contra os que se dirixen máis frecuentemente as queixas que chegan ó Valedor do Pobo: os xerados nos lugares de ocio e recreo. Quizáis porque estes ruídos danse sobre todo nos países mediterráneos, máis propensos a expandir a súa alegría e as súas celebracións fóra de casa; e se producen menos nas sociedades máis introvertidas do centro e norte de Europa.

Segundo práctica seguida en tódolos países membros da Unión Europea, as normas comunitarias entran en vigor tra-la súa publicación ben no Diario Oficial das Comunidades ou no Boletín Oficial do Estado respectivo. Desde ese mesmo momento pasan a ser normas de carácter preferente sobre a normativa estatal, que queda como subsidiaria.

2.4. NORMATIVA ESPAÑOLA DE AMBITO ESTATAL.

O primeiro que hai que dicir aquí é que aínda non existe en España, a nivel de todo o Estado, unha norma legal específica e de rango suficiente, que protexa ós españois fronte ás molestias causadas polo ruído. Molestias que, como xa dixemos, afectan á saúde dos cidadáns, ó seu dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado, e ata á súa privacidade e calidade de vida domiciliaria.

A finais de xuño de 1994, o Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade unha proposición non de lei que comprometía ó goberno a presentar antes de que finalizase 1995 un proxecto de lei básica neste sentido. Segundo o texto da proposición non de lei, o proxecto de lei esixido sobre a contaminación acústica debería ter en conta tanto os ruídos procedentes do tráfico e a industria ou as obras públicas, así como as medidas necesarias referentes ó illamento acústico dos edificios, cálculo de previsión de niveis sonoros e demáis.

Pero o feito é que ata agora esta norma básica e global non existe. Dase incluso a paradoxa, como xa advertía o *Defensor del Pueblo*, de que, desde a promulgación da Lei de Conservación dos Espacios Naturais e da Flora e Fauna Silvestres, de 27 de marzo de 1989, en certo modo estén legalmente mellor protexidos contra a perturbación dos ruídos as especies animais que habitan estes espacios naturais que as persoas que viven en non poucas cidades do noso país.

2.4. 1. Normas sectoriais

Esta falta dunha lei básica global e de rango suficiente ven sendo suplida a duras penas por unha serie de normas sectoriais. Pero estas normas, polo seu carácter sectorial, a súa insuficiencia e ás veces ata o seu anacronismo, difícilmente acadan a coherencia e forza legal resolutiva necesarias para afrontar un problema tan vasto como é hoxe o da contaminación acústica.

En canto á normativa de ámbito estatal hoxe en vigor, hai que citar en primeiro lugar o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, ó que quedan sometidas (art. 3) aquelas actividades que producen ruídos e vibracións perxudiciais ou incómodas. Por orde cronolóxico ven despois o Real Decreto de 10 de novembro de 1978. Nel establécense normas básicas de edificación referentes á insonorización esixible nos edificios e outras normas técnicas de deseño e calidade que deben cumprirse nas vivendas de protección oficial.

En terceiro lugar está a Lei de Costas, de 28 de xullo de 1988, pola que se prohíbe (arts. 25.1,f e 32.2) a publicidade por medios acústicos ou audiovisuais nas praias, e logo a Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, de 2 de marzo de 1990. Nesta última prohíbense o uso abusivo das sinais acústicas dos vehículos (art. 44.3), así como outras

formas de emisión de ruídos contaminantes. O Regulamento Xeral de Circulación polo que se desenrola esta Lei, aprobado por Real Decreto 13/1992, de 17 de xaneiro, dispón (art. 7) que queda prohibida "a emisión de perturbacións electromagnéticas, ruídos" e outras formas de contaminación; a "circulación de vehículos de motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo dispositivo silenciador das explosións"; etcétera.

Relacionados tamén dalgunha forma co problema dos ruídos, cabe mencionar asimesmo a Lei de Avaliación de Impacto Ambiental, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño; a xa aludida Lei de Conservación dos Espacios Naturais e da Flora e Fauna Silvestres, de 27 de marzo de 1989.

2.4.2. Na Lei de Seguridade Cidadán

Mención aparte merece a Lei Orgánica de Protección da Seguridade Cidadán, de 21 de febreiro de 1992. Tanto pola súa máis recente promulgación como porque varios dos seus artigos teñen relación directa cos centros adicados ás actividades recreativas, emisores do tipo de ruídos que máis abundantes queixas xeneran entre as recibidas polo Valedor do Pobo. Citemos algúns artigos especialmente relacionados con este tipo de centros recreativos.

A mesma exposición de motivos desta Lei refírese ós "espectáculos públicos e actividades recreativas deixando a salvo as competencias que, neste punto, teñen recoñecidas as comunidades autónomas mediante os seus respectivos estatutos". A perspectiva lóxica desta Lei é a protección da seguridade pública e a pacífica convivencia dos cidadáns, polo que incide sobre todo nos aspectos policiais e sancionadores. En relación coa protección dos dereitos cidadáns contra as molestias por ruídos, cabe facer mención dos artigos seguintes:

* No artigo 2.2. ratifícanse as competencias que os municipios viñan tendo en materia de espectáculos públicos, así como en canto a actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

* No artigo 8.1 sométese á policía administrativa as medidas referentes a espectáculos e actividades recreativas, sempre que na súa celebración ou desenrolo resultase perturbada a pacífica convivencia.

* No artigo 15 establécese que, como medida extraordinaria, pode procederse ó desaloxo dos bares e establecementos recreativos si o mantemento e restablecemento da seguridade cidadán así o esixe.

* O artigo 23 regula o réxime sancionador, e califícanse as infraccións graves. Estas van desde a celebración das actividades recreativas ou espectáculos públicos sen ter licencia para os mesmos, ata a carencia das medidas de seguridade obrigatorias; pasando pola admisión nos locais dun número de usuarios superior ó que corresponde ó seu aforo, ou o quebrantamento da prohibición ou suspensión de licencia para celebrar espectáculos públicos por parte da autoridade correspondente.

* No artigo 26 califícanse as infraccións leves. Como a admisión de menores e o servizo ós mesmos de bebidas alcohólicas, en establecementos que están prohibidas; ou o exceso dos horarios establecidos.

* O artigo 28.1 determina as sancións. Estas poden chegar ata a clausura temporal dos locais e suspensión de licencias.

* O artigo 29.2 establece as competencias dos diferentes órganos, entre eles os alcaldes, para impoñer sancións e multas ós infractores.

* O artigo 31 remite o procedemento sancionador á Lei de Procedemento Administrativo.

* O artigo 36 regula as medidas cautelares que o expediente sancionador pode impoñer.

* O artigo 37 determina que as informacións aportadas polos axentes da autoridade que presenciaron os feitos infractores, constitúen base suficiente para adopta-las sancións, mentras non se probe o contrario.

Na Disposición Adicional única recoñécense como autoridades ós efectos desta Lei ós órganos das comunidades autónomas que recibiran competencias en materia de seguridade.

E a Disposición Final Segunda aclara que as disposicións relativas a espectáculos públicos e actividades recreativas serán de aplicación subsidiaria naquelas comunidades autónomas que, tendo competencias en materia de seguridade, aínda non dictaran as súas propias normas.

2.4.3. Conclusión das IX Jornadas de Defensores del Pueblo

Como conclusión, debemos volver á primeira constatación con que comenzabamos este apartado sobre normativa estatal. E pensamos que a forma máis adecuada de facelo é reproducir aquí a resolución que, referida ó problema da contaminación acústica, foi adoptada por unanimidade nas IX Jornadas de Coordinación entre Defensores del Pueblo, celebradas en Alicante os días 5, 6 e 7 de outubro de 1994. Na primeira das conclusións daquelas Xornadas dicíase:

“Los Defensores del Pueblo consideramos que es precisa y urgente una regulación específica de la problemática del ruido, desarrollando mediante Ley el derecho constitucional que a los ciudadanos corresponde a vivir sin sufrir agresiones sonoras. Estas normas, sin perjuicio de las reglamentaciones administrativas que actuando sobre las fuentes de los ruidos los eliminan o mitigan, han de positivizar, como efectivo derecho subjetivo de los ciudadanos, el de exigir el silencio y la tranquilidad que les corresponde. Dicha Ley debería autorizar al órgano competente, judicial o administrativo, para la adopción de las medidas cautelares que aseguren, con carácter prioritario y urgente, el derecho del ciudadano.

La regulación deberá tener una adecuada respuesta en función de las potestades de que dispongan los distintos poderes públicos, desde el ejercicio de la potestad legislativa y reglamentaria por el Estado y las Comunidades Autónomas hasta el desarrollo mediante ordenanza municipal.

2.4.4. Conceptos que conviría incorporarse a nosa lei básica

Sería moi conveniente así mesmo que esta lei básica sobre ruídos incorporase conceptos hoxe xa recollidos nos países de lexislación máis avanzada sobre o tema. Así, por exemplo, establece-los límites obxectivos sonoros que o cidadán está obrigado a soportar, e máis alá dos cales pode esixir responsabilidades á Administración. Responsabilidades administrativas que poden ir ben na liña de impoñer medidas correctoras nas fontes xeradoras do ruído, ben na de indemnizar ós cidadáns afectados para que estes saneen por si mesmos os edificios nos que viven (insonorización de portas e fiestras, etcétera).

Nestes aspectos unha integración, dunha parte, de elementos do sistema legal alemán fronte ós ruídos previstos pola construción ou alteración das vías de transportes, e doutra parte os do sistema legal suízo relacionados co mesmo problema, parece susceptible de producir un resultado satisfactorio.

Algunhas das medidas dispostas xa polas comunidades autónomas de Cataluña e Navarra en relación coa construción de novas autoestradas, autovías, estradas e vías de penetración en núcleos urbanos poderían asimesmo servir de fontes de inspiración para as que é necesario incorporar á lexislación básica do conxunto de España.

2.4.5. Tipificados no novo Código Penal

Finalmente, hai que celebrar como un avance na loita contra a contaminación acústica a tipificación que dos delitos medioambientais establece a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, pola que se aprobou o novo Código Penal. Nela recóllese a emisión de ruídos e vibracións a niveis legalmente non permitidos entre as formas tipificadas como delictivas e

sancionables (artigos 325 e seguintes). E elévanse significativamente as multas e penas contra este tipo de delitos, antes castigados con arresto maior como máximo e que agora poden chegar ata 4 anos.

2.5. A COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA NA PROTECCION CONTRA DO RUÍDO

Vexamos agora cal é o papel que a Comunidade Autónoma galega pode e debe desempeñar na protección dos cidadáns contra o ruído, e en qué medida o vén desempeñando. Analizáremolo tanto desde o punto de vista das competencias que nesta materia ten encomendadas, como da forma que ata agora as veu exercendo.

2.5. 1. Distribución de competencias.

Hai que volver a recordar, en primeiro lugar, que a protección contra o ruído é un dereito non directamente especificado na Constitución. Trátase máis ben dun dereito derivado, pola íntima conexión que ten con diversos títulos constitucionais: a protección da saúde e do medio ambiente, a da intimidade persoal e familiar, a seguridade cidadá, a ordenación do territorio e o urbanismo.

2.5. 1. 1. En materia de medio ambiente.

Vexamos cómo se distribúen as competencias entre a Administración central e a autonómica, en metería de medio ambiente e, derivadamente, de contaminación acústica.

O artigo 149.1.23º da Constitución Española atribúe ó Estado como competencia exclusiva a "lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen perxucio das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección". E o artigo anterior da mesma Constitución, o 148.1 9º establece que, entre as competencias que as Comunidades Autónomas "poderán asumir" figura "a xestión en materia de protección do medio ambiente".

Pola súa parte o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30, establece, entre as materias que constitúen "competencia exclusiva" da Comunidade Autónoma galega, a seguinte: "Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23º da Constitución.

Competencia que obviamente hai que entender tamén en concordancia coa "xestión" prevista no artigo 148.1.9º da mesma Constitución.

"**Xestión**" e facultade para dictar "**normas adicionais**" que desenvolvan a lexislación básica do Estado, son pois as competencias que corresponden á Comunidade Autónoma Galega en materia de protección do medio ambiente. Estas mesmas competencias correspóndenlle máis concretamente en canto á protección contra esa agresión ó medio ambiente que é a contaminación acústica ou por ruídos.

2.5.1.2. En materia de sanidade.

A protección contra a contaminación acústica está así mesmo íntimamente relacionada coa protección da saúde, tanto física como mental. O artigo 43 da Constitución encomenda "ós poderes públicos" en xeral o deber de "organizar e tutelar a saúde pública". Son novamente os

artigos 148 e 149 da mesma Constitución os que logo determinan a distribución de competencias entre os poderes central e autonómico.

O artigo 148.1.21º establece que "As Comunidades Autónomas podarán asumir competencias" en materia de "sanidade e hixiene". E o artigo 149.1.16º reserva como "competencia exclusiva" para o Estado central os capítulos seguintes: "Sanidade exterior. Bases e coordinación xeral da sanidade. Lexislación sobre produtos farmacéuticos".

En concordancia con isto, o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 33.1 establece o seguinte: "Corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior".

2.5.1.3. En canto ás chamadas "actividades clasificadas".

En canto ás denominadas "actividades clasificadas", tamén mencionadas máis concretamente como "actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas", a Galicia fóronlle transferidas competencias por parte do Goberno central, polo Real Decreto 212/1979, de 26 de xaneiro.

Son estas as actividades que máis relación directa gardan coas diversas formas susceptibles de contamina-lo medio ambiente, e concretamente coa contaminación acústica ou por rúidos. Os aspectos traspasados á Comunidade Autónoma fan referencia á "emisión de informes e demais cuestións relacionadas coa concesión de licencias, inspección, sanción, recursos e informes de ordenanzas e regulamentos municipais relativos a este tipo de actividades e industrias cando sexan de libre instalación, ou sometidos a autorización ...". Tamén, "as

actividades sanitarias relacionadas cos establecementos e industrias molestas, insalubres, nocivas e perigosas".

Quedaban reservadas en exclusiva ó Estado central as competencias sobre actividades e industrias de produción enerxética.

2.5.1.4. En materia de urbanismo e ordenación do territorio.

O problema da contaminación acústica, e o do medio ambiente máis en xeral, está tamén íntimamente relacionado con todo o que se refire a urbanismo e ordenación do territorio. Qué duda cabe que o trazado das estradas, e polo tanto a circulación do tráfico rodado; o dos ferrocarrís; o emprazamento dos aeroportos; a realización das obras públicas en xeral; así como a ubicación dos parques públicos, lugares de recreo, colexios, hospitais, residencias de anciáns e demais teñen moito que ver cos niveis de silencio e de descanso que se necesita e se pode en cada caso garantir.

Aquí hai que volver a citar puntos diversos dos artigos 148 e 149 da Constitución. Así como a Lei 8/1990, de 25 de xullo, de Reforma do Réxime Urbanístico; así como o Real Decreto Lexislativo 1/1992, de 26 de xullo, polo que se aprobaba o Texto Refundido da Lei de Réxime do Solo e Ordenación Urbana. Sobre estes presentáronse diversos recursos de inconstitucionalidade por parte de varias Comunidades Autónomas, e será de interese esperalas sentencias que o Tribunal Constitucional vaia dictando ó respecto.

De todas formas, non parece caber dúbida de que as competencias nesta materia serán compartidas entre o Estado central e as Comunidades Autónomas. E sería quizáis éste un dos

aspectos que debería tratar de clarifica-la Lei básica sobre protección contra os ruidos, a necesidade e urxencia da cal vimos aquí propugnando.

2.5.2. Desenvolvemento normativo nas Comunidades Autónomas.

En ausencia desa Lei Básica de marco estatal contra os ruidos, varias Comunidades Autónomas fóronse decidindo a legislar pola súa conta para regula-las competencias que teñen asumidas en materia de medio ambiente e contaminación acústica.

Así, por orde cronolóxica mencionámo-las seguintes:

-Decreto 20/1987 de 30 de abril da Comunidade Balear, sobre Protección de Medio Ambiente contra a emisión de Ruidos e Vibracións.

- A Ley 3/1989, de 2 de maio, das Cortes Valencianas sobre Actividades Clasificadas.

- Ley Foral 16/1989, de 5 de decembro, de Navarra, de control das Actividades Clasificadas para a Protección do Medio Ambiente.

- Decreto Foral 32/1990, de 15 de febrero, co Regulamento de desenrolo da anterior Ley Foral navarra.

- Ley 10/1990, de 15 de xuño, de Catalunya, sobre a función da Policía en relación cos Espectáculos, Actividades Recreativas e Establecementos Públicos. O Departament del Medi Ambient da Generalitat de Catalunya, tiña elaborado asimesmo un proxecto normativo de

"Protección contra o soroll" (ruido), que ignoramos si foi feito público ó momento de redactar este informe.

- Decreto 2/1991, de 8 de xaneiro, da Xunta de Extremadura, sobre Reglamentación de Ruidos e Vibracións.

- Ley 2/1991 da Generalitat Valenciana, de 18 de febrero, de Espectáculos, Establecimientos Públicos e Actividades.

- Ley 10/1991, de 4 de abril, da Comunidade de Madrid, de Protección do Medio Ambiente.

- Ley 5/1993, de 21 de outubro, de Actividades Clasificadas, das Cortes de Castilla y León.

- Decreto 74/1996, de 20 de febreiro, da Consejería de Medio Ambiente da Junta de Andalucía, pola que se aproba o Regulamento da Calidade de Aire.

2.5.2.1. Desenrolo normativo en Galicia a nivel autonómico.

A nivel autonómico, Galicia non conta aínda cunha normativa suficiente especificamente destinada á protección contra os ruidos e a contaminación. Con carácter máis xeral, a problemática dos ruidos pode considerarse implícitamente contemplada nos documentos normativos seguintes:

- Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

- Decreto 327/1991, do 4 de outubro, da mesma Consellería, de avaliación dos efectos ambientais para Galicia.

- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Esta Lei prevé na súa Disposición Adicional primeira que, no prazo dun ano, deberían ser aprobadas as normas regulamentarias e de desenvolvemento da mesma. Ata o momento de concluí-la redacción deste informe segue sen terse producido novidade algunha en materia de normativa autonómica directamente relacionada coa contaminación acústica.

- Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre Drogas, na que se prohibe suministrar bebidas alcohólicas a menores de 16 anos, así como bebidas con máis de 18 graos de alcohol a menores de 18 anos. Aínda que intencionalmente esta lei non ten relación algunha cos ruidos, a mencionamos pola relación directa que todos recoñecen ó despacho de bebidas alcohólicas e o problema dos ruidos nos centros de ocio e diversión.

De momento, o que sí segue en vigor con carácter subsidiario, é a normativa estatal en todos aqueles problemas relacionados coa contaminación acústica nos que Galicia non promulgara normativa propia aínda tendo competencias para facelo.

Entre estas normas de ámbito estatal aplicables a nosa Comunidade hai que citar, en primeiro lugar, o mencionado Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 1961, entre as cales se inclúen as actividades que xeran ruidos ou vibracións. A aplicación deste Regulamento é competencia das Comisións Provinciais de Medio Ambiente, e ó

seu seguimento da Inspección Ambiental Autónoma, dependente da Secretaría Xeral para a Protección Civil e Medio Ambiente, da Presidencia da Xunta.

Non existe en Galicia Consellería de Medio Ambiente como en varias Comunidades Autónomas, nin sequera unha Axencia de Medio Ambiente ó estilo de outras.

2.5.2.2. Características e contido que debería ter a lei autonómica sobre ruidos.

En relación co problema da contaminación acústica, sería moi convinte que a lei autonómica que propugnamos regulase e tipificase lugares, conductas e hábitos de comportamento que producen consecuencias negativas para a convivencia cidadana. Sobre todo se estes afectan a dereitos constitucionais como o da saúde e o medio ambiente.

Tal regulación debería contemplar especificamente a protección dos grupos sociais máis vulnerables tales como os nenos e adolescentes, os anciáns ou os enfermos.

Na orde técnica, esta lei autonómica debería abordar aspectos como os seguintes:

- Definición dos conceptos de ruído molesto que pode ser considerado como contaminación acústica. Unidades de medidas acústicas e de vibracións.

- Procedimentos de medición acústica.

- Contido dos proxectos de insonorización acústica.

- Instalación de elementos antivibratorios e aislantes do ruído na maquinaria e demais elementos de construción.

- Procedementos de medición acústica, e homologación dos aparatos de comprobación dos ruídos.

- Capacitación dos técnicos competentes para efectuar as medicións e o control dos ruídos.

A normativa procedimental respecto dos establecementos públicos susceptibles de xerar contaminación acústica convería se extendese a estas tres fases.

1. Tramitación e concesión de licencia de actividade.

2. Inspección e control de funcionamento-

3. Réxime sancionador.

En canto á tramitación e concesión da licencia, convería precisase ben en primeiro lugar as características que definen ós distintos establecementos públicos: qué é o que fai que un establecemento público sexa catalogado como bar, cafetería, pub, discobar, discoteca. Pois cada un destes conceptos ten consecuencias a efectos fiscais, de usos permitidos, de horarios, orde público e demais.

A solicitude de licencia debería esixir que estivese acompañada do correspondente proxecto de insonorización acústica. Para aqueles establecementos públicos que acostuman xerar maior volume de ruído, deberíase esixir a instalación dun limitador automático.

Debería quedar legalmente prohibido contrata-los servicios de compañías subministradoras de electricidade, auga, gas e demais servicios necesarios para o funcionamento ata que o local conte coa preceptiva licencia. E impoñer expresamente ós Alcaldes a obriga de ordealo peche de aqueles establecementos que empecen a actividade sen ter obtido a licencia. Para iso tería que quedar clarificada na lei a relación entre licencia de obra e licencia de actividade, de forma que a licencia de obra quedase condicionada á posterior obtención da licencia de actividade e a introducción das medidas correctoras que poidan impoñerse no trámite de calificación. Antes de concederla licencia de apertura do local, os técnicos municipais deberían ter realizado unha medición acústica in situ.

En canto á inspección de funcionamento, a lei debería determinar en primeiro lugar a titulación e formación esixible, que habilita ós funcionarios para as súas tarefas de inspección. A estes funcionarios municipais debería proverlles dunha autorización xenérica, que lle permitise acceder ós locais no exercicio das súas funcións inspectoras sen que o titular do establecemento puidese esixir cada vez unha autorización distinta alegando un falso dereito á inviolabilidade do domicilio.

Para compatibiliza-lo exercicio deste dereito de inspección co do titular ou rexente do local a estar presente e comprobar a veracidade da medición, parece que a lei debería distinguir entre ruidos regulables e non regulables. Debería recoñecérselle o dereito a estar sempre presente na medición dos non regulables. Pero tratándose de ruidos regulables, parece máis conveniente que a lei establecese dúas medicións distintas: a primeira sen a presenza do titular, e unha segunda ofrecéndolle a posibilidade de estar presente. Iso sí, garantiríase poder coñecer tamén o contido da acta da primeira inspección e presentar as súas alegacións.

Sobre o réxime sancionador, convería que a lei do Parlamento de Galicia a regulase nos seus aspectos máis substanciais que logo se complementase a través do conseguente regulamento.

A lei debería facultar explícitamente á Administración para impoñer e executar medidas, tanto cautelares como sancionadoras. Medidas que se deberían ater ó principio da proporcionalidade, pero incluída a posibilidade de decreta-lo peche provisional do establecemento por un prazo limitado de tempo se fose necesario. Igualmente, deberíanse establece-los límites das multas que poden impoñe-los alcaldes, tal vez tendo en conta factores como o número de habitantes de cada concello, o aforo do local, etcétera.

En canto ó control do horario de cerre dos establecementos e as correspondentes sancións por incumprimento dos mesmos, podería quedar como competencia tanto da Xunta de Galicia como dos propios concellos.

E canto ó importante tema da proba de cargo sobre o exceso de ruidos, deberíanse establecer dúas cousas. En primeiro lugar, establece-lo procedemento legal a seguir nas medicións acústicas; logo, especificar que cando estas medicións fosen efectuadas polo técnico municipal competente e segundo procedemento legal, constitúen xa por si mesmas proba de cargo suficiente, agás que o afectado presente proba en contrario.

Finalmente, convería que esta lei autonómica prevese a existencia de réximes xurídicos distintos para as diversas modalidades de municipios. Como por outra parte xa o prevé a mesma Lei Básica de Réxime Local. Diferenciación de réxime xurídico que, en relación coa contaminación acústica, posibilitase por exemplo unha ampla liberdade de experimentación e posta en práctica de experiencias piloto, naqueles municipios que reunisen condicións especiais para iso, na liña de ir configurando espazos singularmente protexidos para a tranquilidade e o silencio.

Ademáis, debería establece-la normativa legal propia sobre espectáculos públicos, exercendo así as competencias que recentemente lle foron traspasadas a nosa Comunidade Autónoma pola Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, e Real Decreto 1640/1996, de 5 de xullo. Competencias éstas que foron atribuídas a diversos órganos da Comunidade Autónoma no Decreto 360/1996, do 26 de setembro. (DOGA nº 191, do 30 de setembro de 1996).

2.6.- OS CONCELLOS E A PROTECCIÓN CONTRA DOS RUÍDOS

2.6.1. Competencias legais.

Ós concellos correspóndelles un papel fundamental na protección dos cidadáns contra a contaminación acústica ou por ruídos. A eles compételles en primeiro lugar a execución de toda a normativa sobre ruídos emanada das diversas Administracións. Pero ademais poden promulgar as súas propias Ordenanzas municipais. Esta posibilidade de dictar Ordenanzas, convértese en obrigatoriedade para os concellos que sexan capitais de provincia ou teñan máis de 50.000 habitantes, así como para “todos aqueles nos que predomine o censo industrial sobre o resto das actividades neles desenvolvidas” (artigo 2.2 da Orde do 15 de marzo de 1963, pola que se aproba a Instrucción de normas complementarias para a aplicación do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, do 30 de novembro de 1961: RAMINP).

Esta mesma instrucción enumera (artigo 3) un esquema do “contido mínimo” para esta Ordenanza municipal, que debería extenderse a once aspectos distintos. Entre estes sinala: a clasificación das citadas actividades para o concello concreto do que se trata; o u emprazamento;

a distancia á que deben estar, e medidas correctoras para evita-las súas molestias; as normas de procedemento, comprobación, inspección, sancións e réxime xurídico.

Ademáis das facultades que o RAMINP (siglas coas que acostuma a citarse o Regulamento de actividades ...) lles outorga, sobre todo no seu artigo 6 entre outros, velaquí outras normas de ámbito estatal que reservan expresamente competencias ós concellos en materia de medio ambiente e contaminación acústica. A Lei de Réxime Local, no seu artigo 25.2 f; a Lei Xeral de Sanidade, artigo 42.3,a; o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, no seu artigo 40.

As competencias dos Concellos en materia de contaminación acústica causada polo funcionamento de establecementos públicos, xustifícanse en base a dous factores. Dunha parte, os ruídos e vibracións procedentes destes establecementos afectan ós cidadáns en canto veciños dun determinado lugar. E de outra, a atención e control deste tipo de ruídos esixe a proximidade da autoridade administrativa.

Os instrumentos a través dos que acostuman os Concellos a exercita-las súas competencias en materia de protección contra os ruídos molestos son principalmente dous: as xa aludidas ordenanzas, que unhas veces refírense á protección do medio ambiente en xeral e outras máis especificamente sobre os ruídos; e os plans de ordenación urbanística.

En canto ós establecementos públicos se refire, os Concellos teñen competencia executiva plena. Así, o Alcalde é o que outorga as licencias de apertura, ten facultades de inspección sobre o cumprimento da normativa, de impoñer sancións contra o seu quebrantamento, etc.

A dificultade maior coa que se atopan para exercer estas competencias consiste en que, sobre todo os Concellos pequenos, tan numerosos en Galicia, con frecuencia carecen dos instrumentos precisos e o persoal técnico competente para poder comproba-las infraccións e informar delas.

2.6.2. Posibilidades efectivas de actuación municipal en Galicia

Vistas as competencias legais dos Concellos en materia de protección contra a contaminación acústica, debemos referirnos agora ás posibilidades efectivas que existen a nivel local para protexer ós cidadáns contra as molestias e agresións do ruído.

2.6.2.1. Municipios urbanos e municipios rurais.

E aquí en Galicia atopámonos con que, a efectos do presente informe, debemos dividir os municipios en dous grandes grupos: urbanos e rurais. Entre uns e outros quedarían as vilas e municipios semiurbanos, que no caso de Galicia poderíamos calcularlles entre uns 5.000 e uns 15.000 habitantes. A súa modalidade principal, é que participan á vez, en maior ou menor medida, das características urbanas e das rurais.

Entendemos por municipios urbanos, a efectos deste informe non só os das cidades importantes, senón tamén aqueles municipios de poboación medias e incluso pequenas que teñen un problema importante de ruídos. Estes últimos, ben por estar ubicados ó carón dun aeroporto ou cruzados por vías de tráfico intenso; por ter un tecido industrial especialmente denso; ou por constituir centros de atracción masiva en tempo de vacacións ou fins de semana, coa conseguinte proliferación de locais públicos e centros de diversión (como certas poboacións costeiras).

Por municipios rurais, sempre a efectos deste informe, entendemos aquí todo o contrario do anteriormente dito. Pode comprenderse non só os municipios de poboación dispersa. Tamén aqueles nos que as vías máis importantes do tráfico rodado pasan xa polas aforas; que teñen escasa industria; a súa densidade de centros públicos e lugares de diversión é baixa. Neste tipo de municipios, o problema dos ruídos apenas existe ou non se percibe como tal. Incluso os escasos ou esporádicos ruídos que se producen (tañido de campáns, sinais horarias dun reloxo público; fogos artificiais nas festas...) soen ser máis ben percibidos como algo pracenteiro que vén rompe-la monotonía diaria, que como problema de contaminación acústica. Polo demáis, é obvio que a unha vivenda unifamiliar aillada -que tanto abundan nos nosos municipios rurais- chegan con moita menos intensidade os ruídos que a unha mazá de edificios de carácter plurifamiliar.

2.6.2.2. Actuación sobre todo dos concellos urbanos.

Soen ser sobre todo os municipios urbanos os que sofren problemas de contaminación acústica, ás veces verdadeiramente graves. Son tamén os que contan con máis medios, persoais e técnicos, para combatilos.

Os técnicos e planificadores do urbanismo soen distinguir dous grandes grupos de ruídos, entre os que se ven obrigados a soporta-los habitantes do medio urbano. O primeiro grupo estaría constituído polo “fondo sonoro” que, con carácter de continuidade, está formado fundamentalmente pola gran cantidade de automóbiles de motor que circulan; a maquinaria das fábricas e talleres, as emisoras de radio e televisión...O segundo grupo constitúeno os ruídos de carácter estridente; producidos polo paso de ambulancias, sirenas, coches dos bombeiros,

frenazos e bocinazos de automovilistas, martillos neumáticos e taladradoras de obras públicas, manifestacións diversas, foliadas colectivas.

Se os ruídos do primeiro grupo cercan constantemente o organismo das persoas e os desgastan, os do segundo atacan intermitentemente as células nerviosas.

O instrumento competencial básico co que conta a Administración local para combater os efectos nocivos dos ruídos é a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. No parágrafo segundo do seu artigo 25, esta Lei outorga ós Concellos competencias sobre protección do medio ambiente; ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; ordenación do tráfico nas vías urbanas, tanto para vehículos como das persoas; transporte público de viaxeiros; protección da salubridade pública. No artigo 26 modula a intensidade destas competencias en función da capacidade de xestión dos diversos municipios. No seu artigo 84, esta Lei encomenda ás Corporacións Locais intervir a través de Ordenanzas xerais, Bandos públicos e Ordes individuais constitutivas de mandato; así como actos de control preventivo entre os que destaca o sometemento a licenza previa.

Entre as leis de carácter sectorial, hai que destaca-la lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral da Sanidade, que no seu artigo 42 .3,6 establece o control dos ruídos e vibracións como competencia dos concellos.

De toda esta normativa legal dedúcese que as posibilidades de actuación dos Concellos, sobre todo urbanos, na loita contra a contaminación acústica se instrumenta a través dos seguintes tipos de intervención: a ordenación urbanística, a licenza municipal, e as normas de carácter sectorial.

2.6.3. Incidencia da ordenación urbanística sobre do ruído.

Hoxe, as competencias sobre ordenación do territorio foron transferidas en boa medida á Comunidade Autónoma, reservándose algunhas o Estado. A xestión e a disciplina urbanísticas son básicamente competencia dos concellos. Isto ten incidencia moi especial no grupo de concellos que temos chamado “urbanos”. Estes non son a maioría en Galicia; pero son os que acollen un volume maior de poboación, os que esixen un planeamento urbanístico máis complexo, e onde se ten que facer fronte a un maior número de problemas, entre outros o da contaminación acústica.

A cidade é o escenario en que a vida humana se desenvolve nunha maior variedade de actividades e o que os tratadistas urbanos denominan **usos**. Entre estes usos urbanos, o **residencial** acostuma ser considerado como o uso básico arredor do que xiran os demais. Todos os problemas relacionados co acceso á vivenda, chan urbano; e demais están íntimamente relacionados con este uso residencial. Entre os demais usos urbanos, hai outros que se consideran complementarios do residencial, e algúns máis difícilmente compatibles co mesmo. Enumeramos aquí algúns:

- **O uso comercial**, tanto das grandes superficies comerciais coma das pequenas tendas e o comercio de tipo medio.

- **O uso terciario**, sobre todo o das oficinas, a ensinanza e todo o relacionado coa Administración e os servizos públicos. Pero tamén os locais adicados á diversión e o ocio.

- **O uso industrial**. É o que máis dificultades encerra para coexistir co uso residencial. De aí a tendencia cada vez máis acentuada á implantación de parques tecnolóxicos que acollan as instalacións industriais alonxándoas das zonas densamente residenciais.

- Finalmente, soe considerarse aparte a problemática dos **cascos históricos** polo especial tratamento urbanístico que esixen.

Unha axeitada ordenación urbanística esixe un tratamento equilibrado desta diversidade de usos que se dan na cidade de hoxe. Usos que case sempre implican gustos, intereses e ata dereitos moi difíciles de compaxinar. E para os que non existen panaceas ou solucións perfectas e a gusto de todos.

Tampouco sabemos que se atoparan ata o de agora nalgún lado solucións perfectas para eses diversos usos no que se refire á problemática dos ruídos e a contaminación acústica. Pois a molestia producida polos ruídos está en función tanto da distancia que medie entre os centros emisores de ruídos -industrias, lugares de recreo...- e as vivendas, como das medidas de protección contra os ruídos de que esteamn dotados os edificios residenciais. E canto maior alonxamento exista entre as vivendas e os centros de traballo - talleres industriais, pubs e discotecas - maior necesidade terían os traballadores e empregados de recorrer a vehículos propios para desprazarse, que á súa vez son xeneradores de ruído.

As Ordenanzas Municipais, o Plan Xeral de Ordenación Urbana ou as Normas Subsidiarias de Planeamento constitúen instrumentos básicos con que os municipios tratan de regular e integra-los diversos usos no planeamento urbanístico.

É a través destes intrumentos como os municipios poden incidir nun correcto deseño e trazado da vialidade urbana, buscando un axeitado equilibrio entre o uso do automóvil e a reserva de vías peatonais. E en canto ó uso de automóveis, incidindo á súa vez no uso do vehículo privado ou a incentivación do recurso ó transporte público.

A previsión de superficies verdes suficientes e estratéxicamente distribuídas dentro do medio urbano, é outra forma de incidir no problema dos ruídos. Sobre todo as superficies arboladas, ás que os expertos en planeamento urbanístico coinciden hoxe en atribuir-lles dúas funcións. Dunha parte, as árbores constitúen pantallas acústicas que protexen ós edificios do ruído da rede viaria; doutra parte, axeitadamente distribuídos, producen verdadeiros oasis de calma sonora para os habitantes das cidades. De aí que a vixente Lei do solo dispoña (artigo 72.2. d) que os Plans Xerais deben destinar a zonas verdes e parques públicos un espazo de alo menos cinco metros cadrados por persoa.

Unha das formas máis decisivas de incidencia dos Concellos na diminución da contaminación acústica é, así mesmo, a potestade que teñen de conceder ou denegar a licenza municipal para as actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas. Actividades das que o seu Nomenclator oficialmente establecido no Regulamento das mesmas (Decreto 2414/1961, de 30 de novembro) non ten carácter cerrado e limitativo. Pode polo tanto ser ampliado a calquera actividade susceptible de provocar efectos contaminantes similares.

Está claro que entre estas actividades hai que incluír hoxe non poucos dos lugares de esparcemento como discotecas, bares, pubs, salas de festas funcionando en sotos ou baixos de edificios de vivendas ou nas súas proximidades. Establecementos que con demasiada frecuencia funcionan sen a preceptiva licenza de actividade clasificada. Unhas veces porque nen siquera solicitou a licenza. Outras porque incumpren as normas e condicións, ou medidas contra o exceso de ruídos que o Concello determinou e, a pesar diso, non se lles aplican as sancións previstas no RAMINP. Outras veces porque falta coordinación e aínda colaboración dilixente entre os diversos niveis da Administración na loita contra a contaminación acústica.

2.6.4. Equipamento dos municipios galegos fronte á contaminación acústica

Ó començar a elabora-lo presente informe, unha das cousas que fixo o Valedor do Pobo foi dirixirse a tódolos municipios galegos enviándolles unha enquisa sobre a contaminación acústica. A través dela intentabamos averiguar cuestións como as seguintes: en cántos municipios a contaminación acústica era percibida como un problema importante; natureza dos ruídos alí acusados; se contan cos medios, técnicos e humanos, necesarios para combatelos; se contan con ordenanza propia sobre ruídos.

De entre os Concellos que contestaron a nosa enquisa, un total de 67 fixérono afirmativamente no sentido de que tiñan problemas de ruído de relativa importancia.

Entre éstos atoppábanse case tódalas poboacións de certa relevancia en Galicia. De entre os municipios que acusaban problemas de ruídos, 28 pertencen á provincia da A Coruña, 8 á de Lugo, 10 á de Ourense e 21 á provincia de Pontevedra.

En canto á natureza dos ruídos ou causas que as xeran, a gran maioría acusan ós locais de lecer e diversión. Tanto é así, que 29 municipios só sinalan esta causa; outros a sinalan tamén, aínda que engaden algunha outra, como o tráfico rodado. Os pubs, bares, discotecas e demais son con moito os centros sinalados como principais responsables da produción de ruídos. En segundo lugar figura o tráfico rodado, sobre todo naquelas poboacións polo centro das cales cruzan estradas importantes ou as que, en épocas de verán, atraen abundante turismo. En terceiro lugar menciónane as industrias como emisoras de ruído. E en menor medida sinálase algunha mina ou canteira.

Á cuestión de se consideran ter medios técnicos e humanos para facer fronte ó problema dos ruídos, 41 Concellos constestan rotundamente que **non**, fronte a só 21 que

contestan que **sí**. E entre os que costestan que contan con medios, non poucos matizan e relativizan esta resposta. Por exemplo, sinalando que o único medio co que contan é a Policía Municipal. Ou dicindo “sí, aínda que carecemos de medidor de intensidade”; “sí, algúns”, “sí pero escasos”, etcétera.

Finalmente preguntabámoslles se contan con ordenanza propia sobre ruídos ou a estaban elaborando. A esta cuestión, 18 municipios galegos contestáronnos que tiñan ordenanza propia sobre ruídos. Outros 36 (o dobre) contestaron que non a tiñan: E outros 6 contestaron que estaban en fase de elaborala.

Malia a todo, o feito de que dous quintos dos municipios que contestaron sobre o tema das ordenanzas responderan no sentido de que xa a teñen ou a están elaborando, supón sen dúbida un avance non menosprezable en canto a equiparse con normativa propia para afrontar a problemática dos ruídos.

2.6.5. Necesidade dunha “ordenanza tipo”

En resumo, a gran maioría dos municipios galegos non contan aínda con ordenanza propia sobre a contaminación acústica. Sobre todo os pequenos municipios, que en Galicia son moi numerosos. E moitos non teñen ordenanza quizáis sinxelamente porque non saben facela. Pero é que, xeralmente, tampouco contan con sonómetro e un técnico capacitado para medir o volume dos ruídos. A través da tramitación das queixas que sobre ruídos se presentan ó Valedor do Pobo, polas respostas dos Concellos ás informacións que se lles solicitaban podemos comprobar que, en certos casos, descoñecían incluso as súas facultades ou os organismos dos que poderían recabar asesoramento e axuda.

Incluso entre os municipios que contan con ordenanza propia sobre contaminación acústica, a maioría só regulan nela os límites máximos de ruído permisible no interior dos edificios que o xeneran; así como a súa repercusión nos edificios colindantes ó transmitirse por vía estrutural ou a través do aire. Apenas entran a regula-los niveis máximos de **inmisión** de ruídos permisibles no exterior dos edificios: tráfico, festas ó aire libre, aglomeracións en beirarrúas e vías públicas, etcétera. Todas estas carencias non poden considerarse senón como indicativas da insuficiente conciencia que sobre este problema se acusa aínda en non poucos dos nosos concellos.

Bótase de menos a confección dunha especie de “ordenanza tipo” que puidese servir de base normativa a aqueles concellos que non a teñen propia. Ordenanza que moi ben podería formar parte dunha lei autonómica sobre contaminación acústica (cando se promulgue); pero que tamén podería ser redactado pola Deputación da provincia correspondente, pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FGAMP), ou pola Mancomunidade de Municipios onde exista. O importante é que esta ordenanza tipo acertase ó mesmo tempo a resultar útil ós municipios que carecen dela e a respecta-la autonomía municipal de cada un.

A colaboración nesta materia, e incluso unha certa coordinación, parecen imprescindibles se se quere loitar eficazmente contra os ruídos molestos. Coordinación que parece debería extenderse a aspectos como o grao de rigor con que se cumpran os horarios de peche, a cuantía das multas a impoñer por infraccións e demáis. Pois non hai que esquecer que nas horas de lecer a maioría da xente se despraza hoxe en automóbil, e que en poucos minutos pode trasladarse desde o municipio onde se é máis rigoroso cos horarios e as sancións ó municipio onde se sabe que se practica unha maior permisividade.

En canto a conseguir estes niveis de colaboración e cooperación intermunicipal, por agora non cabe ser moi optimistas. Alomenos se se ten en conta que das 29 mancomunidades de

municipios que figuraban rexistradas en Galicia ó final da primavera de 1996, só 8 delas incluíran entre os seus obxectivos a colaboración xenérica en materia de medio ambiente e ningunha mencionaba expresamente a contaminación acústica ou os ruídos. (Segundo relación comunicada a petición do Valedor do Pobo pola Dirección Xeral de Xustiza e Interior da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais).

O cal non quere dicir que a colaboración na recollida de lixo, bombeiros, liñas de autobuses para o transporte público e demais non deban ser consideradas suficientemente importantes como para mancomunarse os municipios. Pero só queremos mencionar esta carencia como unha mostra máis de que o nivel de toma de conciencia sobre a problemática derivadas da contaminación acústica está aínda lonxe de ser suficiente.

2.6.5.1. Aspectos que debería recoller

Esta “ordenanza tipo” convería que recollese aspectos como os seguintes:

- Establecer un elenco xeral dos principais factores que xeran o ruído ambiental: tráfico rodado, construción e obras públicas, centros industriais, establecementos públicos de ocio e recreo...

- Liñas xerais para elaborar un mapa de ruídos en cada cidade, poboación ou municipio, tendo en conta graos de desnivel topográfico, circulación dos sonidos, densidade industrial e de servizos.

- Límites de ruidos permisibles en cada circunstancia ou lugar e segundo horarios: na vía pública, en centros industriais pechados segundo distancia das vivendas, en centros de recreo, a tales horas...

- Criterios axeitados para a medición e control dos ruidos...

- Tipificación das infraccións por exceso de ruidos e sancións a aplicar segundo os casos.

- Condicións acústicas que deben reuni-los edificios e locais onde se xeneren os ruidos. Concesión de licencia de obra e apertura.

- Comportamento esixible ós cidadáns tanto na vía pública como na convivencia e tolerancia diarias, e máis concretamente en relación co descanso nocturno.

- Condicións que deben reuni-los vehículos, así como determinadas máquinas en relación co control e redución dos ruidos e vibracións.

Capítulo aparte merecen as actividades recreativas e de ocio. E aquí hai que distinguir en primeiro lugar se se trata de establecementos onde se desenvolvan actividades musicais ou se se destinan a outro tipo de actividades.

Cando se trate de conceder licencia para o funcionamento de actividades musicais e instalación do equipo musical correspondente, a ordenanza-marco debería prever que, entre a documentación regulamentariamente esixida para permitila se presente un estudio realizado por

un técnico competente e visado polo seu correspondente Colexio Oficial, no que se especifiquen aspectos coma os seguintes:

- Unha descripción do local, así como do equipo instalado ou actividade musical a desenvolver.

- Número de altavoces e a súa ubicación, así como das medidas correctoras.

- Elementos de illamento acústico existentes e previstas, concretando os valores que cada un destes illamentos acústicos ten segundo as diferentes bandas de frecuencia. Cálculo xustificativo destes niveis de illamento.

- Unha vez realizada a instalación, esixirase acta de comprobación da execución das medidas correctoras necesarias. Esta certificación estará subscripta polo técnico competente e polo titular da instalación que o contratou, pero a súa efectividade debe ser tamén contrastada polos servicios técnicos municipais en presenza do técnico privado. Nela deben consta-los resultados das medicións sonoras, así como a colocación no aparello de música dun limitador que impida supera-los 85 decibelios de ruído no interior do local. O propietario do local debe así mesmo asina-la acta. Se os servicios técnicos municipais e o técnico contratado discrepase en canto ó resultado obtido nas medicións, debería prevalece-la medición do Concello; aínda que o titular do local sempre podería recorrer á arbitrase dos servicios competentes da Xunta de Galicia.

- Parece conveniente así mesmo que este modelo de Ordenanza previse a posibilidade de declarar “zona saturada”, mediante decreto do Concello, aquelas áreas do termo

municipal nas que se considere non deba xa autorizarse a apertura de máis locais xeradores de ruídos.

- Algo semellante podería preverse para a declaración de “zonas especialmente sensibles” ás molestias por ruídos, aquelas que se atopen demasiado próximas a hospitales, residencias de anciáns, balnearios terapéuticos e outros edificios ocupados por persoas especialmente necesitadas de repouso tranquilo.

Tal declaración oficial surtiría efectos como: a non concesión de máis licencias para actividades ruidosas nesa zona, durante un período de tempo; a vixilancia especialmente rigurosa sobre o cumprimento das limitacións sonoras establecidas e demáis.

- Outro aspecto a ter en conta por esta Ordenanza-tipo sería a necesidade de formar e sensibilizar á poboación sobre a problemática dos ruídos. Debería preverse un plan de educación neste sentido -a través de escolas, comunidades e asociacións de veciños, organizacións culturais, empresariais, xuvenís.. - pois só así podería ir desenvolvéndose a cultura da convivencia cidadá respectuosa por igual co exercicio duns e outros dereitos. Esta formación podería incluí-lo asesoramento sobre as formas máis prácticas de insonoriza-la propia vivenda e protexela contra os efectos máis dañinos do ruído exterior.

- Finalmente, esta Ordenanza debería proclamar expresamente a necesidade de coordinación entre concellos próximos, se se quere combatir eficazmente a contaminación acústica. Por exemplo, entre os concellos de certas zonas das Rías Baixas, sobre todo durante a temporada das vacacións veraniegas. Tal vez as Mancomunidades de Municipios serían os órganos axeitados para coordinar, poñamos por caso, a política de licencias, coantía das sancións, horario de peche de establecementos e demáis. Pois coa facilidade de desprazamentos

que hoxe existe, pouco pode facer contra os ruídos un Concello se outro que está a só dez kilómetros fai o contrario para atraerse a clientela.

O conveniente parece sería elaborar entre os diversos concellos dunha mesma zona un tipo de expediente normalizado que lles garantice unha certa uniformidade de criterios sobre todo en disciplina sancionadora

2.7. TRATAMENTO XURISPRUDENCIAL DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Unha das conclusións que poden extraerse estudando a normativa sobre contaminación acústica é que esta resulta ás veces insuficiente, outras inadecuada, e outras difícil de aplicar pola falta de coordinación entre as diversas administracións responsables de poñela en práctica.

Sen embargo hai que recoñecer que, neste campo, o tratamento xurisprudencial que os tribunais viñeron facendo desta normativa foi con frecuencia máis alá e obtivo resultados máis felices do que cabería esperar da mera literalidade das normas.

Hai que distinguir sen embargo dous tipos de supostos distintos: a Xurisprudencia do Tribunal Supremo respecto da execución daquelas resolucións administrativas que requiran a entrada no domicilio dunha persona, e as sentencias do propio Tribunal e do Tribunal Constitucional acerca dos problemas das actividades clasificadas, incluídas as que producen contaminación acústica.

2.7.1. Para autorización de ingreso no domicilio e locais asimilados.

O Tribunal Supremo sostén como unha potestade establecida no dereito positivo a que compete á Administración para autoexecutar as resolucións e actos por ela dictados. Esta potestade exténdese tamén, por suposto, ó nivel da Administración local ou municipal. Non obstante, como se dixo antes, cando a execución forzosa conleva a entrada no domicilio de persoas, a xurisprudencia do Tribunal Supremo mantén que debe obterse antes a correspondente autorización xudicial.

A Lei Orgánica do Poder Xudicial, no seu artigo 87.2, dispón que a autorización prevista no artigo 18.2 da nosa Constitución para a entrada e rexistro do domicilio, así como dos demais lugares de acceso dependentes do consentimento do seu titular, correspóndelle ós Xulgados de Instrucción mediante resolución motivada. Os Concellos necesitan pois obter esta autorización xudicial cando han de recorrer á execución forzosa.

A intervención do Xuíz de Instrucción ten por obxecto garantir o dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio establecido pola Constitución. E é a Lei Orgánica do Poder Xudicial a que establece para o concepto de domicilio unha amplitude maior que a simplemente administrativa, extendéndoo ós locais onde se realicen actividades económicas, industriais, comerciais, etc.

En canto ó procedemento a seguir nas solicitudes de entrada ó domicilio e locais asimilados, a Lei Orgánica do Poder Xudicial non establece unha regulación específica. De aí que o procedente sea a terse ó disposto no Título VIII do Libro II da Lei de Enxuciamiento Criminal (artigos 545 a 578). O artigo 569.4 desta lei establece como requisito imprescindible a presenza do Secretario do Xulgado ou Tribunal que autorizou o rexistro, salvo “en caso de necesidade”.

O control do Xuíz de Instrucción está previsto para evitar que se produzan entradas arbitrarias no domicilio e lugares asimilados, e asegurar que coa entrada solicitada non se produzan máis limitacións que as estrictamente necesarias ó dereito constitucional da inviolabilidade do domicilio.

De aí que, aínda que o xuíz de Instrucción non sexa xuíz da legalidade e a executividade do acto da Administración, sí o é da legalidade da entrada no domicilio ou local que se trata de clausurar. De aí que deba controlar se quen figura no expediente administrativo como destinatario da resolución municipal é efectivamente o titular do domicilio ou local que se trata de clausurar; se foi debidamente notificado do acordo municipal de clausurallo, e si é él personalmente o que se opuxo á execución; que a solicitude municipal apareza fundada en dereito, que fora tomada pola autoridade competente, e que a entrada sexa necesaria para a execución da resolución municipal.

2.7.1.1. Novas dilacións e mermas de eficacia.

Pero hai que ter en conta, ademáis, que a resolución xudicial autorizando a entrada ó domicilio ou local é susceptible de recurso. Se o titular do local exerce o seu dereito de recurso, a clausura ou precinto do local denunciado debe seguir dilatándose e os veciños continúan sufrindo as molestias dos ruidos.

Non digamos nada se cando ó fin chega a autorización definitiva para clausura-lo local, os servicios municipais que van a executa-lo acordo comprobán que o local xa pertence a un titular distinto polo que habería que comeza-los trámites de novo.

Tamén pode suceder que o expediente de clausura se incoase por carecer de licenza de funcionamento, e que esta licenza se concedera logo ou durante o tempo transcorrido antes

de poder executala. Ou que se suspendera a orde de clausura, pola vía de feito, baixo a promesa do titular de que ía a cumprir-las condicións que se lle esixían.

2.7.2. A traveso das sentencias.

Non está por demais comezar este epígrafe recordando algo que xa antes dixemos de diferentes maneiras: que a normativa legal existente sobre a problemática dos ruidos resulta ás veces desfasada, outras de escasa coherencia e que se dan incluso verdadeiros baleiros legais. Todo indicaría que os poderes públicos, considerados no seu conxunto, aínda non tomaron conciencia suficiente da cantidade e complexidade de problemas que a contaminación acústica carrega á sociedade de hoxe.

Pero en contraste hai que dicir que a xurisprudencia sentada nos últimos lustros polas sentencias dos Tribunais Supremo e Constitucional veu a suplir en boa parte estas carencias. Sentencias que reflicten unha sensibilidade e toma de conciencia rigurosamente actuais e progresistas. Ímonos referir a algunhas destas sentencias.

2.7.2.1. Dúas resolucións xudiciais referentes a Galicia.

Comezaremos por reseñar, polo seu especial interese para nós, dúas sentencias do Tribunal Supremo referentes a Galicia.

A) Sentencia sobre o “caso Oleiros”.

A primeira que reseñamos é a Sentencia do Tribunal Supremo, de 5 de xullo de 1976, recaída no que na literatura xurisprudencial é coñecido como “caso Oleiros”. O titular dunha casa neste municipio galego denunciara ante o Concello desta vila as molestias que lle producía o són do carrillón do reloxio da igrexa parroquial. Ó ter sido desestimada a denuncia por parte do Concello, o interesado interpuxo recurso contencioso-administrativo que á súa vez foi desestimado en outubro de 1973 pola Sala de Instancia da Coruña. Apelou entón ó Tribunal Supremo, o cal acabou emitindo unha sentenza esclarecedora na que se ampliaba o concepto de “actividades molestas” a outros, como os ruidos non expresamente enumerados polo RAMINP (Regulamento de Actividades Molestas) de 1961.

Sinala esta sentenza que o denunciante, pese a non ser veciño habitual de Oleiros e usar a súa casa naquela vila só durante o tempo de vacacións, ten perfecto dereito a defende-la súa “tranquilidade” perturbada polo “són demasiado forte” e intermitente do reloxio instalado na torre do templo. Que era responsabilidade do Concello autorizar ou non a instalación do dito reloxio, e que tal licencia municipal non foi probada nin sequera se intentou probar. Pero que esta responsabilidade de velar “pola salubridade, tranquilidade e sosego cidadán” por parte dos poderes públicos vai máis alá da simple concesión ou denegación de licencia para as actividades susceptibles de perturbalos. Exténdese á obrigaón de vixiar, a través do “sistema de vixilancia ou policía” se determinadas actividades que na súa orixe puideron ser consideradas inocuas chegan nun momento determinado ou co paso do tempo a converterse en perturbadoras “da normal convivencia cidadán”.

Rexeita igualmente o Tribunal Supremo a argumentación da Sala da Coruña segundo a cal existiría unha especie de “tácito consentimento municipal indirecto” por parte do Concello de

Oleiros “ó funcionamento dun aparello que” como o reloxo da torre parroquial “en xeral preséntase como normal na vida”. Ou que o denunciante debería ter “aportado probas” de que “o ruído e as conseguíntes molestias se producían en medida superior ó normal e que, por tanto esixía a intervención correctora da Administración.” Así como que o nivel de ruidos non deba ser considerado “extraordinario”, dado que a proba pericial que a Sala de instancia da Coruña ordenou practicar atopouno “non superior ó nivel dos ruidos dun tráfico denso a curta distancia nin ó dunha conversación á distancia dun metro”.

De todo o cal, a Sentencia do Tribunal Supremo deduce que o Concello ten obrigaón positiva de intervir activamente contra a produción de anormal intensidade e as súas molestias, xa que “a súa inactividade significa unha abstención que pode contravi-lo Ordenamento”. E por iso revoca a sentenza da Sala de Instancia da Coruña, que desestimara o recurso do denunciante.

B) Sobre suspensión de licencia para unha discoteca en Betanzos.

A segunda resolución xudicial que aquí queremos reseñar é o Auto da Sala 3ª -Sección 1ª do Tribunal Supremo, do 11 de maio de 1989. Refírese á suspensión das licencias outorgadas para as obras, apertura e funcionamento dunha discoteca en Betanzos.

O auto de suspensión de licencias municipais foi impugnado ante a Audiencia Territorial da Coruña, e a Sala do Contencioso-Administrativo acabou levantando a suspensión.

Promovido recurso de apelación ante o Tribunal Supremo, este órgano fallou revocando o acordo da Audiencia Territorial e mantendo a suspensión das licencias en base ós seguintes considerandos que poden resultar altamente esclarecedores.

No considerando segundo, o Tribunal Supremo recoñece que “atópanse enfrontados os intereses de dous particulares, cada un dos cales pode encontrar apoio en preceptos constitucionais”. Estes son o “dereito ó descanso e a un medio ambiente adecuado”, protexido polo artigo 45 da Constitución; e o “dereito ó exercicio dunha actividade empresarial”, garantido no artigo 38 da nosa Carta Magna.

No considerando terceiro da por “probado documentalmente -mediante actas levantadas en diversas ocasións pola Policía Municipal- que, con posterioridade a alzarse a suspensión o número de decibelios excede en moito o tolerado polas Ordenanzas Municipais en vigor”.

Dando un paso máis, establece (considerando cuarto) que **“o dereito a un medio ambiente adecuado cobra nos nosos días un valor preeminente”**. Cita en apoio desta apreciación a Lei do 27 de marzo de 1989, sobre conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestre, que establece a “preeminencia da planificación medioambiental sobre calquera outra territorial”.

Entre os diversos subsistemas que integran o “sistema xurídico do medio ambiente”, o Tribunal Supremo afirma (considerando quinto) que se atopa “o da loita contra a contaminación de calquera tipo, incluída a acústica”. E engade taxativamente: **“Esta Sá, que ten que interpreta-las normas de conformidade coa realidade social do tempo en que serán aplicadas, non pode descoñecer esa prevalencia do medioambiental sobre o urbanístico”**. Prevalencia, matiza, “que non nace senón que se recoñece nesa Lei, porque pertence á natureza mesma das cousas”. Do que conclúe: “E como poder público que tamén é, este Tribunal está conminado constitucionalmente a velar por ese medio ambiente, o que supón velar tamén pola saúde (art. 43 da Constitución), porque **“a contaminación acústica non só é**

que impide o descanso ós que habitan nas vivendas cercanas, senón que prexudica a saúde de tódolos que se ven sometidos á incidencia dun número excesivo de decibelios”.

Polo cal conclúe no considerando sexto: “Por todo iso, procede revoca-lo auto impugnado mantendo a suspensión acordada inicialmente, sen prexuízo de que se se acredita a redución do número de decibelios ós topes permitidos, o que implica non só a adopción das medidas técnicas esixibles senón tamén a súa efectividade, poida novamente ser alzada. Debendo a autoridade municipal velar con particular rigor polo exacto e eficaz cumprimento das expresadas medidas”.

Advertimos aquí que o que está resaltado en negritas figura así no mesmo texto da propia resolución xudicial. Resolución que nos parece a tódalas luces actualísima e exemplar. E que pode servir de apoio rotundo a cantas autoridades municipais queiran loitar eficazmente contra a contaminación acústica.

2.7.3. Outras resolucións do Tribunal Supremo.

Destacadas polo seu especial interese para Galicia, esas dúas resolucións xudiciais dictadas con motivo de problemas expostos desde a nosa Comunidade Autónoma, pasamos agora a examinar outras resolucións do mesmo Tribunal Supremo en relación con diversos aspectos que afectan á contaminación acústica.

A) Sobre da clausura de establecementos públicos que incumpren a normativa sobre ruidos.

Cando se trata de medidas que inclúen a clausura, temporal ou definitiva, dun establecemento público por non cumprir coa normativa vixente sobre ruidos, a xurisprudencia do Tribunal Supremo distingue dous supostos diferentes, segundo que o establecemento de que se trate viñera funcionando con licencia ou o fixera sen licencia e polo tanto puidese considerársello dalgunha maneira como clandestino. Así, a sentenza do Tribunal Supremo de 4 de outubro de 1986 (Ar. 1502) establece:

“No primeiro suposto, ó existir licencia, é dicir, un control anterior da Administración, resulta xustificado o seguimento dos trámites (previstos) nos artigos 36 e seguintes do Regulamento de 30 de novembro de 1961” (de Actividades Clasificadas). “No segundo - carencia de licencia-, ó falta-lo control previo da Administración, a clausura poderá acordarse sen máis que acredita-la inexistencia de licencia coa audiencia do interesado prevista no artigo 91 da LPA (Lei de Procedemento Administrativo) e artigo 105 c) da Constitución.”

En canto á apertura clandestina de establecementos poderíamos citar, entoutras, a sentenza do mesmo Tribunal do 10 de xuño de 1988 que dí:

“A apertura clandestina de establecementos comerciais e industriais ou o exercicio sen a necesraia licencia de actividades incluídas no Regulamento de 30 de novembro de 1961, obrigan a adoptar, de plano ou con efectividade inmediata, a medida cautelar de continuación das obras, clausura-lo establecemento ou paraliza-la actividade, co fin de evitar que se prolongue no tempo a posible transgresión dos límites impostos por esixencias da convivencia social, ata a obtención

da oportuna licencia que garante a inexistencia de infraccións ou a adopción das medidas necesarias para correxilas.”

Por referirse expresamente a un suposto de peche de establecemento público por molestias causadas por ruído en horario nocturno, é oportuno citar aquí así mesmo a sentenza do Tribunal Supremo do 25 de abril de 1991 (Ar. 3083). Suposto de peche ó amparo do Regulamento Xeral da Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas.

Citando o artigo 40 deste Regulamento, o Tribunal Supremo di que “esixe como requisito previo e inexcusable para a apertura” destes locais “a licencia municipal de apertura e funcionamento, que solicitarase e obterase dos Concellos correspondentes”. E que “non poderán iniciarse as actividades sinaladas sen terse obtido a indicada licencia”. A carencia desta “preceptiva e previa licencia municipal habilita ás Autoridades con competencia na materia para adoptar medidas de policía, de carácter xeral ou particular, en relación coas distintas actividades recreativas e establecementos públicos”. Medidas entre as que se atopa o “peche de locais carentes de licencias ou autorizacións”, según o artigo 82 do mesmo Regulamento.

Tratando de concretar cales son as Autoridades competentes para tomar esta medida de peche, a mesma sentenza do Tribunal Supremo, tomando como base os artigos 74.2 e 82.4 do citado Regulamento, deduce que “son competentes ambas autoridades: o Delegado do Goberno e a autoridade municipal.”

B) Sobre a apertura de establecementos públicos sen verificar se reúnen as condicións necesarias.

¿E qué sucede cando un local público por exemplo unha sala de festas, comezou a funcionar sen que antes se comprobase, previa visita do funcionario técnico correspondente, se reúne ou non as condicións necesarias para exercer-la súa actividade?.

O Tribunal Supremo establece o criterio de que o outorgamento de licencia de apertura é improcedente se este local produce molestias sonoras e comezou a funcionar sen que precedese a preceptiva inspección técnico do mesmo. E esta improcedencia da licencia dura ata que as molestias sonoras desaparezan e se cumpran as medidas correctoras necesarias para evitalas. Así, a sentenza de 27 de xaneiro de 1989 considera que o Concello de Murcia obróu conforme a dereito ó precintar o aparato reproductor de son dunha cafetería con música. Basease tanto no artigo 34 do RAMINP, que establece a obrigada visita de comprobación por funcionario técnico competente antes de que o local comence a súa actividade. E iso tanto pola natureza mesma da actividade de que se trata como polo dano que poida causarse a outras personas. E tamén aduce a Ordenanza Municipal sobre Protección do Medio Ambiente do propio Concello murciano, determinando que o local non podía funcionar ata que se comprobase a eficacia das medidas correctoras impostas en sentenza anterior.

De todo iso conclúe a mencionada sentenza do Tribunal Supremo: “A medida imposta non deixa de ser prudente (por racional e proporcionada), xa que a actividade no local con música iníciase sen que conste a práctica obrigada da visita técnica de comprobación, polo que tal uso ou **actividade “era de mero feito ou simplemente ilegal”**. Polo que califica como “xustificada e suficientemente motivada” a decisión municipal de prohibi-la actividade ata que se comprobe a eficacia das medidas correctoras.

Outras sentencias do Tribunal Supremo sustentadoras do mesmo criterio son a de 12 de marzo de 1991 e a de 6 de xuño do mesmo ano.

C) Multas consecutivas e retirada temporal de licencia.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo interpreta e matiza o establecido no artigo 40 do RAMINP (Regulamento de Actividades Clasificadas), sobre a relación que existe entre a imposición de tres multas consecutivas e a retirada de licencia. Para iso distingue dous supostos: que se trate de retirada temporal ou de retirada definitiva. Di que cando o Alcalde opta por retirar temporalmente a licencia de funcionamento a un establecemento público non é necesario que antes lle impuxera tres multas consecutivas por faltas reiteradas. Asegura que incluso pode darse o caso de que a autoridade municipal estea obrigada a retirar-la licencia definitivamente, en función da gravidade das molestias causadas e o dano producido, sen que poida elixir entre multas ou retirada de licencia.

Así, a sentenza deste alto Tribunal do 9 de outubro de 1990, que á súa vez remite a outra do 11 de outubro de 1988, rechaza como insostible a doutrina “de que para a retirada definitiva da licencia é necesaria a previa imposición de 3 multas consecutivas”. E que non pode quedar “ó libre arbitrio do Alcalde poñer ou non multas e impedir con ese arbitrio a retirada definitiva da licencia cando a situación de incumprimento e da molestia faina inevitable”.

D) Prazo suficiente para poder cumprir-las medidas impostas.

O artigo 36 do RAMINP establece que cando o funcionamento dun local público produce molestias ós veciños, os alcaldes deberán dar un prazo ó titular do establecemento para corrixi-las molestias detectadas. Este prazo non pode ser superior a seis meses nin inferior a un mes, agás casos excepcionais. E a discrecionalidade do prazo garda relación tanto coa urxencia de corrixi-las molestias como coa envergadura das medidas correctoras que é necesario introducir.

As sentencias do Tribunal Supremo de 25 de febreiro de 1991 e 23 de maio do mesmo ano van neste sentido, de desautoriza-la clausura do establecemento se non se concedeu antes este prazo ó titular para corrixi-las molestias que o mesmo causa. A sentenza de 23 de maio de 1991 rexeita como excesivamente “corto e insuficiente” o prazo de coarenta e oito horas concedido por un alcalde. Di así:

“No caso concreto a que se refire o artigo 36 do citado Regulamento a Administración, no exercicio das súas facultades, pode fixar un prazo para que o requerido -o demandado- corrixa as deficiencias que se observaron no seu establecemento. **A norma determina que, agás casos especiais, o prazo debe ser non superior a seis meses nin inferior a un.** Agora ben, dadas as medidas correctoras a que se refire a sentenza, neste caso a Administración non usou adecuadamente a potestade discrecional, pois o prazo de coarenta e oito horas concedido é curto e insuficiente”.

E) Sobre o peche cautelar dun local por venda de bebidas para o consumo na vía pública.

Por sentenza de 18 de outubro de 1994, a Sala 3ª, Sección 6ª do Tribunal Supremo coñece en apelación e revoca en parte outra sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xusticia de Madrid. A sentenza do TSJM considerara axustada a Dereito a incoación de expediente sancionador e medida cautelar de peche tomada pola Delegación do Goberno en Madrid contra un pub da mesma cidade por vender bebidas no local para o seu consumo na vía pública sen ter autorización para facelo. O Tribunal Supremo revoca en parte a sentenza apelada do TSJM e, como consecuencia, desautoriza a Resolución da Delegación do Goberno en base ó argumento de que se omitira o trámite de audiencia ó empresario da discoteca e, por elo, podía haberse carecido dos elementos de xuício suficientes sobre o caso.

Xuristas expertos sobre temas do medio ambiente e concretamente sensibilizados sobre a problemática dos ruidos, criticaron fortemente esta sentenza do noso Tribunal Supremo que, por outra parte, non entra no fondo do asunto por razóns procesais (Vid., por exemplo, “El medio ambiente urbano y la convivencia ciudadana. El ruido por el consumo de bebidas en la vía pública”, por Manuel Beato Espejo, Revista de Administración Pública, xaneiro-abril de 1996).

De ningunha forma queremos nós, neste informe, terciar na polémica sobre a sentenza. Pero sí nos parece procedente mencionala como exemplo de sentencias do Tribunal Supremo en que se perdeu unha boa ocasión para entrar a fondo e con sensibilidade contemporánea nun dos aspectos máis actuais do problema dos ruidos: a venda de bebidas nos locais de ocio e diversión, para ser consumidas na vía pública. Pois o consumo de bebidas na vía pública, adquiridas no interior dos locais de ocio, constitúe un dos máis importantes focos xeradores de ruidos molestos. Coa particularidade de que os empresarios destes establecementos que despachan as

bebidas pretenden logo eludir toda responsabilidade, co pretexto de que eles non son culpables do comportamento que os seus clientes poidan ter despois na vía pública.

A aglomeración de mozos consumindo bebidas no exterior próximo ós locais de ocio, que acaban de adquirir no interior dos mesmos, prodúcese con frecuencia a altas horas da madrugada, sobre todo nas noites de verán. Coa inxestión de bebidas redúcese o autocontrol individual que habitualmente garante a convivencia cidadá civilizada. Os comportamentos gregarios ou de banda tenden a impoñerse. O froito son os griteiros, canturreos, xaleos, palabrotas; a confusión do valente co atrevido ou o temerario; a competición inconsciente por lidera-las “machadas”; o lanzamento de cascos e botes contra portas, ventás e fachadas dos edificios contiguos; o golpeo e volcamento de contedores de lixo ou de coches; o destrozo de árbores dos xardíns públicos, destrucción de papeleiras e ás veces ata de escaparates. E todo isto, coa conseguente desesperación das personas que a esa mesma hora están intentando disfrutar do sono e o necesario descanso.

E non é certo que nada teñan que ver con todo isto os responsables dos bares, terrazas, pubs e discotecas que despacharon as bebidas no local a sabendas de que eran para ser consumidas fora. Non poden negar que, ó facelo, estaban aumentando os seus ingresos, despachando máis copas, deixando lugar dispoñible para que poidesen entrar novos clientes. E todo iso, a coste de ignorar e permitir que fosen agredidos os dereitos dos veciños ó descanso.

2.7.4. O Tribunal Constitucional

Ó resumi-lo tratamento constitucional dos ruidos (epígrafe 2.2), referíamonos xa a que a contaminación acústica pode ser considerada como un ataque ó dereito a disfrutar do medio ambiente. (artigo 45 da Constitución), como agresión ó dereito da saúde (artigo 43 da mesma), e, tamén, como quebranto do dereito á intimidade individual e a inviolabilidade do domicilio (que garante o artigo 18 da nosa Carta Magna).

A relación do ruído agresivo co dereito á intimidade personal e familiar e á inviolabilidade do domicilio é unha interesante aplicación que vén facendo a recente doutrina xurisprudencial. Así, constitucionalistas como o profesor Martín-Retortillo, entoutros, veñen conectando nos seus traballos as intromisións sonoras coa violación do domicilio e a intimidade contra as que nos protexe o artigo 18 da nosa Carta Magna. Sosteenen que as molestias producidas polo exceso de ruidos forman parte do concepto de “inxerencias” definido polo artigo 12 da **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** de 1948, así como polo artigo 8 do **Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos** de 1950. Segundo esta doutrina, os ruidos ilexítimos constitúen unha das modalidades de invasión da privacidade á que os individuos temos dereito e que se residencia principalmente no propio domicilio.

Pois ben, a este plantexamento brinda apoio a sentenza 22/1984, de 17 de febreiro. No parágrafo primeiro do seu fundamento xurídico quinto, di esta sentenza:

“... Como se dixo acertadamente, o domicilio inviolable é un espacio no que o individuo vive sen estar suxeito necesariamente ós usos e convencións sociais e exerce a súa liberdade máis íntima. Por iso, a través deste dereito (dereito á inviolabilidade do domicilio, art. 18 da CE), non só é obxecto de protección o espacio físico en sí mesmo considerado, senón o que nel hai de

emanación da persona e da esfera dela. Interpretada neste sentido **a regra da inviolabilidade do domicilio é de contido amplo e impón unha extensa serie de garantías e de facultades nas que se comprenden as de vetar toda clase de invasións, incluídas as que poidan realizarse sen penetración directa por medio de aparatos mecánicos, electrónicos u outros análogos**”.

Como se deduce deste parágrafo, as fotografías do interior do domicilio por medio de cámaras instaladas na rúa (por exemplo coa finalidade de controla-lo tráfico ou a delincuencia), así como as agresións da contaminación acústica, constituirían violacións da propia intimidade e do domicilio. E de consolidarse esta liña xurisprudencial, os cidadáns poderían facer uso do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional solicitando protección contra as agresións do ruído.

Do mesmo Tribunal Constitucional son dous Autos de data 6 de outubro de 1987. Estes non só se refiren ó ruído, senón que articulan toda unha argumentación xurídica de defensa contra a contaminación acústica. Esta doutrina confirma a legalidade dunha resolución municipal fronte ó exceso de ruidos en que esta “tiña como finalidade a de asegura-la tranquilidade dos veciños”. E esta tranquilidade veciñal forma parte dos “bens xurídicos que a actuación administrativa debe protexer”.

2.7.5. Tribunais Superiores das Comunidades Autónomas.

Como era de esperar, esta xurisprudencia sentada polo Tribunal Supremo e respaldada polo Tribunal Constitucional comenzo xa a ser seguida polos Tribunais Superiores de diversas Comunidades Autónomas. Así, o Tribunal Superior de Xusticia de Cataluña, na súa sentenza de 9 de abril de 1991. Referíndose á sanción imposta por un alcalde, no seu fundamento xurídico segundo di:

“A sanción imposta ten o seu soporte fáctico, según se recolle na resolución do Alcalde de 11 de xullo de 1989 e se deduce do exame do expediente administrativo, na medición de ruidos realizada o 8 de xullo no domicilio do señor Casas polos técnicos municipais, e reflectida na acta de aprobación, realizada cun sonómetro debidamente calibrado da marca Bruel Kjaes, procedente da boleira propiedade dos recurrentes, que deu un resultado de 50.33, 52 e 53.67 decibelios, superior ós 30 decibelios permitidos polo artigo 18 das Normas Urbanísticas do Plan Xeral, polo que é manifesto o incumprimento polos promotores da actividade referida da normativa citada e do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas *constituindo esta polución acústica unha intromisión ilexítima no dereito á intimidade dos cidadáns, que se desenrola no espacio privativo do seu domicilio garantido polo artigo 18 da Constitución que veda toda clase de invasións, incluída-las que poidan realizarse sen penetración directa, por medio de aparatos mecánicos, electrónicos ou outros análogos* (Sentencia do Tribunal Constitucional 22/1984, de 17 de febreiro), aínda que non reciba protección penal no noso ordenamento xurídico, como sucede no artigo 659 do Código Penal Italiano, que salvagarda, baixo o epígrafe “Disturbo delle occupazioni o del riposo della persona”, o interese da tranquilidade, a quietude pública e privada e, así mesmo, atenta contra o dereito ó medio ambiente recoñecido no artigo 45.2 da Constitución, como alertou unha autorizada doutrina e tivo o seu reflexo na sentenza da Audiencia Territorial de Zaragoza de 10 de outubro de 1988 e o auto do Tribunal Constitucional de 13 de outubro de 1987”.

2.7.6. Dúas conclusións sobre o tratamento xurisprudencial.

Á marxe do interese especial que para Galicia pode te-la mención aparte das sentencias referidas ó “caso Oleiros” e a de Betanzos, do conxunto da doutrina xurisprudencial que poidemos examinar en relación coa problemática dos ruidos parece cabe deducir dúas conclusións aparentemente non fáciles de conxugar.

A primeira conclusión é que as sentencias ata agora emanadas sobre protección contra os ruidos ilexítimos constitúen un elemento moi eficaz e actual posto en mans das Administracións públicas para portexe-lo dereito dos cidadáns á tranquilidade e o descanso. Incluso podemos dicir que esta xurisprudencia sentada polos Tribunais estivo suplindo en parte importante o desfase dunhas normas legais, a incoherencia doutras e ata o vacío legal que se observa ás veces en canto á problemática relacionada coa contaminación acústica.

Sen embargo, outra conclusión aparentemente contradictoria coa anterior é a seguinte.

A interpretación tan ampla que se vén facendo do concepto de inviolabilidade do domicilio, extendéndoo ós **“lugares asimilables”** á vivenda (empresas, negocios ...), fai que ás veces se multipliquen e se prolonguen demasiado no tempo as dificultades para executar unha resolución de peche do local emisor de ruidos. Xa expuxemos anteriormente o desánimo e ata sensación de impotencia que tales dilacións producen, tanto nos veciños que están sufrindo as molestias da contaminación sonora como nos alcaldes que reciben as denuncias.

Esto fai que os alcaldes e demais poderes públicos que están obrigados a protexer ós cidadáns no seu dereito á tranquilidade e o descanso, dunha parte se atopen hoxe amplamente respaldados polas sentencias dictadas para combati-las agresións por ruidos ilexítimos en xeral;

pero por outra parte, sítense moi limitados na súa capacidade de eficacia cando se ven obrigados a executa-lo peche ou clausura dun local emisor de ruidos.

Quede aquí só apuntada esta paradoxa ou situación contradictoria, alomenos en aparencia. E deixemos para o capítulo deste informe dedicado a recomendacións e suxerencias, o formular algunha ó respeito.

**III.- REFERENCIA ESPECÍFICA Á PROTECCIÓN
CONTRA O RUÍDO PRODUCIDO POLOS TRANSPORTES**

3. A PROTECCION CONTRA O RUÍDO PRODUCIDO POLOS TRANSPORTES

Pero, tratándose dun informe sobre a contaminación acústica en Galicia, tampouco é posible pasar totalmente por alto os ruídos molestos producidos polos transportes: o tráfico rodado polas estradas e sobre todo nas rúas urbanas; o producido polo tráfico aéreo, ferroviario ou marítimo.

Ata o de agora, esta clase de ruídos apenas foi obxecto de queixas ante ó Valedor do Pobo nin, que nós saibamos, ante os demais Comisionados Parlamentarios españois. Pero iso non quere dicir que non exista ou careza de gravidade o ruído producido polas diversas formas de transporte. Existe, e os expertos calculan que ó redor do 80% das molestias sufridas polo ruído nas cidades proveñen do tráfico rodado. O que pasa é que o cidadán medio tende a mostrar unha mellor soportabilidade ante esta clase de ruídos, ben porque se producen en forma máis difuminada ou porque os que os sofren non saberían identifica-los seus responsables coa mesma seguridade, por exemplo, que ó titular dunha sala de festas.

Pero iso non invalida o feito de que España sexa sinalada polos investigadores da contaminación acústica coma un dos países do mundo máis afectados por este tipo de ruídos. Segundo a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento, (OCDE), España é o segundo país do mundo en nivel de ruídos, inmediatamente despois do máximo que é Xapón.

As estatísticas oficiais desta mesma institución internacional indicánnos que a poboación sometida a ruídos superiores a 55 decibelios producidos polo transporte terrestre oscila entre un máximo do 74% en España e un mínimo do 34% en Dinamarca; e a que se ve habitualmente obrigada a soportar ruídos superiores a 65 decibelios vai desde o 23% en España o 4,1% nos Países Baixos. (Entre os documentos que empregamos para redactar este capítulo temos que

citar, sobre todo, o traballo "Tratamiento jurídico acerca del ruido de los transportes", publicado por Santiago González-Varas Ibáñez, no nº 11 da Revista de Derecho Ambiental).

En España únense tres factores que fan a un país especialmente exposto ó problema dos ruídos: ser país mediterráneo, dado polo tanto a vivi-la civilización do ocio a través de expresións ruidosas; acadar un nivel de mecanización e industrialización superior á media mundial, e chegar a ser unha das primeiras potencias turísticas do mundo. Sen atoparse á cabeza de España neste aspecto, Galicia tampouco pode dicirse que quede exenta desta marea ruidosa.

Nalgunhas das queixas presentadas ante ó Valedor do Pobo referentes ós ruídos en locais de diversión e ocio, observamos que só a perspicacia dalgún técnico municipal nos chamou a atención sobre o feito de que o volume de ruídos medido no domicilio do reclamante era moi superior ó comprobado nese momento no interior do local denunciado; e que, polo tanto, debía de ser producido máis polo tráfico da rúa ou outras causas que polo nivel dos aparellos musicais e o vocerío dos clientes.

A intuición inclínanos a pensar que este caso será bastante máis frecuente do ata agora verificado polos informes técnicos, sobre todo nas poboacións atravesadas por estradas de intenso tráfico.

De todo isto deducimos que a incidencia do transporte no medio ambiente, e concretamente no tocante á contaminación acústica, é xa hoxe moi alta e seguirá medrando debido ó incremento da urbanización, ós desprazamentos deica o traballo e a diversión, a intensificación do turismo. Pensando só no transporte por estrada, a OCDE prevé que o número de automóviles seguirá aumentando de forma masiva e ininterrumpida alomenos ata o ano 2010; e que o aumento previsible é aínda maior en canto ós medios de transporte de mercancías.

Tanto pola parte das autoridades coma do cidadán medio, en España non se lle prestou ata o de agora a atención que merece o problema dos ruídos procedentes do transporte. Varios países que se mecanizaron e industrializaron antes ca nós, como Alemania, Suiza, Países Baixos, Austria ou Francia, víronse obrigados a tomar medidas normativas e prácticas para evitar ou corrixi-los efectos desta fonte de contaminación acústica. España, e como parte desta Galicia, veñen desenvolvendo importantes proxectos de transformación viaria, sobre todo por estrada. Pero non parece que nestes proxectos se estea avaliando e prevendo de xeito suficiente a contaminación acústica. Parece que esta pode ser unha razón máis para dedicarlle algunha atención no presente informe.

3.1. XERADORES DOS RUÍDOS

Entre os diversos subsectores do transporte relacionados coa produción de ruídos cabe mencionar en primeiro lugar o transporte por estrada, tanto de persoas coma de mercancías. O seguinte dato é suficientemente significativo ó respecto: máis da metade das mercancías transpórtanse en Europa por estrada, e calcúlase que o ruído producido por un camión equivale ó de entre cinco e quince automóviles.

Nos países onde o tráfico aéreo é intenso, téñese considerado como a segunda fonte xeradora de ruídos, e calcúlase que aumenta a razón dun 10% anual. Sen embargo, considérase que o ruído nos aeroportos tende globalmente a diminuír debido ó perfeccionamento técnico dos reactores, sobre todo desde que á Organización Internacional de Aviación Civil (OACI) comezou a esixir unhas determinadas pautas acústicas para concede-lo certificado de navegación.

Países dunha configuración xeográfica especial coma Alemania, Países Baixos, Xapón e sobre todo Suíza, acusan tamén o problema en relación cos ferrocarrís.

En canto ás fontes máis concretas produtoras de ruído, destínguese entre o ruído xenerado pola propulsión e o que producen os neumáticos ó rozar pola calzada. O ruído relacionado coa propulsión é o que prevalece cando o vehículo circula a velocidades moderadas e xérase sobre todo a partir do bloque do motor, dos sistemas de combustión e refrixeración, pola admisión do aire e polo grupo moto-propulsor. Os vehículos con motores diesel producen máis ruído cós de gasolina, e as medidas reductoras deles resultan máis difíciles de introducir. Circulando a altas velocidades, a fonte preponderante de ruídos provén do rodamento. Os neumáticos máis estreitos producen menos ruído, así coma se o seu roce se produce con pavimento poroso. O ruído aumenta na medida que aumenta a velocidade, se os neumáticos son máis anchos o pavimento está recuberto de materiais clásicos, coma asfalto ou cemento.

3.2. MEDIDAS TOMADAS, SOBRE TODO NA UNIÓN EUROPEA, PARA CONTRARRESTA-LOS RUIDOS.

Os países que antes se desenvolveron e mecanizaron, son tamén os que antes tiveron que ir arbitrando medidas para contrarresta-los efectos nocivos do ruído producido no subsector dos transportes. Son, sobre todo, os países que desde hai tempo forman parte da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento (OCDE). Unha parte deles están entre os quince que hoxe constitúen a Unión Europea (UE, antes CEE). Pero outros aínda non forman ou non poden formar parte da Europa Comunitaria, como é o caso de Suíza, Estados Unidos, Canadá, Xapón ou a mesma Australia.

Para o obxecto deste capítulo sobre a problemática do ruído nos transportes, temos que distinguir entre as medidas tomadas conxuntamente pola Unión Europea coma tal, e as arbitradas por outros países que tamén están entre os máis desenvolto. O que fixeron estes últimos en materia de ruídos pode ó mellor resultarnos útil a título ilustrativo e de exemplo inspirador; como poderíamos dicir algo semellante do que veñen facendo pola súa conta e para o seu propio réxime interno certos países comunitarios pero sen que estas medidas chegaran a ser asumidas pola Comunidade ou Unión Europea como tal.

Sen embargo as medidas propias da Unión Europea vinculan a tódolos países que, como España, están integrados na mesma. En determinadas condicións prevalecen incluso sobre o dereito interno dos propios Estados ou súpleno. Dado que España é un país de nivel intermedio en canto ó ritmo de desenvolvemento e mecanización, e por outra parte só a comezos de 1986 entrou a formar parte da Comunidade Europea, pode e debe desde entón considerarse coma parte do seu Dereito as normas que en materia de contaminación acústica e transportes xurdiron no seo da Comunidade.

As medidas ás que imos referirnos destinadas a contrarresta-los efectos nocivos do ruído nos transportes, foron orientadas nunha dobre dirección: unhas foron tomadas para reduci-los ruídos na súa propia orixe, os focos produtores (**centros emisores dos ruídos**); outras medidas orientáronse a axuda-los cidadáns a protexerse contra o impacto agresor dos ruídos nos lugares de inmisión ou recepción deles (vivendas, oficinas, ...). Unhas e outras refírense sobre todo ó transporte por estrada. Algúns autores chaman medidas *activas* as primeiras e medidas *pasivas* as segundas. (Vid. o traballo xa citado de González-Varas, paxs. 28 e ss.).

3.2.1. Medidas para reduci-los ruídos nas fontes que os xeran.

En xeral, nos países da OCDE fixéronse normas establecendo uns límites máximos ó nivel de ruídos permitidos nos vehículos. Normas que abarcaban desde a construción mesma dos automóviles e camiós ata as condicións precisas para autoriza-la súa circulación. Así, Suiza dictou xa a 27 de agosto de 1969 unha Lei sobre construción e equipamento de vehículos, na que nun dos seus anexos sinalase como límites sonoros máximos permitidos 75 decibelios para os automóviles e 80 decibelios para os camiós. E sinalanse en concreto normas para que resulten máis silenciosos os frenos, maletiros, portas, discos e conexións cos remolques; régúlase detalladamente o uso das alarmas en automóviles, e establécese un procedemento para a medición dos ruídos.

Os Estados membros da OCDE autoimpuxéronse como meta que entre os anos 2005 e 2010 o nivel máximo de ruídos dun automóbil non debe sobrepasa-los 70 decibelios e ó dos camiós os 75. Para iso, diversos Estados financiaron estudos técnicos para a redución dos niveis de ruídos. Entre as normas que se dictaron ou aconsellaron para conseguir reducións significativas dos ruídos, unhas refírense ós sistemas de transmisión, combustión e refrixeración dos vehículos; outras ó illamento do motor e á caixa de cambios, a configuración dos neumáticos, etc.

En canto á Comunidade Europea (hoxe Unión Europea), o 6 de febreiro de 1970 dictou a súa Directiva 70/157, destinada concretamente a regula-los ruídos producidos polos automóviles, camiós e similares. Nela distinguía sete categorías de vehículos de motor, establecía para cada unha delas os límites de ruídos permitidos, fixados en decibelios, concretaba a forma de medición destes ruídos tanto co vehículo parado coma en marcha, e establecía o procedemento de homologación dos vehículos no conxunto dos países comunitarios.

Despois desta Directiva e como continuación, foron saíndo as Directivas 73/350, 77/212, 81/334, 84/372 e 84/424. O seu obxectivo quedaba significativamente claro no título

xeral baixo o que se englobaban: "Directivas relativas á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o nivel sonoro admisible e o dispositivo de escape dos vehículos de motor". (Recordemos que España daquela non era aínda membro da CE). Algunhas outras directivas, ademais dos vehículos de motor, incluían outros medios de transporte como as motocicletas, os tractores e os avións subsónicos.

Os que na Comisión Europea elaboraron estas Directivas foron conscientes da escasa utilidade que tería ser moi esixentes en materia de ruídos se a normativa que se dictase non era aplicable coas técnicas de construción de vehículos que se coñecían en cada momento. De aí que seguisen o criterio realista de, en cada Directiva, deixa-la porta aberta para que puidese ser continuada por outras máis esixentes a medida que o progreso tecnolóxico o fixese posible. Así, ó ir perfeccionándose os métodos de medición de ruídos nos vehículos de motor, a Directiva 84/424, de 3 de setembro, estableceu unha rebaixa importante respecto ás anteriores en canto ó nivel dos ruídos admisible, e á Directiva 92/97, do 10 de novembro, puido rebaixar aínda máis este nivel sonoro.

Outro criterio seguido foi o da implantación gradual das normas, de maneira que os Estados membros da Comunidade tivesen tempo de ir adaptando a eles a súa industria automobilística.

Por outra parte, as Directivas non foron orientadas só a influir na construción dos vehículos e as técnicas de control das súas emisións sonoras. Procuraron incidir tamén noutros aspectos da contaminación acústica como é por exemplo o revestimento das estradas. Para iso, incentiváronse estudos de investigación sobre os efectos que pode ter na diminución dos ruídos a utilización de asfalto insonorizante ou fonoabsorbente.

3.2.2. Outras medidas, tomadas sobre todo polos países máis preparados e esixentes

Polo demais, hai países dentro e fóra da Unión Europea que se mostran máis esixentes na materia de loita contra os ruídos producidos polo transporte. Ben porque a súa densidade automobilística é maior, ou porque o nivel adquisitivo da súa poboación fai posible renovar máis rapidamente o parque automovilístico, porque o seu nivel de educación colectiva fai a súa poboación máis consciente dos problemas que encerra a contaminación acústica, etc.

Entre os comunitarios, países como Alemania ou os Países Baixos intentaron que as normas da Unión Europea rebaixasen aínda máis os límites de ruído admisibles nos transportes. Sen embargo, non poden impoñer estes límites máis baixos pola súa conta e dentro do seu propio territorio porque iso atentaría contra o principio admitido sobre a liberdade de circulación de persoas e mercancías.

De aí que recorran a medidas indirectas, como o fomento da construción de vehículos de motor máis silenciosos ou a limitación dos horarios de circulación dos vehículos ruidosos a certas horas e en determinadas zonas.

a) Medidas sobre os vehículos e a xestión do tráfico vial.

Así, Alemania promulgou xa en setembro de 1988, o seu Regulamento de admisión de vehículos á circulación, que modificou en decembro de 1990. Neste Regulamento reguláanse, entre outros aspectos, os chamados "vehículos silenciosos", entendendo por tales aqueles "vehículos que, en cada unha das súas fontes de emisión sonora, correspóndense co estado actual da técnica". É dicir, os que foron construídos incorporando ó máximo as técnicas

coñecidas de redución de ruídos. Concretamente para os camiós, distribúeos en tres tipos segúndo o número de kw que teñan, e sinala neles catro tipos de fontes xeradoras de ruídos; fixa una serie de normas técnicas para a medición do ruído neste tipo de vehículos.

Dentro da mesma Alemania, o Municipio de Bad Reichenhall, no sur de Baviera, convertiuse en pioneiro na loita contra o ruído dos transportes. En maio de 1988 promulgou todo un Programa de Directivas para o fomento da adquisición de camiós e motos silenciosas. Neles incentívase cunha axuda económica de dous mil marcos a fondo perdido para a adquisición de cada camión silencioso, e mil marcos para cada moto silenciosa.

O Goberno de *Land* de Salzburgo, en Austria, promulgou en novembro de 1989 un Regulamento polo cal só se permitía circular de noite ós vehículos silenciosos por determinadas estradas, mentras se lle prohibía ós vehículos ruidosos que superasen as sete toneladas e media.

Nos Países Baixos tiveron programas de subvencións públicas que acadaban entre 3% e 7,5% do valor dos vehículos que reduxesen os seus ruídos entre 3 e 6 decibelios sobre o máximo legal permisible.

No Estado de Adelaida (Autralia), as medidas sancionadoras contra os vehículos que sobrepasan os niveis permitidos sobre ruídos son especialmente severas: poden chegar ata a suspensión da inmatriculación. Considérase que gracias a este tipo de medidas o nivel de ruídos no transporte por estrada se reduciu en 9 decibelios.

Outro tipo de medidas que se foron tomando en certos países, rexións ou municipios se refiren á ordenacion e xestión do tráfico vial no seu conxunto.

Podemos mencionar entre estas a prohibición en certas zonas de Alemania de circular a máis de 30 kilómetros por hora. O plan global para reduci-los ruídos do tráfico rodado na cidade de Zürich (Suiza), que van desde a limitación máis estricta da velocidade permitida ou a desviación do tráfico das zonas residenciais, ata a instalación de pantallas antirruído; a insonorización e revestimento de estradas, a incentivación ó uso dos transportes públicos ou a bicicleta. Outras medidas tomadas en Suiza consistiron en declarar certas rúas como "de circulación única", polo que nelas destínase un carril para a circulación de automóbiles e outro carril resérvase para os peatóns; o decláralas "rúas habitables", co significado de que normalmente se reservan para os peatóns e só excepcionalmente se permite nelas o uso de vehículos.

En Francia veu funcionando un programa denominado "ciudades piloto silenciosas", establecido a iniciativa de determinados municipios e en colaboración co Ministerio do Medio Ambiente. Unha das iniciativas quizáis máis afortunadas deste programa é o énfase posto en informar á poboación acerca dos problemas do ruído.

b) Na construción e reestructuración das vías.

En diversos países da Unión Europea e outros non comunitarios pertencentes á OCDE fóronse establecendo tamén medidas destinadas a construír e equipar as vías terrestres de forma que a circulación por elas resulte o menos ruidosa posible. Outras veces tratábase de diminuír os niveis de ruído reformando vías xa existentes.

Para iso comezouse por facer estudos ó obxecto de determinar unha serie de *puntos negros*, onde a poboación está exposta a niveis de ruído superiores a 65 decibelios; ou *puntos grises*, nos que o ruído sufrido polas poboacións oscila entre os 55 e os 65 decibelios.

As medidas tomadas nuns e noutros lugares para transformar en máis silenciosas as vías van desde a instalación de pantallas antirruído ata a profundización das calzadas por onde teñen que circular os vehículos e trens, a formación de colinas ou montóns de terra laterais ás liñas de transporte.

Alemania, Países Baixos, Francia, Noruega, Xapón, e en xeral aqueles da UE ou a OCDE nos que a industrialización intensa e a masiva mecanización se produciu antes ca en España, son tamén os que primeiro tiveron que buscar formas imaxinativas para afrontar o ruído producido polos transportes.

Especialmente significativa e digna de mención paréceno-la seguinte experiencia alemana, polo que queremos reseñar-la neste informe. Significativa e exemplar, en canto incorpora a participación dos cidadáns na elección das diversas alternativas técnicas. Tratábase de construí-la vía de ferrocarril que unise as poboacións de Maunheim e Waldhof, xunto con outras poboacións menores como a vila de Handelshafen. No deseño definitivo desta vía participaron dun lado os especialistas, cos seus diversos anteprojectos, e doutra parte os veciños afectados, coas súas observacións e suxerencias. A Lei de procedemento administrativo alemán prevé un mecanismo que posibilita esta participación popular. A mesma lexislación alemana establece para estes casos o principio de proporcionalidade, segundo o que os veciños afectados poden inclinarse ben por esixir da Administración que tome as medidas necesarias para diminuíren na medida satisfactoria o ruído da vía que se vai construír, ou ben que se lle indemnice para a insonorización das vivendas, oficinas e outros recintos afectados.

No caso do ferrocarril Maunheim-Waldhof técnicos e veciños inclináronse polas medidas para diminuí-lo efecto dos rúidos na construción mesma da vía. E para iso construíronse paredes de protección ó longo do traxecto, cunha altura que oscilaba entre un mínimo de 1 metro e un máximo de 4,20 metros.

Entre os exemplos de loita eficaz contra os ruídos dos transportes en Alemania, soe citarse tamén a reestructuración do sistema viario na zona Hockenheim-Neulussheim. Diversas vías de transporte foron desplazadas 130 metros cara o oeste; profundizouse no terreo para construír unha nova vía; levantáronse paredes e colinas anti-ruído en diferentes puntos. O resultado foi que, a pesares de se construír unha vía máis, logrouse a redución do ruído en 20 decibelios con respecto ó sistema viario anterior. (datos no mencionado traballo de González-Varas Ibáñez, pax. 45).

En canto ós ferrocarrís, estudos solventes consideran hoxe que un ruído de 60 a 65 decibelios durante o día e 60 decibelios durante a noite constitúen un nivel soportable; e establecen o nivel tolerable nos 70 decibelios. O que se trata con respecto ós ferrocarrís é de localiza-los puntos máis ruidosos e intentar neutralizalos. Alemania construíu en 1988 máis de 1.200 kilómetros de pantallas anti-ruído, comprobando que como resultado diso obténse unha redución de ruídos en 10 decibelios cando a pantalla é de tres metros de altura.

En canto ó custo destas pantallas, no caso alemán avaliouse en 406 marcos por metro cadrado. Estudos franceses sobre os seus propios sistemas de pantallas avaliaban o custo medio en 1.500 francos por metro cadrado en 1991. Estes mesmos estudos calculaban que costaría menos insonoriza-las vivendas afectadas, avaliándose o custe neste caso en 25.00 francos como media se se trata de apartamentos e 50.000 francos no caso de vivendas individuais.

Xunto con Alemania, Francia, Países Baixos e Xapón son outros países que se mencionan como exemplos entre os que veñen levando a cabo accións importantes para diminuí-lo ruído producido polos transportes o través do ferrocarril.

3.2.3. Tamén nos puntos de inmisión dos ruídos

Referímonos ás medidas que en diversos países, sobre todo comunitarios, se viñeron arbitrando para diminuí-lo ruído dos transportes nas fontes onde se xeran os focos de emisión. Agora ímonos fixar un pouco nas medidas tomadas para protexe-los cidadáns, tamén fronte ós ruídos nos puntos de inmisión ou lugares onde os ruídos fan impacto: vivendas, oficinas, colexios, hospitais, ...

a) No Dereito alemán

Unha vez máis, o Dereito alemán vén sendo pioneiro neste aspecto. Tanto en determinar uns límites sonoros máis alo dos que os cidadáns non están obrigados a soporta--lo ruído dos transportes, como a establece-las condicións en que os cidadáns teñen dereito a esixir que a Administración pública teña que indemniza-los polos ruídos que non lles evita.

Nisto, a Lei de inmisións alemana de 1974 vai moito máis alá que o Regulamento español de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP). As directivas que logo se foron disctando en Alemania para a aplicación desta Lei determinaron, por exemplo, que o nivel máximo de ruídos admisible polos cidadáns como consecuencia da construción ou reestructuración dunha vía de transportes era de 60 decibelios de día e 50 de noite nos hospitais, colexios, residencias de anciáns e lugares de repouso terapéutico; de 62 e 52 decibelios respectivamente de día e de noite, nas urbanizacións e zonas residenciais; de 67 e 57 decibelios nos pobos, sedes administrativas e centros comerciais; e de 72 e 62 decibelios, nas zonas industriais. Se se superan estes límites de ruídos, a Administración está obrigada a intervir para reduci-los ruídos ou indemniza-los cidadáns que os padecen para que poidan insonoriza-las súas vivendas e lugares de inmisión en xeral. Os Tribunais alemáns viñeron admitindo estas reclamacións dos cidadáns, o mesmo se se trata de ruídos procedentes de vías de transporte de nova construción que das vías que xa existían antes da Lei de inmisións.

Acusábase sen embargo unha certa inseguridade xurídica na aplicación da Lei de inmisións. E esta inseguridade é a que veu a subsanar en parte o Regulamento de protección contra o ruído dos transportes, xa previsto polo artigo 43 e á fin promulgado polo Goberno federal o 12 de xuño de 1990.

No Dereito alemán establécese o principio de que a primeira obrigaón da Administración é toma-las medidas necesarias para reduci-los ruídos que sobrepasan os límites legais de soportabilidade; e a segunda, indemniza-los cidadáns que teñen que soporta-los ruídos excesivos, cando o custo das medidas reductoras sexa tal que resultaría desproporcionado en relación co fin proposto ó construí-la estrada ou vía de ferrocarril. A indemnización pública vén entón a axudar ós cidadáns para que eles mesmos se protexan mediante medidas de insonorización. As reclamacións cidadás poden presentarse tamén para que se lles indemnice polas molestias e desvaloracións que sufran as súas fincas colindantes cas vías de transporte como consecuencia da contaminación acústica.

b) No Dereito suizo

A lagoa que, a pesar de todo, ten a regulación xurídica alemá é que só se refire expresamente ó ruído procedente das estradas e vías férreas de nova construción ou que foron substancialmente reformadas. Aínda que xa vimos tamén que a práctica xurisprudencial dos tribunais era aceptar así mesmo as reclamacións presentadas contra o exceso de ruídos das vías preexistentes.

Neste sentido, temos que menciona-lo Dereito suizo coma o primeiro que previu un sistema adecuado de saneamento do ruído procedente das vías de transporte. Como normas legais básicas deste saneamento da contaminación sonora temos que citar, en primeiro lugar, a

Lei de protección medioambiental de 7 de outubro de 1983, e logo o Regulamento de protección contra o ruído, de 15 de decembro de 1986, que a desenvolve. En relación cos transportes, a Lei establece uns niveis máximos sonoros permitidos nas estradas, vías de ferrocarril e aeroportos. Xunto a iste nivel máximo de soportabilidade sonora, o Regulamento concreta outros dous tipos de niveis: un de niveis sonoros agudos ou de alarma, que virían a sinalarlle á Administración os focos de ruídos onde o seu saneamento se fai máis necesario; e outro de niveis sonoros de planeamento, a ter en conta cando se trata de construír unha vía de transporte que cruza por zonas de vivendas. En relación co ruído, dentro de cada un destes grupos de niveis distínguense catro tipos de zonas para establece-lo nivel máximo sonoro legalmente permitido en cada unha delas, de menos a máis: zonas de descanso, zonas residenciais, zonas mixtas que se destinan conxuntamente a vivendas e lugares de negocios, e zonas exclusivamente industriais.

Se a Administración pública competente verifica que nunha determinada zona se producen ruídos que exceden o nivel de inmisión legalmente soportable, ten que dar orde á empresa propietaria da liña de transporte para que tome as medidas de saneamento necesarias. Medidas que, en primeiro lugar deben dirixirse a reduci-lo ruído na súa orixe (focos de emisión). O esforzo obrigado para a redución do ruído ten dous límites: as posibilidades técnicas, e a racionalidade económica. Se as medidas tomadas polo propietario da vía cumpren estas condicións, pero non lograron que o ruído sexa reducido ata quedar por debaixo dos niveis sonoros de alarma, entón a Administración obriga os propietarios dos edificios afectados (puntos de inmisión) a que procedan pola súa parte a tomar medidas para reduci-lo impacto dos ruídos, por exemplo, insonorizando as fiestras. As condicións de insonorización das fiestras están determinadas no mencionado Regulamento, así como a distribución dos gastos. O custo das medidas de insonorización debe aboalo o propietario da vía de transporte causante dos ruídos. O gasto de mantemento das fiestras insonorizadas son por conta do propietario do edificio. E o control de todo elo é responsabilidade da Administración.

O sistema suízo de saneamento dos ruídos, cando se trata da construción e mantemento de aeroportos inspírase nos mesmos principios expostos para as vías de ferrocarril e as estradas.

Este mesmo sistema complementábase establecendo medidas excepcionalmente restrictivas na concesión de licencias de construción en zonas xa excesivamente ruidosas e, en xeral, obrigando a cumprilas normas de protección fronte ó ruído nos edificios de nova construción.

3.2.4. Especificamente contra dos ruídos producidos polos avións

Diversos países dictaron así mesmo normas e estableceron medidas específicas para protexe-los seus cidadáns fronte ós ruídos producidos polos avións nos seus despegues e aterraxes. (Vid. o mencionado estudio de González-Varas Ibáñez, paxs. 59 ss).

O máis específico destas medidas e normas no Dereito comparado é que os diversos países dan por suposto que "os aeroportos serven a un fin público", polo que o determina-lo seu emprazamento é responsabilidade exclusiva das autoridades. Os particulares non poden, pois, opoñerse á súa construción, nin tampouco esixir que se tomen medidas especiais para reduci-los ruídos nos lugares onde se producen os focos de emisión. Varios países recoñecen, sen embargo, o dereito dos cidadáns que viven próximos a ser indemnizados polos danos cos ruídos lles producen nas súas vivendas e propiedades (puntos de inmisión).

Así, en Alemania a Lei para a protección contra o ruído aéreo, de 30 de marzo de 1971, distingue tres zonas no entorno dos aeroportos civís e militares. Unha primeira zona na que o nivel de ruídos causado polos avións supera os 75 decibelios e outra segunda na que sobrepasa os 67 decibelios. Na primeira non se permite a construción de novos edificios en

xeral, e na segunda prohibese construír edificios destinados a fins especiais, coma hospitais, escolas, residencias de anciáns ou lugares de repouso.

Pode excepcionalmente permitirse a súa construción, pero entón esixírase que se fagan respectando unhas disposicións especiais de protección de eses edificios contra os rúidos. Respecto dos edificios xa preexistentes ou dos solares afectados pola prohibición de construír, estableceuse un sistema de indemnización ós seus propietarios en concepto de restitución por gastos de insonorización.

A terceira zona contemplada é aquela na que o nivel de rúidos non sobrepasa os 62 decibelios. Sobre esta zona, a Lei alemana límitase a dispoñer que a Administración local sexa informada a fin de que, nas súas medidas de planeamento urbanístico, teña en conta que existen tales niveis de ruído.

Pola súa parte Suíza promulgou o seu Regulamento sobre tráfico aéreo o 14 de novembro de 1973. Nel distínguense así mesmo tres zonas en torno ós aeroportos. A chamada zona A, na que só se permite construír edificios para usos agrícolas, militares ou de almacenaxe. Outra zona B, na que se permiten edificacións industriais, de negocios e de oficinas, pero todas con medidas de protección contra dos rúidos. E unha zona C, na que, ademáis das edificacións anteriores, permítese construír comercios, despachos e vivendas que inclúan as medidas de protección contra o ruído. O sistema de indemnizacións previsto, tanto para os prexudicados pola prohibición de edificar coma para os que teñen que tomar medidas especiais de insonorización, forma parte do establecido en materia de expropiación forzosa.

Para financiar este sistema de indemnizacións, diversos países estableceron o cobro de taxas especiais pola xeración de rúidos nos aeroportos. Taxas que unhas veces se sobrecargaron ó prezo das pasaxes cobradas os viaxeiros; outras sobre o tipo de avións utilizados, de forma

que se incentivase o uso de os avións máis silenciosos ó eximi-los de aboa-la taxa. Especialmente concreto e equitativo parece o sistema de taxas establecido para os aeroportos de Zürich e Xenebra (Suiza), que supón a medición no solo dos ruídos causados por cada avión ó despegar e o seu seguimento periódico para descubrir que compañías aéreas vulneran os procedementos de voo.

Tamén no aeroporto de Madrid-Baraxas se segue un procedemento semellante de medición de ruídos no despegue e aterraxe dos avións a reacción. Sistema que é controlado en forma centralizada para tódolos aeroportos españois polo Laboratorio da Dirección de Operacións. Os expertos españois que máis esixente atención veñen prestando ós temas da contaminación acústica, como Martín-Retortillo Baquer, sosteñen que só os medios de transporte *silenciosos* poden recibir axuda financeira pública. Refírese ós transportes en xeral, non só ós avións. Esta doutrina non fai senón coincidir exactamente coa Directiva comunitaria 92/97, de 10 de novembro de 1992, xa antes mencionada neste informe, que dispón que se limiten os incentivos fiscais ós vehículos de motor que cumpran as normas técnicas de redución de ruídos. Aínda que nisto, en España queda aínda moito por facer para que a práctica diaria e a mesma normativa legal se acomode á mellor doutrina actual na materia de contaminación acústica, sobre todo nos transportes.

Outras medidas que se soen tomar para incentiva-lo uso de avións máis silenciosos e desalenta-lo dos máis ruidosos, consisten en establecer para estes últimos maiores restriccións en canto ós horarios e zonas dos aeroportos nas que se autoriza a aterrizar e despegar.

3.3. EN QUÉ MEDIDA PODEN VALER PARA O NOSO PAÍS

Ó referirmos ó ruído producido nos locais de ocio e diversión, xa vimos que España non é precisamente pioneira en canto á protección do dereito dos cidadáns ó descanso e a non ser agredidos pola contaminación acústica. Nin o é no aspecto da lexislación, que aínda deixa moito que desexar, nin en canto ás medidas práctica, nin en canto á formación da conciencia cidadá sobre este problema. Menos aínda nos podemos considerar pioneiros en materia de protección contra os ruídos xerados polos transportes. Aínda que neste último sector sería case impensable que España fose moi adiantada, cando a nosa locomoción só se foi mecanizando masivamente cun certo atraso en relación cos países máis desenvolto.

Malia todo, decidímo-nos a dedicar este capítulo ós transportes no presente informe por dúas razóns. Por unha parte que o problema hoxe xa está aí e non podemos esquivalo. Por outra parte, que as solucións arbitradas por outros países para protexe-los seus cidadáns contra os ruídos poden, en boa parte, servir de inspiración para o noso.

Desde o punto de vista vinculante, é pois diferente a forza que para España e Galicia teñen as normas e experiencias dos países da OCDE (Estados Unidos, Xapón, Australia, ...) ou as dos que forman con nós parte da Unión Europea. As dos pertencentes á OCDE poden sernos útiles se acaso como exemplo ou fonte inspiradora do que é posible facer. Os países xa membros da Unión Europea (ou Suiza, por exemplo, se chega a integrarse nela), é obvio que tenderán a influir na Comunidade para que faga súas e as extenda a tódolos países membros aquelas medidas que eles experimentaron en sí mesmos como apropiadas. Isto levará ós organismos dirixentes da UE a ser cada vez máis esixentes nas súas Directivas sobre a loita contra a contaminación acústica. Teremos pois que prepararnos para tomar cada vez máis en serio as Directivas comunitarias e o seu calendario de aplicación ó Dereito interno do noso país.

3.3.1. Forza vinculante das Directivas comunitarias

En primeiro lugar temos que recordar que o Dereito comunitario ten primacía sobre as normas dos países membros, neste caso España, que sexan contrarias a el. E isto tanto se as normas internas do país en cuestión foron promulgadas antes da Directiva comunitaria como se o foron posteriormente a ela.

Isto baséase en primeiro lugar nos artigos 93 e 96 da nosa Constitución. Polo artigo 93, a Constitución española autoriza ó Estado a celebrar tratados con Organizacións Internacionais mediante os que reconece a estas organizacións competencias derivadas da Constitución. E no artigo 96 establece que eses tratados válidamente celebrados, "unha vez publicados oficialmente en España, formarán parte do seu ordenamento interno". Unha vez integrada como membro da Comunidade Económica Europea (agora Unión Europea), España está constitucionalmente obrigada a cumprir-las Directivas europeas. Esta é por outra parte a doutrina xurisprudencial que viñeron establecendo tanto as sentencias do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea coma o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional españois.

Xa enumeramos antes as Directivas máis significativas ditadas pola Unión Europea (antes CEE) en materia de contaminación acústica producida polos transportes.

3.3.2. O Tratado de Maastricht como fito

Por outra parte, o Tratado da Unión Europea de 7 de febreiro de 1992, máis comunmente coñecido coma Tratado de Maastricht, veu a introducir un verdadeiro fito na política comunitaria do medio ambiente.

É en Maastricht onde se introduce nas políticas europeas o concepto de "desenvolvemento sustible", entendendo por tal o tipo de "desenvolvemento que satisfai as necesidades do presente sen poñer en perigo a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades". Esta definición está tomada do denominado Informe Brundtland publicado en 1987, da Comisión Mundial para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento. Este concepto de desenvolvemento quere compaxinalo crecemento económico coa mellora da calidade xeral de vida, e uso racional dos recursos naturais e a salvagarda do medio ambiente. En canto ás diversas formas de contaminación do medio ambiente, incluída por suposto a contaminación acústica, Maastricht pon o acento na "acción preventiva", e establece "o principio de que quen contamina paga" (artigo 130 R.2.1.).

Outro principio que senta é o de subsidiariedade. É dicir, que a Comunidade interveña nas políticas de medio ambiente só naqueles aspectos nos que sexa necesario para reforzar e dotar de maior eficacia á propia acción dos Estados membros.

Estes dous principios, o de crecemento sustible e o de subsidiariedade, na medida na que sigan desenvolvéndose, son susceptibles de ter unha gran trascendencia sobre todo na protección acústica do medio ambiente urbano, e moi concretamente na loita contra os ruídos xerados polo tráfico rodado e os transporte en xeral.

Pola súa parte, o "Libro Verde sobre o Medio Ambiente Urbano", da Unión Europea, considera que o ruído é a máis vasta e agresiva forma de contaminación urbana, que dana gravemente a saúde e a calidade xeral de vida dos cidadáns.

Sen embargo, malia ás numerosas Directivas sobre aspectos sectoriais dos ruídos (algunhas xa citadas) e os dous principios xerais introducidos por Maastricht, tamén temos que dicir, que ata o de agora non existe aínda a nivel comunitario ningunha resolución reguladora que

nos permita falar dunha política global da Unión Europea para combater os efectos perniciosos do ruído.

Xa vimos no seu momento que España carece incluso dunha Lei básica de loita contra o ruído. E en materia de ruídos producidos polo transporte, nen sequera temos establecidos límites sonoros legais, máis alá dos que os cidadáns tivesen dereito a esixir a intervención da Administración. Como tampouco temos recoñecido por lei o dereito dos cidadáns a ser indemnizados polos ruídos excesivos que se ven obrigados a soportar.

Parece que para España sería máis útil un sistema parecido ó alemán, que recoñece ós cidadáns como dereito subxectivo o de esixir directamente da Administración medidas contra os ruídos, que o sistema suízo, polo que terían que solicitar á Administración que ordene ás empresas do transporte tomar esas medidas. Medidas que probablemente teríamos que integrar no sistema de expropiación forzosa, facendo que a Administración se responsabilizase xa de previr e evitar no posible os ruídos na construción das vías públicas, e recoñecese o deber de indemnizar ós cidadáns polos ruídos que non evitase.

3.3.3. Para Galicia máis en concreto

Como tamén dixemos xa neste informe, Galicia tampouco se encontra entre as comunidades autónomas pioneiras na loita contra a contaminación acústica.

Nin a sociedade en xeral está suficientemente concienciada sobre o problema. De aí que centre as súas queixas case que exclusivamente no ruído procedente dos locais de ocio, mentras soporta cunha mezcla de estoicismo e inconsciencia os ruídos producidos polos transportes. As mesmas queixas que o Valedor do Pobo recibe en relación coa expropiación forzosa, xeralmente chegan para reclamar unha maior dilixencia no aboamento do xustiprezo pero

non soen mencioa-lo deterioro ambiental que os ruídos producidos polas vías en construción vai provocar nas vivendas e solares. Tampouco os ecoloxistas militantes mostran moita sensibilidade sobre estes temas da contaminación acústica, xeralmente máis atentos ós aspectos estéticos e visuais da paisaxe. Tampouco nos consta que as autoridades teñan suficientemente en conta a contaminación acústica ó valora-lo impacto ambiental das vías de transporte.

Galicia vén acometendo unha profunda transformación da súa rede de estradas. Temémonos que na súa execución se está perdendo unha gran ocasión de tomar en serio o problema dos ruídos. Aspecto este que, se non se resolve de forma preventiva ó construí-las vías, logo resulta moito máis caro e difícil de subsanar. En Cataluña e Navarra promulgáronse xa medidas de control dos ruídos e vibracións nos proxectos de novas autopistas, autovías, estradas e vías de penetración a núcleos urbanos. ¿Por qué no van a poder promulgarse medidas semellantes en Galicia?

Por outra parte, Galicia é unha das comunidades con maior porcentaxe de anciáns e persoas especialmente necesitadas de repouso. É tamén unha comunidade moito mellor dotada para o turismo selectivo de calidade que para o turismo masivo: o turismo rural, o turismo cultural, o turismo termal e terapéutico. Moito nos tememos que se non se coidan a tempo os problemas da contaminación acústica tampouco estamos sentando precisamente as mellores bases para o futuro desenvolvemento desas posibilidades turísticas.

3.4. Pioneiros da cultura do repouso

Nestas condicións, sería demasiado utópico pretender que Galicia poida pasar nun prazo razoable de tempo a converterse nunha comunidade pioneira na loita contra a contaminación acústica. Sen embargo, tendo en conta que a maior parte das competencias e programas en materia de ruídos dependen dos concellos, o Valedor do Pobo considera factible que algúns concellos se decidisen a poñer en práctica experiencias piloto neste sentido. Sobre todo determinados concellos que polas súas condicións especiais comunmente recoñecidas, fixesen facilmente xustificables medidas singularmente esixentes en materia dos ruídos. Como son os concellos que contan con algún balneario, hospital xeriátrico ou residencia de anciáns; os que teñen un entorno natural ou artístico o disfrute do cal esixe contemplación silenciosa... . En casos como estes, podería resultar especialmente interesante que algúns Alcaldes e os seus equipos de goberno se decidisen a da-lo paso de converti-lo seu concello -ou unha parte del: algún barrio, parroquia ou aldea- en pioneiro de experiencias en orde a fomenta-la cultura do repouso e o silencio.

Por outra parte, hoxe coñécense suficientes experiencias neste sentido, tanto en España coma no estranxeiro, como para non ter necesidade de crear cousas da nada. Chegaría con seleccionar algunhas das que mellor poidan adaptarse ó propio pobo, e activar un pouco a imaxinación para descubrir outras que a propia realidade nos inspira. Tratándose ademáis de experiencias novas, teríamos que contar como algo natural coa posibilidade de ir rectificando e adaptando sobre a marcha. Así como explicar moi ben á xente o que se pretende e por qué se fai.

Sería moi desexable que tanto a lei básica española sobre contaminación acústica, como a lei autonómica galega, cando as teñamos, establecesen medidas especiais de incentivación para este tipo de experiencias.

Expertos españois sensibles ós problemas do medio ambiente e concretamente ós derivados dos ruídos, veñen insistindo na necesidade deste tipo de "experiencias piloto" e mencionan o exemplo das que se puxeron en marcha noutros países. Nesta liña, Martín Retortillo Baquer, prefere usa-lo termo "concellos non ruidosos" para se referir ás propostas de crear este tipo de espacios silenciosos. González-Varas Ibáñez, divulgou entre nós o que se fixo en varios países, como xa referimos noutro epígrafe deste mesmo capítulo. Sobre todo ás medidas postas en marcha no concello alemán de Bad Reicheuhall, ó sur de Baviera. Unha intelixente aplicación da normativa legal, xunto cunha política acertada de axudas económicas e regulación do tráfico rodado, conseguiron que os cidadáns comezasen a apostar polos "vehículos silenciosos".

Estas medidas poden ser complementadas con outras tamén experimentadas xa en diversas parte de España. Coma a "zonificación" de locais de ocio, o establecemento de medidas para que os "barrios do xolgorio" se empracen en lugares alonxados das vivendas.

Pero neste tipo de experiencias piloto é de especial importancia contar coa educación da xente. É a través deste diálogo educativo onde temos que ir implantando principios tan de sentido común como aquel de que "o que beba non conduza".

En todo caso, este tipo de experiencias piloto deberían ter como base a libre iniciativa municipal, aínda que poderían contar tamén con medias de fomento procedentes doutros niveis: exencións tributarias, subvencións, facilidades crediticas, etc. E delas cabería esperar que, no grao en que fosen tendo éxito, puidesen servir de acicate e mecanismo de emulación para outros concellos.

Hoxe ninguén nega teóricamente a profunda relación que existe entre calidade do medio ambiente e calidade de vida. Cada ano temos por exemplo máis pobos, vilas e cidades que se mostran orgullosos do recoñecemento oficial que obtiveron as súas praias polo limpas e coidadas que están. Oxalá non tardemos moito en ver que existen concellos que se emulan no esforzo por garantir os seus habitantes unhas paraxes "silenciosas", unhas rúas "silenciosas", uns barrios "silenciosos". Eses concellos poderán mostrarse orgullosos de contribuíren a crear espazos para unha nova "cultura do repouso", tan necesaria a lo menos como a cultura do traballo e a cultura da diversión.

Por outra parte, a mesma Lei Básica de Réximen Local prevé rexímenes xurídicos distintos para concellos que reúnan características especiais. Previsión que, se fose asumida e aproveitada a fondo tanto pola lei básica estatal coma pola tamén esperada lei autonómica sobre contaminación acústica, podería traducirse en toda unha serie de medidas incentivadoras (económicas e de toda orde) a prol dos concellos "silenciosos" ós que aquí nos referimos.

**IV.- CONCLUSIONES, RECOMENDACIONES,
SUGERENCIAS, PROPOSTAS NORMATIVAS.**

4.1. CONCLUSIÓNS XERAIS

1. UN PROBLEMA CRECENTE DA NOSA CIVILIZACIÓN

A contaminación acústica, causada polos ruídos ilexítimos, constitúe obxectivamente un problema crecente na nosa civilización; tamén en Galicia tende a aumentar. Con frecuencia, maniféstase como verdadeira agresión a dereitos dos cidadáns claramente protexidos pola nosa Constitución: o dereito á protección da saúde (art. 43), o dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado (art. 45), e ata o dereito á intimidade persoal e a inviolabilidade domiciliaria (art. 18).

2. ASINATURA BÁSICAMENTE PENDENTE

A tarefa de protexe-la tranquilidade e descanso dos cidadáns fronte ás agresións dos ruídos e a contaminación acústica constitúe aínda unha asinatura básicamente pendente por parte das Administracións públicas. É quizáis unha das áreas da política de medio ambiente na que máis queda por facer.

3. TAMÉN PARA O CONXUNTO DA SOCIEDADE

É tamén unha asinatura en boa parte pendente para o conxunto da nosa sociedade, que ten que ir aprendendo a articula-la súa convivencia cidadá compaxinando os diversos dereitos e deberes que están en xogo neste campo: dereitos e deberes duns cidadáns ó descanso; doutros á diversión nas áreas recreativas; e doutros á actividade industrial. Que con frecuencia non son "outros", senon os mesmos en horas e tempos diversos. Pois o cidadán que nos días laborais traballa nunha industria ou local emisor de ruídos, pode se-lo mesmo que noutras horas ou días necesita descansar ou precisa repouso especial por enfermidade.

4. RUÍDOS HABITUAIS E RUÍDOS ESPORÁDICOS

A conciencia cidadá de hoxe parece tolerar mellor os ruídos **habituais**, coma os procedentes do tráfico, ós percibidos como **necesarios ou dificilmente evitables** (producidos por ambulancias ou sirenas dos bombeiros, alarmas descontroladas e demáis). Pero móstrase moito máis sensible ós que teñen un carácter **esporádico**, os considerados como prescindibles ou con finalidade de lucro: emitidos en recintos feriais, locais de recreo ou esparcemento, así como en talleres e industrias instalados nos baixos de edificios habitados.

5. CRITERIOS XURISPRUDENCIAIS

Coincidindo con esta maior conciencia cidadá a preserva-la tranquilidade e o descanso, fóronse desenvolvendo tamén criterios xurisprudenciais (concretamente en diversas salas do Tribunal Supremo, e nalgúns pronunciamentos do Tribunal Constitucional) que, na loita contra a contaminación acústica, establecen a prevalencia da súa protección sobre a orde urbanística e o exercicio da actividade empresarial.

6. ATENCIÓN DOS COMISIONADOS PARLAMENTARIOS Ó PROBLEMA

Os Defensores del Pueblo, tanto estatal coma autonómicos, vimos prestando cada vez máis atención ós problemas da contaminación acústica. Sobre todo ó tramita-las queixas que acerca dos ruídos nos presentan os cidadáns, pero tamén abrindo queixas de oficio e emprendendo informes extraordinarios (como este mesmo) sobre a problemática dos ruídos.

7. UNANIMIDADE SOBRE A DEFICIENCIA NORMATIVA

Existe unha unanimidade bastante ampla en que a normativa hoxe existente sobre os ruídos non é suficientemente clara, nin bastante actualizada, nin establecida nun corpo coherente de doutrina que resulte fácil de manexar.

8. PERO A ADMINISTRACIÓN PODE E DEBE SER MÁIS EFICAZ

Non obstante, aínda contando con estas deficiencias normativas, a Administración pode e debe ser máis eficaz en aplica-las normas contra a contaminación sonora, se se o propón con enerxía e sentido da propia responsabilidade.

9. TRES CAMPOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN

Son tres fundamentalmente os campos desde os que a Administración debe afronta-lo problema da contaminación acústica: o da concienciación e educación ambiental dos cidadáns, o do urbanismo e o das actividades molestas.

10. SOBRE TODO NO ÁMBITO MUNICIPAL

Aínda tendo en conta que nos problemas derivados da contaminación acústica concorren competencias de varias Administracións públicas, os ruídos ilegítimos afectan directamente á vida cidadán e a loita contra eles debe abordarse sobre todo no ámbito municipal.

11. CARENCIA DE MEDIOS

Pero moitos concellos, sobre todo os pequenos, soen carecer dos medios técnicos e do personal especializado que se necesita para contrarrestar eficazmente a contaminación acústica.

Tampouco o Servicio Provincial do Medio Ambiente nin as Comisións Provinciais do Medio Ambiente son sempre o eficaces que sería de desexar en prestar asistencia técnica ós concellos que a necesitan.

12. EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL

Tal vez o primeiro que necesitan os poderes públicos en materia de contaminación acústica é tomar conciencia suficiente da importancia que esta ten para a saúde e calidade de vida dos cidadáns. Logo, divulgar estes coñecementos entre os cidadáns en xeral. Pois só unha sociedade con coñecementos suficientes sobre o tema estará disposta a apoiar economicamente (vía impostos, aceptando introduci-las necesarias medidas correctoras..., etc.) e electoralmente as medidas contra os ruídos, así coma cambia-los hábitos de comportamento que os producen.

Esta educación medioambiental dos cidadáns ten que comezar xa pola escola, e continuarse ó través dos medios de comunicación.

13. INDISPENSABLE SOLIDARIEDADE COLECTIVA

As medidas represoras contra o exceso de ruídos son moitas veces necesarias. Pero como nos advirte o artigo 45.2 da Constitución, unha verdadeira e eficaz protección do medio ambiente, só pode ser froito dunha conciencia e vontade sociais, baseada na indispensable solidariedade colectiva.

14. CLARIFICAR COMPETENCIAS E ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

A eficaz actuación dos diversos poderes públicos neste campo esixe, para comezar, que se clarifiquen suficientemente as competencias e ámbitos de actuación de cada un deles. Pois

actualmente existe unha excesiva compartimentación, solapamento e confusión de competencias entre organismos das diversas administracións públicas, que frecuentemente se traduce en inhibición e a non asunción de responsabilidades á hora de actuar contra a contaminación acústica.

15. AXILIZAR PROCEDEMENTOS

Parece clara a necesidade de unificar e axiliza-los procedementos de concesión de licencias de apertura de locais públicos e de recreo. Só así, evitando os excesivos atrasos e dilacións poderáse te-la autoridade necesaria para sancionar con rigor ós que se lanzan a abrir locais e desenvolver actividades ruidosas sen a preceptiva autorización administrativa.

16. ASIGNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE "USOS"

Unha axeitada técnica de asignación e distribución de "usos" constitúe o instrumento esencial para a prevención e limitación das molestias polos rúidos. O que debe ser á súa vez consecuencia dunha acertada política urbanística e de ordenación do territorio.

17. POTENCIA-LA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

É necesario potencia-la efectiva participación cidadá na tramitación dos expedientes de apertura, de forma que os seus puntos de vista poidan ser tidos en conta antes de concede-la licencia.

18. FUNCIÓN INSPECTORA E SANCIONADORA

Pero as responsabilidades das Administracións competentes non se esgotan coa concesión da licencia. Deben ser activas así mesmo na función inspectora e se é o caso sancionadora, para evitar que se incumpran as necesarias medidas de insonorización, se sobrepasen os límites previstos para os ruídos, se salten os horarios establecidos para o peche, etc.

19. SOBRE AS ÁREAS RESERVADAS PARA USOS RECREATIVOS

Ó planifica-la ordenación urbanística, as Administracións competentes veráanse obrigadas ás veces a optar entre reservar certas zonas exclusivamente para o uso residencial, desviando os demais usos urbanos -industrial, comercial, recreativo- cara outras zonas especializadas, ou ben seguir compatibilizando de forma selectiva o uso residencial cos outros.

Reservar áreas exclusivas para zonas de recreación e ocio, polígonos ou "zonas lúdicas", coa conseguinte concentración e tolerancia para a xeneración de ruídos, ó obxecto de aliviar ou liberar de ruídos outras zonas, é unha alternativa ata o de agora experimentada nalgúns sitios. Os resultados que coñecemos non son aínda tan definitivos como para facer unha

recomendación ó respecto en Galicia. O que sí recomendamos é coñecer esas experiencias, por se algún día se vise conveniente proba-las tamén aquí.

20. APRENDER A INTEGRAR DEREITOS E NECESIDADES DIFERENTES

Unha asimilación axeitada e humanista da civilización do ocio esixe sen dúbida aprender a integrar diversos dereitos e necesidades recoñecidos na nosa Constitución. Dereitos que van desde o da intimidade persoal e familiar (art.18) ata o do medio ambiente (art. 45), pasando polo dereito á propiedade privada (art. 33), á liberdade de empresa (art. 38) e o dereito á saúde (art. 43).

21. PODER ESIXIR ACTUACIÓN E INDEMNIZACIÓN

Autorizados tratadistas sobre o tema dos ruídos desde unha perspectiva xurídica consideran hoxe que unha acción eficaz fronte este problema só podería acadarse se se substituíse "o planeamento político, de accións administrativas puramente discrecionais, por un planeamento xurídico que recoñeza en qué casos concretos o particular pode esixir que a Administración actúe contra o ruído". Aínda máis, que poida esixir da Administración tanto estas medidas eficaces de protección fronte ó ruído coma, no seu defecto, "unha indemnización para a toma de medidas de insonorización" pola parte do propio cidadán.

(Vid., por exemplo, "Tratamento xurídico acerca do ruído dos transportes", por Santiago González-Varas Ibáñez, na Revista de Derecho Ambiental, nº 11, páx. 17).

4.2. SUXERENCIAS

1. DECLARACIÓN DE ZONA "SATURADA"

Considera-la conveniencia de declarar certas zonas (rúas, polígonos, barrios...) como sobresaturadas de locais de ocio e diversión. E, como consecuencia deso, ó obxecto de recuperar nestas zonas "saturadas" ou espacios sociais "especialmente sensibles" unha maior normalidade, diminuíndo progresivamente a concentración de focos ruidosos, tomar medidas como as seguintes:

a) Suspende-la concesión de novas licencias para abrir locais emisores de ruídos.

b) Aproveita-los cambios de titularidade (por vendas, traspasos, herdanza,...) deste tipo de establecementos para esixir medidas correctoras dos ruídos especialmente estrictas. Por exemplo:

- Instalación de dobre porta no vestíbulo de entrada, para illa-los ruídos na fachada.

- Instalar un equipo limitador de sonido axustable e precintable, con relé de corte automático de alimentación eléctrica se se sobrepasan os niveis sonoros autorizados.

- Esixir regulación dos sistemas sonoros de alarmas; así como certificado técnico de que se están cumprindo na práctica as condicións de illamento acústico vixentes.

- Impoñe-la obrigatoriedade de que o establecemento funcione coas portas e fiestras pechadas, ó obxecto de limita-la emisión dos ruídos ó exterior.

- Vixiar especialmente nesas zonas o comportamento dos cidadáns, prohibindo a formación de grupos ruidosos.

- Prohibi-la subministración e venda de bebidas alcohólicas para o seu consumo na rúa pública, considerando como "cooperador necesario" a efectos sancionadores ó empresario que, coa súa venda, contribúe a desordes e exceso de ruídos no exterior do establecemento. Sobre todo o que expendan estas bebidas alcohólicas ós menores de 16 anos, pese a estar expresamente prohibido.

- Levar un control especialmente riguroso sobre o cumprimento do horario de peche establecido para os locais de ocio e diversión.

2. TRATAMENTO DIFERENCIADO

Que se estudie a necesidade de dar un tratamento diferenciado ó domicilio propiamente dito e ó local empresarial ou de negocios, cando se trata de executar unha resolución de peche ou clausura polas molestias graves causadas ós veciños. Sobre todo se se trata de edificios físicamente diferentes, sen entrada común e demáis.

Pois non se ve claro por qué o traballo empresarial, comercial ou de negocios deba gozar do mesmo grao de intimidade e inviolabilidade que ó artigo 18 da nosa Constitución preserva para o recinto da vida privada, residenciada sobre todo na propia vivenda. Máxime cando tal grao de protección ideal leva consigo a prolongación das molestias sonoras a veciños, quebrantando o seu dereito á saúde e ó medio ambiente adecuado.

E se se ha de interpretar que o dereito á intimidade individual e inviolabilidade domiciliar dos veciños é agredida tamén pola intromisión indebida das emisións sonoras, mal

pode compaxinarse na práctica esta interpretación coa extensión do concepto de inviolabilidade domiciliaria precisamente ós locais onde se xenera esa contaminación acústica.

3. NON OFRECER "SUBTERFUXIOS"

Ó mellor conviría que o organismo competente dictase unha instrucción ós diferentes servicios para que nos expedientes por infraccións imponían preferentemente sancións que non impliquen a entrada no domicilio ou local xerador dos ruídos, co fin de non ofrecer ó titular infractor excesivos subterfuxios á hora de dilata-lo cumprimento da sanción.

Neste sentido, sancionar con multas reiteradas e proceder o seu cobro inmediato, cando se trate de infractores reincidentes ou obstinados, pode ó mellor resultar máis efectivo que acorda-lo expediente de peche.

4.3. RECOMENDACIÓNS

1. PRINCIPIOS DE COORDINACIÓN E EFICACIA ADMINISTRATIVA

As Administracións públicas competentes na materia de contaminación acústica deben facer un esforzo especial para actuar neste campo segundo os principios de coordinación e eficacia administrativa, previstos na Constitución (art. 103.1) e na Lei de Bases de Réxime Local (art. 6.1).

A autonomía que a mesma Constitución (art. 137) reconece ós diversos niveis dos poderes públicos non debe ser obstáculo para que estes principios de coordinación e eficacia en materia de loita contra o exceso de ruídos informen as relacións intermunicipais, así como as dos servicios municipais coa Xunta de Galicia e coa Administración central do Estado. Esta obriga de "cooperación e asistencia activas" entre unhas Administracións e outras en servicio dos cidadáns vén imposta tamén pola Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo (art. 4.1.d.).

2. TOMA-LA INICIATIVA

É imprescindible que as Administracións públicas -sobre todo os concellos-, pasen a toma-la iniciativa con políticas moito máis activas e preventivas fronte á contaminación acústica e os ruídos, sen esperar demasiado a que sexan os cidadáns afectados quen os importunen coas súas denuncias.

3. MOITO MELLOR PREVIR

Como sucede noutros campos -a seguridade cidadán, a saúde en xeral, os mesmos incendios forestais- tamén en materia da contaminación acústica a prevención pode resultar moito máis eficaz ca ir logo a remolque das demandas e denuncias dos cidadáns.

4. EMPEZANDO POLA DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Que ó proxectar unha obra pública se procure face-la declaración de impacto ambiental ó principio do proceso, mentras son posibles as diversas alternativas. Pois se se espera ó final, cando a opción xa se tomou, a eficacia da declaración de impacto pode quedar moi reducida.

5. SER MÁIS ESIXENTES PARA A CONCESIÓN DA LICENCIA

Prevenición que ten que comezar por ser suficientemente esixente en non conceder licencias de apertura ós locais que non reúnan as condicións suficientes de insonorización e demais; de que se se concedeu licencia de forma provisional, esta provisionalidade non supere de ningunha maneira os seis meses previstos na lei; que nunca se concedan tantas licencias para unha mesma zona, que esta resulte sobresaaturada pola acumulación de rúidos. E que se se foi tolerando que se producise tal concentración de locais ruidosos, ó tomar conciencia diso se proceda á declaración oficial de "zona sobresaaturada" e tomar con enerxía as medidas necesarias para volver a restaurar aquela zona como compatible co uso normal habitacional.

6. DOTARSE DOS MEDIOS NECESARIOS

É necesario cos Concellos se doten dos medios técnicos e persoais necesarios, así como de Ordenanzas, para poder combater con eficacia a contaminación acústica. E que se un Concello non pode telos propios, saiba a instancia supramunicipal a onde pode pedirlos: Mancomunidade de Concellos, Comisión ou Delegación do Medio Ambiente, Consellería correspondente ...

7. FORMAR Ó PERSOAL TÉCNICO

É igualmente necesario formar ben ó persoal técnico para que poida cumprir co seu deber neste campo: apareladores municipais, técnicos, policía municipais, secretarios responsables de advertir sobre legalidade.

8. RESPONSABILIZALO DO LABOR INSPECTOR

Debería procederse igualmente a responsabilizar a este persoal para que efectúe de forma habitual os seus labores de inspección, información e denuncia, tanto respecto dos locais que funcionan coa licencia coma dos que tivesen comezado as súas actividades sen licencia municipal. Non esperar a recibirlas denuncias dos cidadáns para envialos a comprobalas. E responsabilizar a eses funcionarios no caso de negligencia contrastada.

9. MAPAS SONOROS

Recoméndase ós Concellos, sobre todo ós que teñen maior volume de poboación, que na fase de información previa á elaboración dos seus plans de urbanismo, recollan a información

suficiente sobre os niveis de contaminación acústica nos diversos momentos e puntos da cidade, de forma que poidan contar con verdadeiros mapas sonoros por zonas.

10. DESDE O DESEÑO DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA

Co fin de diminuí-la contaminación sonora da cidade, o deseño da ordenación urbanística debe incidir de maneira especial nos seguintes puntos:

- Lograr unha correcta ordeación das vías urbanas. Para isto, será dabondo ás veces efectuar unha reordenación das vías preferentes, ou crear pantallas sonoras nas zonas da cidade que sexa posible.

- Establecer unha ubicación idónea das distintas categorías de usos urbanos (habitacional, comercial, recreativo...) de maneira que non resulten excesivamente incompatibles entre si. As ordeanzas municipais deberán establece-los niveis acústicos máximos permitidos en cada unha delas.

- Ás veces será convente crear zonas de ocio alternativas para establecementos públicos alí onde os impactos negativos polos rúidos poidan ser menores. Sen embargo, a tendencia debe ser a asegura-la suficiente dispersión e separación destes establecementos de ocio, co fin de evita-la escesiva concentración de centros emisores de ruído. Se fose necesario, poderían impoñerse certas distancias para autoriza-la apertura de novos establecementos.

11. SOBRE OS HORARIOS DE PECHE

En principio parece desexable que o horario de peche para locais de recreación e ocio fose uniforme para as catro provincias galegas.

Sen embargo, esta uniformidade é máis necesaria cando se trata de concellos dunha mesma bisbarra e nas épocas de vacacións ou de forte afluencia turística. Só así se podería evitar o que se chama "rotas escalonadas", polas que os xovenes se van en busca duns locais cando os outros pecharon. Pois isto, ademáis do incremento de manifestacións ruídasas, é causa con frecuencia de accidentes automovilísticos ("rotas da morte") ó conducir con falta de descanso e exceso de alcohol.

12. DIALOGADO, PERO PARA FACELO CUMPRIR

É moi conveniente que a fixación deste horario de peche veña precedida dun diálogo aberto e sincero cos empresarios do ramo, as agrupacións de xoves, os representantes das corporacións municipais e os gobernadores civís ou subdelegados do Goberno, a Administración sanitaria e as organizacións da terceira idade. Aínda que tamén resulta imprescindible que, unha vez acordado o horario, se faga cumprir con seriedade.

13. SOBRE A VENDA DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS

Boa parte do exceso de ruídos que perturba o descanso nocturno son producidos polos grupos de xoves ó entraren ou sairen dos locais de ocio e diversión. A inesperiencia, a súa inclinación natural a comunicarse en voz alta, os excesos no consumo de alcohol, a tendencia a facerse notar no arranque de vehículos motorizados son outros tantos factores xeradores de

ruído. De aí que, para controla-los excesos ruidosos a medida máis eficaz é evitar todo aquilo que poida levar a estes mozos a perde-lo seu propio autocontrol.

Por iso, unha normativa sobre ruídos debería combina-las medidas de educación sanitaria sobre os efectos nocivos do alcohol e a concienciación social ó respecto debido ó descanso dos demais, como as medidas sancionadoras tanto polo exceso de ruídos dentro dos locais como pola venda e inducción ó consumo de bebidas alcohólicas por parte dos menores. Teríamos que considerar tamén a conveniencia de elevar dos actuais 16 anos ata os 18 o límite de idade para a venda e subministración de bebidas alcohólicas.

Esta prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores debería extenderse tamén a supermercados, almacéns de alimentación, tendas minoristas, máquinas automáticas e demais.

Deberían establecerse así mesmo limitacións legais á publicidade de bebidas alcohólicas.

14. SOBRE EXPERIENCIAS PILOTO

Ós concellos que se atopan máis sensibilizados ante os problemas da contaminación acústica, recomendámoslle vivamente que, alo menos algúns, se animen a emprender experiencias piloto para contribuir a ir desenvolvendo unha "cultura do repouso" e o silencio, a teor do que dixemos no epígrafe 3.4 deste informe.

Experiencias piloto que poderían estar tanto relacionadas coa ubicación dos locais de ocio ou os polígonos industriais, coma coa diminución substancial do ruído xerado polos medios e vías de transporte. E que deberían abarcar desde a educación cidadán ata a regulación nas ordenanzas municipais, pasando po-los incentivos fiscais e outras.

Dúas características do que chamamos modernidade son o desenvolver unha cultura do traballo e o aforro, e poñer ó alcance de moitos a civilización do ocio. Agora trátase, como complemento imprescindible para a verdadeira calidade de vida, de recuperar ou crear de novo a cultura do repouso e o silencio. Pois sen posibilidade suficientes de repouso e contemplación silenciosa, difícilmente o home se atopa a si mesmo nin se pode dicir, con rigor, que sexa un home culto.

4.4 BALEIROS LEGAIS QUE É NECESARIO CUBRIR

1. NORMATIVA BÁSICA SOBRE RUÍDOS

No aspecto normativo, é necesario como mínimo actualiza-la normativa procedimental, prevista no Regulamento de Actividade Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP).

Pero consideramos un deber ratificar de novo aquí o que, xa haí dous anos, subscribimos unánimemente cos demais Comisionados Parlamentarios como conclusión das IX Jornadas de Defensores del Pueblo celebradas en Alicante. Reproducimos aquí os seus parágrafos máis significativos:

"Los Defensores del Pueblo consideramos que es precisa y urgente una regulación específica de la problemática del ruido, desarrollando mediante Ley el derecho que a los ciudadanos corresponde a vivir sin sufrir agresiones sonoras". Esta Ley deberá "positivar, como efectivo derecho subjetivo de los ciudadanos, el de exigir el silencio y la tranquilidad que les corresponde". Vendría a ser una verdadera ley marco, en que se clasificasen las potestades y competencias de "los distintos poderes públicos, desde el ejercicio de la potestad legislativa y reglamentaría por el Estado y las Comunidades hasta el desarrollo mediante ordenanza municipal".

2. NORMATIVA PROPIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Como xa o fixeron outras comunidades autónomas, parece así mesmo imprescindible que a Comunidade Autónoma galega non demore máis ó dotarse dunha normativa propia dentro do que son as súas competencias en materia de contaminación acústica. Esta lei autonómica deberá clarifica-lo réxime xurídico aplicable en cada caso, superando así a necesidade na que se ven con frecuencia as autoridades locais de recorrer a interpretacións xurisprudenciais, sempre máis lentas e custosas.

3. ELABORACIÓN DUNHA "ORDENANZA TIPO"

Recoméndase a elaboración dun modelo de Ordenanza Municipal sobre ruídos, que poida servir de marco normativo tanto ós concellos que non teñen Ordenanza propia na materia como a aqueles que queiran elaborala.

A elaboración deste modelo de Ordenanza Municipal podería xurdir da colaboración entre a Subdirección Xeral de Protección Ambiental (da Secretaría Xeral para Protección Civil e Medio Ambiente, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia) e a organización na que se encadran os concellos e diputacións galegas (FEGAMP).

O obxecto deste instrumento xurídico sería establecer unha regulación-marco específica para as emisións sonoras.

ÍNDICE XERAL

Páxina

PRESENTACIÓN.....	1
CAPÍTULO I. APROXIMACIÓN Ó PROBLEMA DOS RUÍDOS DESDE A INVESTIGACIÓN ACTUAL E A REALIDADE SOCIAL	4
1.1. Os ruídos, tema recorrente entre as queixas que os cidadáns nos dirixen.....	5
1.1.1. Pero tema aínda non suficientemente investigado.....	8
1.1.2. Qué entendemos aquí por ruído ambiental	8
1.1.3. Como problema da nosa civilización.....	10
1.1.4. Factor de contaminación ambiental.....	13
1.1.5. Efectos negativos do ruído sobre a saúde	14
1.1.5.1. Sobre o oído	15
1.1.5.2. Sobre outras partes do organismo	16
1.1.5.3. Efectos sobre o sono	17
1.1.5.4. Efectos sobre a saúde mental.....	18
1.1.5.5. Outros efectos patoxénicos previsibles	20
1.1.6. Delimitación dos ruídos como obxecto deste informe	21
1.2. Os ruídos como problema social en Galicia.....	24
1.2.1. Galicia en canto comunidade ruidosa	25
1.2.2. Pobo tradicionalmente consumidor de alcohol	27
1.2.3. Galicia e a civilización do ocio	29
1.2.4. Cultura da transgresión.....	30
1.2.5. Instalados e perxudicados	32
1.2.6. Un problema de toda a sociedade	33
1.2.7. Do que aínda non somos suficientemente conscientes.....	36
1.2.8. Que afecta a dereitos e intereses moi difíciles de compaxinar.....	38
1.2.9. Pero que hai unha parte débil, necesitada de especial protección.....	38
1.2.10. É imprescindible un enfoque integral	39
1.2.11. Problema cada vez máis presente na prensa diaria	40
1.3. O seu reflexo nas queixas que se presentan ó Valedor do Pobo	47
1.3.1. As queixas sobre ruídos, como termómetro do espertar social	48
1.3.2. Descrición dalgunhas das queixas máis significativas.....	49
- Q/30/1990. Aproveitarse dos cambios nos equipos municipais.....	49
- Q/175/90. Exemplo de desconcerto e "peloteo" administrativo	52

- Q/189/90. Lentitude, ineficacia, impotencia.....	54
- Q/259/90. Vivenda falta de todo illamento acústico nunha rúa de intenso tráfico.....	55

Páxina

- Q/19/91. Denuncias aparentemente esaxeradas	57
- Q/88/91. Cando detrás da queixa pode haber outras motivacións	59
- Q/117/91. Cando quen contamina é a propia Administración.....	60
- Q/587/91. Defensa cando menos inoportuna	61
- B.2.Q/433/92. Un exemplo de tenaz entorpecemento por parte da Administración.....	63
- C.4.Q/422/93. O que é absolutamente inaceptable	65
- C.4.Q/669/93. Cando non basta con medi-los decibelios.....	67
- C.4.Q/718/93. Exemplo de proceder inadecuado e ilegal.....	68
- C.4.Q/216 e 1116/94. Problema multiplicado pola concentración de locais de ocio nunha mesma zona	70
1.3.3. Outras queixas e aspectos sobre ruídos	76
a) Dificultades case insuperables para comproba-los niveis de ruídos	77
b) Locais que abren cando os demais cerran.....	77
c) Circunstancias moi específicas.....	78
d) Panaderías, pulperías, supermercados.....	79
e) Reclamos chamativos.....	79
f) “Recorren sistemáticamente”.....	80
1.3.4. Asociación contra dos ruídos	82
1.3.5. Total anarquía práctica en canto ós horarios de peche.....	88

CAPÍTULO II. PERSPECTIVA XURÍDICA E POSIBILIDADES DE ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA

90

2.1. Ordenamento xurídico e defensa fronte ós ruídos.....	91
2.2. Tratamento constitucional do ruído	92
2.3. No dereito internacional.....	95
2.3.1. Convenios da OIT	95
2.3.2. Normativa da Unión Europea.....	96
2.4. Normativa española de ámbito estatal.....	97
2.4.1. Normas sectoriais	98

2.4.2. Na Lei de Seguridade Cidadán	99
2.4.3. Conclusión das IX Jornadas de Defensores del Pueblo	102
2.4.4. Conceptos que conviría incorporase a nosa lei básica	103
2.4.5. Tipificados no novo Código Penal.....	103
	Páxina
2.5. A comunidade autónoma galega na protección contra o ruído.....	104
2.5.1. Distribución de competencias	104
2.5.1.1. En materia de medio ambiente.....	104
2.5.1.2. En materia de sanidade	105
2.5.1.3. En canto ás chamadas “actividades clasificadas”.....	106
2.5.1.4. En materia de urbanismo e ordenación do territorio	107
2.5.2. Desenvolvemento normativo nas Comunidades Autónomas.....	108
2.5.2.1. Desenrolo normativo en Galicia a nivel autonómico.....	109
2.5.2.2. Características e contido que debería te-la lei autonómica sobre ruidos.....	111
2.6. Os Concellos e a protección contra dos ruidos	115
2.6.1. Competencias legais.....	115
2.6.2. Posibilidades efectivas de actuación municipal de Galicia.....	117
2.6.2.1. Municipios urbanos e municipios rurais	117
2.6.2.2. Actuación sobre todo dos Concellos urbanos.....	118
2.6.3. Incidencia da ordenación urbanística sobre do ruído	120
2.6.4. Equipamento dos municipios galegos fronte á contaminación acústica	123
2.6.5. Necesidade dunha “ordenanza tipo”	124
2.6.5.1. Aspectos que debería recoller.....	126
2.7. Tratamento xurisprudencial da contaminación acústica	130
2.7.1. Para autorización de ingreso no domicilio e locais asimilados.....	131
2.7.1.1. Novas dilacións e mermas de eficacia.....	132
2.7.2. A traveso das sentencias	133
2.7.2.1. Dúas resolucións xudiciais referentes a Galicia	133
A) Sentencia sobre o “caso Oleiros”.....	134
B) Sobre suspensión de licencia para unha discoteca en Betanzos.....	135
2.7.3. Outras resolucións do Tribunal Supremo	137
A) Sobre da clausura de establecementos públicos que incumpren a	

normativa sobre ruídos.....	138
B) Sobre a apertura de establecementos públicos sen verificar se reúnen as condicións necesarias.....	140
C) Multas consecutivas e retirada temporal de licencia.....	141
D) Prazo suficiente para poder cumprilas medidas impostas	142
E) Sobre o peche cautelar dun local por venda de bebidas para o consumo na vía pública	143

Páxina

2.7.4. O Tribunal Constitucional.....	145
2.7.5. Tribunais Superiores das Comunidades Autónomas	146
2.7.6. Dúas conclusións sobre o tratamento xurisprudencial	148

CAPÍTULO III. REFERENCIA ESPECÍFICA Á PROTECCIÓN CONTRA O RUÍDO PRODUCIDO POLOS TRANSPORTES

150

3. A protección contra o ruído producido polos transportes.....	151
3.1. Xeradores dos ruídos.....	153
3.2. Medidas tomadas, sobre todo na Unión Europea, para contrarrestar os ruídos.....	154
3.2.1. Medidas para reducir os ruídos nas fontes que os xeran.....	156
3.2.2. Outras medidas, tomadas sobre todo polos países máis preparados e esixentes	158
a) Medidas sobre os vehículos e a xestión do tráfico vial.....	159
b) Na construción e reestruturación das vías	161
3.2.3. Tamén nos puntos de inmisión dos ruídos	163
a) No Dereito alemán	163
b) No Dereito suízo	165
3.2.4. Especificamente contra dos ruídos producidos polos avións	167
3.3. En qué medida poden valer para o noso país	169
3.3.1. Forza vinculante das Directivas comunitarias.....	171
3.3.2. O Tratado de Maastricht como fito	171
3.3.3. Para Galicia máis en concreto.....	173
3.4. Pioneiros da cultura do repouso	175

CAPÍTULO IV. CONCLUSIÓNS, RECOMENDACIÓNS, SUXERENCIAS,

PROPOSTAS NORMATIVAS	178
4.1. Conclusións xerais	179
1.- Un problema crecente da nosa civilización	179
2.- Asinatura básicamente pendente	179
3.- Tamén para o conxunto da sociedade.....	179
4.- Ruídos habituais e ruídos esporádicos.....	180
5.- Criterios xurisprudenciais.....	180
6.- Atención dos comisionados parlamentarios ó problema	180
	Páxina
7.- Unanimidade sobre a deficiencia normativa	181
8.- Pero a administración pode e debe ser máis eficaz	181
9.- Tres campos básicos de actuación.....	181
10.- Sobre todo no ámbito municipal	181
11.- Carencia de medios.....	182
12.- Educación medioambiental	182
13.- Indispensable solidariedade colectiva.....	182
14.- Clarificar competencias e ámbitos de actuación.....	183
15.- Axilizar procedementos	183
16.- Asignación e distribución de “usos”.....	183
17.- Potencia-la participación cidadá	184
18.- Función inspectora e sancionadora	184
19.- Sobre as áreas reservadas para usos recreativos.....	184
20.- Aprender a integrar dereitos e necesidades diferentes.....	185
21.- Poder esixir actuación e indemnización.....	185
4.2. Suxerencias	186
1.- Declaración de zona “saturada”	186
2.- Tratamento diferenciado.....	187
3.- Non ofrecer “subterfuxios”	188
4.3. Recomendacións.....	189
1.- Principios de coordinación e eficacia administrativa	189
2.- Toma-la iniciativa	189
3.- Moito mellor previr	190
4.- Empezando pola declaración de impacto ambiental.....	190
5.- Ser máis esixentes para a concesión da licencia	190
6.- Dotarse dos medios necesarios.....	191
7.- Formar ó persoal técnico.....	191

8.- Responsabilizalo do labor inspector	191
9.- Mapas sonoros	191
10.- Desde o deseño da ordenación urbanística.....	192
11.- Sobre os horarios de peche	193
12.- Dialogado, pero para facelo cumprir	193
13.- Sobre venta de bebidas alcohólicas	193
14.- Sobre experiencias piloto	194
4.4. Baleiros legais que é necesario cubrir.....	196
1.- Normativa básica sobre ruídos	196
2.- Normativa propia da comunidade autónoma	197
3.- Elaboración dunha “ordenanza tipo”	197